



**«ADESORA: As Mulleres Alén das Alcobas»,
un podcast divulgativo a respecto da vida e
mais do poder das mulleres galegas na
Baixa Idade Media**

Traballo de Fin de Grao

Realizado por Iria Ramos Mesía

Titorizado por José Sixto García

Facultade de Ciencias da Comunicación

Grao en Xornalismo

Curso 2023-2024

*Á familia, por me faceren posible estudar;
ás amighas, por estaren sempre d'arredor;
a todo con quen me crucei na facultade
e mais nas rúas de Compostela;*

*e tamén a min mesma, por mirar de me converter
naquilo ó que xogaba a ser de pequena.*

Agradecementos

Hai veces que nos custa moito, ás persoas, valorar o que temos arredor de nós mesmas. Adoitamos somerxernos nos anhelos do que non temos, do que nos falta ou do que esperamos posuír algún día. E, en todos eses suspiros, con frecuencia, perdemos de vista o que xa temos nas mans: o que temos connosco agora mesmo. Confeso que acotío véxome inmersa nesa restra de pensamentos, malia que, de cando en vez, si son quen de apreciar as figuras de quen me arrodea.

Este traballo non existiría sen o inmenso amor que me dan a diario os membros da miña familia e mailas miñas amizades. Para elas e eles é toda a miña gratitude e todo o amor que lles poida dar de volta. Quero mencionar en especial, neste contexto, a Uxía, a Gabriela e a Brais, que me colleron da man no meu segundo comezo en Santiago e xa nunca ma ceibaron. Tamén a Leila e a Carlota, por viviren comigo este ano tolo en tantos aspectos e que sempre lembrarei, a respecto delas, por teren chegado e ficado na miña vida. Pero, se a alguén teño que mencionar en especial é a Paula, que nunca dubida en deixar o que fai para lle botar unha man no que faga falta a quen quere –e neste traballo, en canto lle pedín auxilio, así o fixo–; e, por suposto, a Xoel, que está sempre ó carón e que tan rápido coma Paula buliu a axudarme en todo o que puido para a realización do proxecto.

Xoel, Paula, Carlota, Leila, Brais, Gabriela e Uxía. Sete nomes que, canda tantos outros, coma Fran ou Malena, van ficar na miña memoria a carón da imaxe do fogar que me resultou Compostela. E, dende logo, como o groso das persoas que me ensinaron o que é a amizade.

Non podo esquecer tampouco a tódalas nenas do Faiado, unha aventura que comezou xa hai dous anos e que tantas alegrías e aprendizaxes me trouxo. Nunca serei quen de dar grazas dabondo por facer parte del. Quero expresar de igual xeito o meu agradecemento á xente da Facom, tanto a compañeiros e compañeiras de clase como a docentes e ó resto de persoal. E, en especial, a Reyes e a Manolo, que tanto nos axudaron sempre fóra de clase.

Lonxe das aulas, coñecín o xornalismo canda o equipo de La Voz de Santiago, namorei das ondas na Radio Galega e casei con elas en Radio Galicia. De tódalas persoas coas que traballei nestes tres medios, desexo agradecerlle a Rosa as súas pacientes ensinanzas, a Luis aquela charla á tardiña despois do boleto e mais ós compañeiros da SER que, nalgúns dos casos, xa semellan amigos. O meu máis profundo agradecemento a Montse, Toni e Elías, por me axudaren nas gravacións, e a Lu, por me botar un cable co volume na edición; a Salgado, por ser a miña Teresa de Zúñiga; a Ainhoa e a Chus, polos incesantes ánimos; a Ricardo, por me deixar gravar nas instalacións e darme tódalas facilidades e, sobre todo, a Caínzos, a Capelo e, especialmente, a Fer, por me aturaren fóra de min nas tardes destes últimos meses.

Outro tanto de agradecemento vai para as amigas que emprestaron as súas voces para revivir as señoras que falan con voz propia. Para Lorena, que coñece e recoñece a miña eu dos 14 anos; para Laura, porque hai cousas que non se

esquecen; a Antía, por ser o meu descubrimento do 2023 e a Carlota, de novo, por ser perfecta.

Grazas tamén a Maior, a Urraca, a Teresa e mais a Inés por seren fortes, decididas e implacables como foron tantas outras mulleres ó longo da historia e como foron tantas outras que ficaron esquecidas nas gadoupas do tempo. Tamén lles dou as grazas por seren malas, boas, complexas e inconmensurables, igual que somos, en certo xeito, tódolos seres humanos. Só se trata dunha cuestión de perspectiva.

A María non poido agradecerlle nada, porque ela nunca existiu. Inventeina eu. E fíxeno por tódalas Marías que viviron baixo o xugo das que foron Maior, Urraca, Teresa e Inés; por tódalas mulleres que subsistiron entre o pobo, na base da pirámide e no primeiro elo da cadea, e que sostiveron a historia da humanidade tal e como a coñecemos.

E, por último, grazas a meus pais, a miña madriña, a miña avoa e a meus tíos por estaren, por estaren sempre, pese a todo e contra todo. Grazas tamén a quen estivo e tivo que marchar, e incluso a quen camiñou canda min polo campeiro en inverno coas catro patiñas molladas.

«ADESORA: As Mulleres Alén das Alcobas»,
un podcast divulgativo sobre a vida e mailo poder das
mulleres galegas na Baixa Idade Media

«ADESORA: Las Mujeres Más Allá de las Alcobas»,
un podcast divulgativo sobre la vida y el poder de las
mujeres gallegas en la Baja Edad Media

«ADESORA: Women Beyond the Bedchambers»,
an educational podcast on life and power of Galician
women from Late Middle Ages

RESUMO

A produción e mailo consumo de podcasts viñeron aumentando de xeito exponencial nos últimos anos. Proliferan, especialmente, os que se centran en temáticas especializadas e os que artellan o seu contido arredor das técnicas de conversa, de exposición documental ou do *storytelling*. Este tipo de produtos goza dun especial éxito entre mocidade, a denominada Xeración Z. Entrementres, no eido da investigación histórica, estase a experimentar un incremento dos enfoques con perspectiva de xénero. No caso do estudo da Historia de Galicia, destaca o labor dunha serie de expertos que incorporan esta tendencia nos seus traballos a respecto do período medieval. Unidas estas dúas realidades en auxe, propónse un podcast divulgativo dirixido á Xeración Z que achegue unha aproximación ás convencións sociais e á vida cotiá das mulleres dos tres estamentos sociais da Galicia medieval a través da selección de cinco perfís femininos e mais dun relato adaptado das súas biografías.

PALABRAS CHAVE: Podcast, historia medieval, Galicia, mulleres, xeración Z.

RESUMEN

La producción y el consumo de podcasts han venido aumentando de forma exponencial en los últimos años. Proliferan, especialmente, los que se centran en temáticas especializadas y los que desarrollan su contenido con técnicas de conversación, de exposición documental o de *storytelling*. Este tipo de productos goza de un especial éxito entre la juventud, la denominada Generación Z. Mientras, en el ámbito de la investigación histórica, se está experimentando un incremento de los enfoques con perspectiva de género. En el caso del estudio de la Historia de Galicia, destaca la labor de una serie de expertos que incorporan esta tendencia en sus trabajos con relación al periodo medieval. Unidas estas dos realidades en auge, se propone un podcast divulgativo dirigido a la Generación Z que aporte una aproximación a las convenciones sociales y a la vida cotidiana de las mujeres de los tres estamentos sociales de la Galicia medieval a través de la selección de cinco perfiles femeninos y de un relato adaptado de sus biografías.

PALABRAS CLAVE: Pódcast, historia medieval, Galicia, mujeres, generación Z.

ABSTRACT

Podcast production and consumption have been exponentially rising for the past few years. Particularly, the ones centred on specialised topics, along with others whose content is developed through conversational techniques, documental explanation, or storytelling. This kind of product is well successful among young people—those called Generation Z. Meanwhile, history research is experiencing an increase in gender perspective investigations. In Galician history studies, a group of experts' work stands out as they add this trend to their Middle Ages-focused projects. Given these two outlooks and both reaching their peaks, the present work proposes an educational podcast addressed to the Generation Z members that provides an approximation to the social conventions and daily lives of women from mediaeval Galicia in all three social estates, all through a five-profile selection and an adapted account of their biographies.

KEY WORDS: Podcast, medieval history, Galicia, women, generation Z.

ÍNDICE

1. Introducción.....	11
2. Marco teórico.....	12
2.1. O podcast.....	12
2.1.1. Definición.....	12
2.1.2. Evolución histórica.....	13
2.1.3. Tipoloxías.....	14
2.1.4. Consumo: datos e perfil da audiencias.....	15
2.1.5. Características.....	19
2.2. Divulgación.....	19
2.2.1. Definición.....	19
2.2.2. Características.....	20
2.2.3. O podcast como ferramenta de divulgación.....	20
2.2.4. Notas sobre a divulgación e o xornalismo.....	21
2.3. Narración e proximidade nos formatos de son.....	21
2.3.1. Elementos sonoros.....	21
2.3.2. <i>Storytelling</i>	23
2.3.3. Ficción sonora.....	24
2.4. A entrevista.....	25
2.4.1. Definición.....	25
2.4.2. O modelo <i>talk show</i>	25
2.5. Contar para a xente nova.....	26
2.5.1. Definición da Xeración Z	26
2.5.2. Captar a atención da Xeneración Z.....	27
3. Definición do proxecto.....	29
3.1. Aproximación conceptual e sinopse.....	29
3.2. Idea inicial.....	30
3.3. Escolla do formato.....	30
3.4. O tema.....	31
3.5. Os Soutomaioir e os Lannister.....	31
3.6. De investigar a desenvolver o proxecto.....	32
3.7. As escollidas.....	34
3.8. Alén das entrevistas.....	34
3.9. Concepto.....	35
3.9.1. Escolla das locutoras.....	35
4. Memoria de actividades.....	37
4.1. Primeira fase: preproducción (de novembro do 2023 ata abril do 2024).....	37
4.1.1. Achegamento á cuestión (novembro e decembro do 2023)	37
4.1.2. Desenvolvemento da idea (xaneiro, febreiro e marzo do 2024)	37
4.1.3. Documentación e estrutura.....	40

4.1.4. Planificación temporal.....	41
4.2. Segunda fase: produción (abril, maio, xuño e xullo do 2024)	42
4.2.1. Saídas para as entrevistas de rúa.....	42
4.2.2. Entrevistas.....	43
4.2.3. Introducións.....	44
4.2.4. Guións e gravacións finais.....	44
4.2.5. Música e efectos de sonv.....	44
4.2.6. Imaxe visual e corporativa.....	45
4.3. Terceira fase: posprodución (xullo do 2024 e en diante).....	47
4.3.1. Edición e montaxe.....	47
4.3.2. Redacción da parte escrita.....	47
4.3.3. O porvir: posibilidades futuras do proxecto.....	48
5. Conclusións e leccións de aprendizaxe.....	52
6. Referencias bibliográficas.....	53
7. Anexos.....	59

1. Introducción: xustificación e obxectivos

Nos últimos anos, o formato do podcast experimentou unha forte auxe en canto a produción e a consumo. Dentro dos produtos comunicativos que se enmarcan nesta tipoloxía, destacan os de temáticas especializadas e de divulgación, así como os de conversa, documentais e de *storytelling* (Novoa-Jaso, 2024). Por outra banda, a perspectiva de xénero vén aparecendo cada vez máis na produción científica arredor da investigación histórica, e tal fenómeno non escapa ó traballo dos académicos galegos. E aínda menos no eido da historia medieval de Galicia.

Así as cousas, semella consecuente o desenvolvemento dunha iniciativa que xunte ámbalas dúas realidades, na forma dun produto de divulgación. Con ánimo de chegar ó meirande número de oíntes posible, o formato fica orientado cara a Xeración Z –coa obriga, por suposto, de se adaptar ós códigos desta sección de consumidores (Fernández-Quijada, 2021; Mars, 2021; Pedrero-Esteban, 2021)– atendendo ó grande éxito de escoitas de podcasts divulgativos nesta franxa de audiencia.

O presente traballo conta, dende a súa concepción, cos seguintes obxectivos:

1. Achegar unha aproximación da realidade material, das convencións sociais e mais da vida cotiá das mulleres galegas da Baixa Idade Media.
2. Ofrecer un podcast en galego dirixido á Xeración Z.
3. Desenvolver un produto comunicativo de ton informal, distendido, humorístico e coloquial sen por isto deixar de ser rigoroso.

Nas vindeiras páxinas débúllanse os detalles da creación e do desenvolvemento do proxecto. Consta a definición do mesmo, o marco teórico no que se propón e maila memoria de actividades que posibilitaron a súa materialización.

2. Marco teórico

2.1. O podcast

2.1.1. Definición

O termo *podcast* enúnciase por primeira vez no 2004. Faino o xornalista Ben Hammersley no diario británico *The Guardian* e, nesta primeira referencia, fálase do concepto coma unha “revolución do audio” (Parlatore *et al.*, 2020, p. 7). Non obstante, o primeiro produto xornalístico destas características desenvolveuno nese mesmo ano Adam Curry, co seu *Daily Source Code*. É el quen está considerado coma o pai do podcast (Freire, 2017).

Antes de nos somerxer de cheo na procura da súa definición, cómpre botarmos unha ollada á etimoloxía do termo. Este inclúe o prefixo *pod-*, que xorde das siglas inglesas *Public On Demand*; e mailo sufixo *-cast*, que vén do concepto do *broadcast*—en inglés, “transmisión”—, segundo apuntan Parlatore e o seu equipo (2020). O devandito conxunto de investigadores achega unha segunda hipótese da orixe do termo, malia falaren dunha versión que está menos estendida; e é que o morfema *pod-* viría de iPod, o dispositivo móbil de escoita de Apple. Isto faría referencia ás súas posibilidades en materia de ser portado e accesible dende máis dun lugar concreto (Parlatore *et al.*, 2020).

Sexa como for, a etimoloxía achéganos dous trazos chave do concepto que tratamos: a súa dispoñibilidade a demanda para o público e maila súa relación coa transmisión comunicativa. Non obstante, esta delimitación semántica fica ampla de máis. Queda fóra, como pouco, o concepto do audio, que resulta crucial na descrición do podcast.

Para un primeiro achegamento á definición cómpre botarmos man da entrada que ofrece a respecto deste termo o dicionario en liña da Real Academia Galega (2024d), que di como segue:

Arquivo de audio ou multimedia, xeralmente de publicación periódica, que se almacena en liña para facilitar a súa descarga e reprodución por parte dos usuarios.

Esta primeira acepción trae canda si o concepto do audio que pode faltar dende a aproximación etimolóxica. Amais, tamén achega a periodicidade da súa publicación e concreta o xeito de obtención do produto: a descarga e reprodución en liña, a través da Internet, pola parte dos usuarios.

Non obstante, habemos revisar a literatura para seguir afondando no concepto. Se ben existen varias propostas de definición aceptadas polo mundo académico, no presente traballo, guiarémonos por dúas en concreto. É salientable a de Cebrián Herreros (2008, p. 21), que fala dun «proceso tecnolóxico que facilita a descarga automática de programas ou de contidos radiofónicos fragmentados». Con esta, afondamos na natureza da publicación do podcast e mais na

fragmentación destes produtos. E é que este aspecto vai da man coa natureza de consumo dos podcasts que se nos presenta hoxe en día¹:

Un produto de audio dixital creado para a distribución multiplataforma, de consumo baixo demanda e de subscrición grazas á tecnoloxía de sindicación de contidos do RSS (*really simple syndication*).

Nesta segunda descrición, Martínez-Costa *et al.* (2022) refírense ás entregas de podcast realizadas polos medios de comunicación. O produto que se expón no presente traballo non fai parte do contido de ningunha empresa deste tipo, se ben si que ten como obxectivo en canto á súa distribución chegar á audiencia a través do escenario multiplataforma.

2.1.2. Evolución histórica

A historia do podcast fica marcada por catro fases, tal e como sintetizan Parra-Valcarce e Onieva-Mallero (2023):

- Fase experimental, dende finais do século XIX ata o 2005.
- Fase de consolidación, entre 2006 e 2009.
- Fase multimedia, de 2010 a 2013.
- Fase de eclosión, a partir do 2014.

Os mesmos investigadores (2023, p. 144) indican que na etapa actual, “prodúcese un formidable incremento tanto na cantidade de podcasts elaborados e escoitados (Amoedo, Moreno y Martínez Costa, 2021; Leoz y Pedrero, 2022) como no volumen de negocio xerado por este formato (Locker, 2018; Cortizo, 2018)”. Tamén engaden que, a un tempo, “asístese á aparición e expansión dun relevante número de plataformas de alcance local e transnacional para simplificar a súa xestión [...]”. E isto é algo que, sen dúbida, vai condicionar as características e maila produción deste tipo de formatos, tal e como fica xustificado nas vindeiras liñas.

Conectado pola súa materia prima, a comunicación a través do audio, o podcast bebe directamente da tradición radiofónica. Así é como o atopan descrito nos estudos sobre a materia García-Martín *et al.* (2023), se ben tamén detectan unha análise a respecto de como esta proposta vai máis alá e mesmo afonda nos seus formatos, de xeito que está a realizar unha sorte de recuperación dos xéneros insignia do mundo radiofónico:

¹ “A progresiva puxanza do *podcasting* supuxo unha revolución para a industria xornalística (Berry, 2018; Martínez-Costa; Lus-Gárate, 2019; Newman; Gallo, 2019; Spinelli; Dann, 2019). Durante a última década e media, as ofertas de podcast dos medios xornalísticos promoveron certa especialización temática (Reis, 2018; Rojas-Torrijos, 2018), o *storytelling* persoal e mailas narrativas transmedia (Dowling; Miller, 2019; García-Marín; Aparici, 2018; Lindgren, 2016), e a accesibilidade ás sinaturas ou autorías de xornalistas e medios (Barbeito-Veloso; Perona-Páez, 2019; Martínez-Costa *et al.*, 2021)”, Martínez-Costa *et al.* (2022, p. 3).

O podcast preséntase coma unha extensión da radio (Parlatore *et al.*, 2020, por exemplo, refírense ó “desafío de repensar o radiofónico”), coma un novo medio que representa a revolución sonora (Sellas, 2012; Spinelli & Dann, 2019), coma o despertar dun xénero durminte [a reportaxe sonora] (Legorburu *et al.*, 2021) ou coma un xeito de levar o audio para o contexto da prensa no ambiente dixital (Reis, 2018; Martins & Vieira, 2021; Viana, 2021).

Non obstante, a produción de podcast foi medrando co tempo e deu en abranguer novos horizontes alén das condicións materiais das que pode dotar a difusión radiofónica. E é que a súa relación coa radio “comeza a dar lugar progresivamente ó entendemento de que hai un novo territorio que estimula a produción de contidos sonoros de xeito autónomo e alternativo, isto é, coma unha oportunidade que favorece a *audificación* da contorna da comunicación” (García-Martín *et al.*, 2023, p.13).

Neste sentido, amais de beber da tradición radiofónica, o podcast supón unha revolución nas posibilidades de escoita e mais en canto á recuperación dos formatos clásicos. “Ampliou o tradicional abano de opcións de escoita; implica unha renovación dos canons do relato radiofónico e reforza a súa utilidade ó servizo de novas narrativas e linguaxes da contorna dixital”, tal e como sintetizan Martínez-Otón e mailo seu equipo (2023, p. 51) as conclusións de Piñeiro-Otero e Pedrero-Esteban (2022).

Isto supón un cambio no panorama comunicativo, así coma unha abertura do mesmo, por aquilo do carácter “autónomo e alternativo” da súa produción, á xente do común. Velaí a existencia do podcast alén das iniciativas dos medios de comunicación, como comprobaremos nas vindeiras liñas.

2.1.3. Tipoloxías

Hoxe en día podemos dicir que existe unha tremenda multitude de tipos de podcast. Antunes e Salaverría (2018) establecen unha clasificación en función das características e mais do modelo de produción. Deste xeito, tal e como debullan Méndez-Majuelos e os seus colegas (2023), temos:

- Programas emitidos primeiramente na radio tradicional que se distribúen despois en plataformas de audio á carta.
- Programas producidos por canles de radio que non pasan pola antena antes de chegar ás plataformas –isto é, prodúcense directamente para elas–.
- Programas creados e desenvolvidos de xeito independente polos usuarios, cunha produción que pode ser “doméstica ou semiprofesional” (2023, p. 150), e que se distribúen tamén en plataformas –velaquí fica enmarcado o presente traballo–.
- Outros programas con fines comerciais.

Alén disto, “atópase unha grande riqueza nos contidos, abertos ós intereses dos oíntes e, sobre todo, ós intereses dos creadores e produtores e mais ó seu nivel de especialización” (Méndez-Majuelos *et al.*, 2023, p. 150). Dentro de todos

estes eidos existe unha sorte de paraugas temático que destaca: o do podcast divulgativo.

E é que, sobre todo en educación, “o podcast xurdiu case dende o comezo [...] coma unha oportunidade estratéxica de innovación pedagóxica” (Trujillo-Torres, 2011, p. 61). Tal aspecto foi algo que se recoñeceu nesta produción dende ben cedo. Xa no 2009, Oliver McGarr falaba do potencial que ten o devandito produto de cara a “mellorar a aprendizaxe” (McGarr, 2009, p. 321).

Habemos ficar coa descrición e mailas posibilidades deste tipo de podcast para o desenvolvemento do presente traballo. Máis adiante, recuperarase o asunto da divulgación, se ben, en primeiro lugar, cómpre botar unha ollada ós datos que sustentan o tan referido fenómeno do podcast.

2.1.4. Consumo: datos e perfil da audiencia

Acotío fálase do forte incremento de consumo que viviu o podcast nos últimos anos. Neste sentido, existen diversas institucións e iniciativas de investigación que achegan tódolos datos necesarios para a análise do seu impacto actual. Estas ofrecen unhas cifras que, de certo e como se detalla nas vindeiras liñas, confirman a materialización da auxe do formato.

As cifras

Cinco millóns de españois escoitaron ou baixaron formatos podcast da Internet no último mes, o que supón un 13,3% da poboación total (37 millóns de persoas) que realizou actividades ou servizos na rede, tal e como proxecta End to End Convergencia na súa enquisa a respecto do marco xeral de medios para a AIMC (2024). Isto, falando de podcast en termos xerais, se ben a escoita da radio a través deste formato –en plataformas ou na propia web do medio de comunicación que for– tamén rexistrou un dato salientable: a súa penetración foi do 5,2% segundo a mesma fonte. Tal cifra palidece co 54% que representa a escoita en directo das ondas, pero, o certo é que, dende o ano 2018, a cantidade de persoas que escoitan os contidos deste medio a través do seu formato podcast medrou nun 4,2%.

Non obstante, hai datos que van aínda máis alá. A penetración da escoita de podcast en España situouse no ano 2023 no máximo histórico do 45%, o que significa un aumento de catro puntos porcentuais con respecto ó mesmo dato do 2022, tal e como reflicte Amoedo e mailo seu equipo no Digital News Report (DNR) do 2023. Na edición do mesmo informe deste ano (Novoa-Jaso, 2024), o dato decreceu ata o 44%, se ben os seus autores consideran que continúa consolidada a auxe do formato no Estado.

Esta cifra é, amais, 6 puntos porcentuais superior á media da selección de vinte e cinco países que escolle o DNR deste 2024, na que España fica no cuarto posto en canto a taxa de escoita de podcast. A devandita escolma inclúe Brasil, que fica á cabeza cunha cota do 53%, e mais a Xapón, que pecha a listaxe cun 26%. España empata con Estados Unidos, compartindo o rexistro de audiencia deses 44 puntos porcentuais; e, en posicións máis ou menos altas na táboa,

destacan os 35 de Dinamarca, os 34 de Arxentina ou os 30 de Alemaña, entre outros exemplos.

Segundo a mesma fonte, o perfil do oínte de podcast en España é o dun rapaz novo. O 51% dos homes enquisados afirman ter escoitado este tipo de formatos no último mes, mentres que só o 38% das mulleres declara o mesmo. Isto, en canto a diferenzas por xénero, pero, sen dúbida, o dato máis salientable prodúcese na segregación por idades. E é que o 62% das persoas novas de entre 18 e 24 anos escoita habitualmente o formato podcast. É a franxa que máis consume este tipo de contidos, se ben rexistra unha baixada de 8 puntos porcentuais con respecto ó dato do ano pasado.

Tamén decrece nun punto a porcentaxe de audiencia que vai dos 25 ós 34 anos, co dato do 58% neste 2024, pero, pola contra, o informe deixa patente o incremento de consumo nos usuarios de maior idade. Así, na franxa de usuarios que contan con ata 44 anos, a porcentaxe é do 53% –unha suba de 4 puntos con respecto a 2023–; do 42% en persoas que chegan ós 54 anos e do 30% nos maiores de 65. Na franxa que vai dos 55 ós 64 anos, as cifras mantéñense arredor do 36%. Son datos que, de continuar esta tendencia á alza nos vindeiros anos, confirmarían o aumento paulatino de consumo nas persoas de maior idade.

Tipoloxía de contidos

En canto á tipoloxía de contidos, as temáticas especializadas e mais de estilo de vida seguen a ser as máis escoitadas, igual que marcaba o mesmo informe no ano pasado. Así, neste 2024, os podcasts de ciencia e tecnoloxía, economía e negocios, medios de comunicación, saúde ou historia acadan un 20% de penetración, dous puntos porcentuais máis que no 2023. No segundo posto fican as propostas relacionadas coa alimentación, a moda, a arte ou as viaxes, cun 17% e unha suba do 1% con respecto ó ano pasado. O bronce é para os podcasts de actualidade, cun 15% da audiencia, seguidos, moi de preto, polos formatos de sucesos, que chegan ó 14%. En quinto posto, a temática deportiva.

Por franxas de idade, na xente nova (de entre 18 e 24 anos) hai un claro gañador alén das temáticas especializadas: os asuntos sociais e mailos sucesos, que cun 30% de audiencia son os seus contidos máis escoitados. A ciencia, a economía ou a historia, entre outras áreas, fican no segundo posto de preferencia e acadan o 26% do consumo da mocidade. No resto de franxas, a primeira escolla son os temas especializados, agás, tan só, nos maiores de 65 anos: eles prefiren os podcasts de actualidade (16%) diante dos contidos especializados (12%).

O Digital News Report (DNR) deste 2024 dedica unha das súas partes á análise do fenómeno podcast, como xa se deixou constancia nas liñas anteriores, se ben a devandita edición non se centra, como tal, nesta materia: faino na da intelixencia artificial. O informe do ano anterior (Amoedo *et al.*, 2023), non obstante, si que se analiza en conxunto este tipo de formatos, polo que achega unha serie de datos máis polo miúdo a respecto dos podcasts que non se inclúen no traballo deste ano (Novoa-Jaso, 2024) e sobre os que cómpre detérmonos.

Vías de consumo

A citada fonte amosa que as vías de escoita principais son as plataformas de audio a demanda. Por orde de popularidade, Spotify é a gañadora, cun 30% de audiencia –amais, sitúase como a preferida das mulleres e mais das persoas de entre 18 e 44: o 37% destas úsana como referencia–; o segundo posto é pra YouTube, que chega ó 29%; e o terceiro, para iVoox, que fica moi por detrás, cun 16%. Precisamente esta última vén rexistrando unha tendencia descendente nos últimos anos, fronte á explosión de Spotify, que leva medrando dous anos continuos, unha senda que lle trouxo como resultado superar a YouTube.

Pola súa banda, Google Podcasts mantén a cota do 13% de escoitas e o resto de plataformas como son Audible, Podimo, Apple Podcasts, Pandora, Podium Podcast e TuneIn Radio rexistran menos do 10% do emprego. Cabe salientar que as mulleres usan Spotify e Podimo máis cós homes e que Spotify é a vía de escoita máis popular entre os usuarios da mocidade.

Xeito de escoita

En canto ó tempo acumulado de consumo, segundo DNR do ano pasado (Amoedo *et al.*, 2023), un 39% dos oíntes de podcast declaran ter dedicado a escoitar este tipo de formatos a mesma cantidade de horas que no ano anterior. O dato máis interesante é que un 28% das persoas enquisadas asegura que incrementou o tempo empregado a esta actividade en comparación co 2022 (nas mulleres, o dato chega ó 30%).

Un aspecto chave á hora de deseñar un podcast é decidir a duración das súas entregas. Neste sentido, cómpre consultar os datos a respecto das preferencias de escoita do público. Segundo o recollido polo Observatorio iVoox no 2023, os oíntes deste tipo de formato prefiren consumir podcasts de entre trinta minutos e unha hora de duración, tal e como declaran o 34% das persoas enquisadas. Delas, ata un 28% decántanse por unha duración episódica de entre unha e dúas horas. Non obstante, hai un 22,4% que afirma que a duración dos episodios élle indiferente en caso de que lle guste a temática do produto.

Outro aspecto salientable é que, malia as devanditas preferencias, só un 55,7% das persoas preguntadas por esta cuestión escoita os podcasts de xeito continuado. Do resto, un 25,6% faino de xeito fragmentado durante diferentes xornadas e un 18,7% que remata o episodio ó longo do día. Á marxe disto, ata máis dun 10% de persoas aceleran a velocidade de reprodución do podcast. Son cifras que fan entrever un aspecto chave: e é que, malia que a preferencia de escoita ronde a hora de duración, a efectos prácticos, o tempo de consumo continuado fica algo reducido.

Segundo a mesma fonte, case a totalidade dos oíntes semellan escoitar os podcasts en solitario (así o fai o 96,9% das persoas enquisadas). Amais, fano á noite de xeito maioritario (58%), pero tamén á mañá (54%) e, sobre todo, de luns a venres. Por certo, que o dispositivo preferido dos oíntes é o teléfono móbil (97,2%), o que implica que, se cadra, o público escoita este tipo de formato mentres realiza outras actividades.

E así o confirma o mesmo informe. A metade da xente escoita este tipo de formatos mentres realiza tarefas do fogar; ata un 40%, antes de ir durmir; e en torno a un 38% descansando. Outras actividades populares que se complementan coa escoita de podcasts é a condución (37,5%), os paseos (36%), o traballo (32%) ou a actividade física (29,7%); e tamén a cociña, os traxectos no transporte público, o aseo persoal na ducha ou a meditación. Todas estas cifras indican, tal e como conclúen os investigadores do Observatorio iVoox (2023), que os oíntes están a incorporar a escoita de podcasts en novas actividades.

Motivos de escoita

Se co perfil do oínte e mais da caracterización do momento e do ambiente de escoita xa debuxabamos que esta vén producíndose canda a realización doutras actividades, as propias persoas enquisadas polo Observatorio iVoox (2023) confirman que isto é así. E é que, de feito, un 65,7% destas sinala como principal motivo de escoita teren algo ó que atender mentres fan outras cousas. O 62,6% sitúa como razón primordial a aprendizaxe; o 61,3% escollen o podcast polo feito de poderen escoitalo onde e cando queiran; e o 60,1% consúmenlo como xeito de entretemento. Amais, ata un 30,5% das persoas enquisadas sinalan que escoitan este tipo de formatos para se relaxaren e mesmo conciliaren o sono, e un 26,35% asegura o fai porque nos podcasts atopan contido que non está noutro lugar. Así as cousas, podemos dicir que os oíntes de podcasts procuran aproveitar o seu tempo e aprender mentres os escoitan.

Chama a atención que, malia que medra a oferta de videopodcasts, os oíntes seguen a se decantar polo podcast tradicional. Deste xeito, o 68,4% de persoas enquisadas prefiren consumir só audio; a case un 37% o formato resúltalle indiferente cando xunta imaxe e un 32% afirma que non sente atracción polos videopodcasts.

O Observatorio iVoox (2023) detecta que as temáticas máis escoitadas, cun 15,2% de apoio, son as de misterio e outras realidades, seguidas polos contidos de historia e de humanidades, que superan os 14 puntos porcentuais. O humor e mailo entretemento medrou ata rozar o 9,2% de preferencia polo público. Isto, en canto a escoitas, pero, en canto a buscas de contido, cabe salientar que entre as temáticas máis demandadas, a historia gaña por goleada, cun 36,6% de oíntes que busca contidos neste sentido. No segundo posto fica o que engloba a área do misterio, con preto dun 29%. Por debaixo do 20%, atopamos a ciencia, a literatura ou o entretemento.

No eido dos formatos de podcast, o rei é o das conversas, preferido por un 52,5% da poboación enquisada. Este tipo de iniciativas acadan un grande nivel de respaldo entre os usuarios da Xeración Z e mailo público Millenial. O equipo de iVoox entende que o maior consumo nestas franxas de idade é debido á consecución, por parte dos *podcasters* de tal formato, de crearen unha atmosfera relaxada e de espontaneidade. Os produtos resultantes semellan conversas das que podería facer parte o oínte, algo que procuran os consumidores máis novos e co que se senten o suficientemente cómodos como para ficaren canda a proposta.

Moi de preto ten as propostas narrativas ou documentais, cun 49,3% de apoio, e maila entrevista, cun 43,4%. Còmpre salientar que as iniciativas de ficción sonora, o emprego do *storytelling* en varios formatos e mailos contidos transmedia que fan ir ós podcasts alén das plataformas para chegaren ás redes sociais axudan a consolidar este tipo de contidos entre os seus usuarios.

2.1.5. Características

Boa parte do éxito que colleita o podcast vén dado pola súa adaptación á cultura audiovisual da cidadanía. Nisto destaca, especialmente, a inclusión nas propostas de contido iconográfico e multimedia:

Vólvese a todas luces necesario o feito de que contribúan [os elementos multimedia textuais, iconográficos e visuais] a descubrir contidos, a aumentar o tempo de escoita e mais a mellorar a satisfacción do usuario co audio, cuxos tributos de mobilidade, compatibilidade e integración en novos dispositivos e soportes gañan terreo nesta contorna. Mellórase a expectativa do usuario, fica satisfeita a experiencia de escoita e refórzase ese hábito, que favorece a dispoñibilidade cara a recepción de suxestións publicitarias. (Pérez-Alaejos *et al.*, 2022, p. 14).

Do mesmo xeito, tampouco quedan fóra as diferentes estratexias creativas e de deseño de produto, tal e como apunta, de novo, o equipo de Pérez-Alaejos. O desenvolvemento do podcast vai alén do departamento técnico. E é que “a complementariedade de procesos contempla aspectos como a periodicidade ou a duración das producións, entre outros” (2022, p. 9).

Nunha etapa de consumo e produción crecentes, enmarcada no contexto actual de facilidade de acceso á Internet e mais ás plataformas a demanda, tamén medra a competencia entre proxectos. Velaí, se cadra, a importancia de poñer o foco nos aspectos estratéxicos. E é que os usuarios esixen a dispoñibilidade do contido dende calquera lugar e en calquera momento, de xeito que impoñen un desenvolvemento que ha estar pensado a tales efectos (Kishigami, 2004).

É neste contexto no que proliferan os podcasts. Como vimos, de tódolos tipos e para tódolos públicos.

2.2. Divulgación

2.2.1. Definición

O de “divulgación” é un termo cuxo significado non escapa ó coñecemento semántico xeral. A Real Academia Galega (2024b), recolle a súa definición como como “acción ou efecto de divulgar”. Se continuamos o fío e consultamos a entrada de “divulgar”, atopamos, como verbo transitivo, a descrición de “dar [algo] ao coñecemento do público, facer que o coñeza un gran número de xente”; e, na súa forma pronominal, “Chegar a un gran número de persoas ou lugares” (RAG, 2024c).

Deste xeito, vemos que a divulgación pasa por achegar coñecemento ao público e, en concreto, a unha importante cantidade de persoas. Agora ben, isto pódese facer de moitas formas: dende lanzar circulares informativas sobre as rúas dunha cidade, ata emitir un programa de televisión ou de radio, pasando por dar unha conferencia. Mesmo se pode confundir, así as cousas, con outros conceptos como é o de difusión.

Non obstante, María de los Ángeles Erazo (1999, p. 36), achega unha clara diferenciación entre estes dous conceptos, pois “difundir é propagar o coñecemento entre especialistas, mentres que divulgar é presentar a ciencia ó público xeral”. Ese matiz, o de transmitir uns coñecementos especializados a unha audiencia xeral, é o que determina o que é a divulgación.

2.2.2. Características

A divulgación de coñecementos científicos conta cunha grande traxectoria a través do tempo. Así o indican Sánchez-Fundora e Roque-García (2011) cando enumeran os traballos de Galileo Galilei, do xurdimento das primeiras publicacións especializadas ou, de seu, da creación do xornalismo científico.

No presente traballo, cabe lembrar, a materia sobre a que se divulga é a historia. Esta é unha área de estudo que, se ben non milita nas ciencias naturais, si que o fai no conxunto das sociais. E, a tales efectos, a súa actividade divulgativa – contidos á marxe, por suposto– non difire da que achega coñecemento sobre bioloxía, física ou química, entre outras. Principalmente porque, tal e como apuntan Solanas-García e o seu equipo (2013) apoiándose no traballo de Belenguer e Roqueplo, pesan máis as características comúns cás diferenzas de contido:

O significado do termo “divulgación”, pois, non só fai referencia á acción de estender ou difundir un coñecemento entre a poboación, senón tamén ó xeito do que se fai, posto que estes coñecementos científicos deben presentarse de xeito accesible e intelixible para esa poboación (Belenguer, 2003, p. 45). [...] Adicionalmente, engádense dous condicionantes esenciais para que a difusión dunha idea poida considerarse divulgación científica: a) que esta non se realice no marco do ensino regulado e b) que o seu obxectivo último non sexa a formación de especialistas (Roqueplo, 1983, p. 21, cfr. en Belenguer, 2006, p. 45-46). (2013, p. 817).

Alén disto, resulta chave, na divulgación de calquera tipo de coñecemento, empregar unha “linguaxe clara e concisa” diante da necesidade de “achegar a mensaxe ó receptor”, tal e como conclúen Solanas-García *et al.* (2013). E velaquí entra en xogo o escenario tecnolóxico e comunicativo actual.

2.2.3. O podcast como ferramenta de divulgación

No presente traballo, propónse un podcast divulgativo, un formato que, como vimos con anterioridade, veu gañando importancia en canto a produción e consumo nos derradeiros anos. En concreto, fica enmarcado na temática

histórica. E a escolla deste formato para a idea matriz deste proxecto, non é unha escolla ó chou, tal e como fica descrito no apartado da súa descrición.

E é que este implica “para os contidos de historia, unha oportunidade tanto para os oíntes como para os divulgadores, xornalistas, futuros xornalistas e maila academia ó introducir ferramentas, narrativas e aproveitar recursos que facilitan a comprensión e axudan a espertar o interese por estas temáticas”, tal e como indican Méndez-Majuelos *et al.* (2023, p. 151). Tales ferramentas son incorporadas polo groso de creadores de podcast en España, e poden ser, alén dos recursos visuais e estratéxicos ós que se fixo referencia no apartado “1.5 Características”, o emprego dunha “linguaxe divulgativa con ton coloquial”; a inclusión de entrevistas ou a participación de colaboradores (2023, p. 163).

Tendo en conta o ata agora exposto, fica patente que o podcast resulta unha ferramenta chave na divulgación actual da historia. Amais, cos datos na man, pódese dicir que é un dos formatos que máis éxito de audiencia ten hoxe en día. E tal éxito débese, en grande parte, á busca da proximidade que se procura en primeiro lugar no guión, na narración e mais na montaxe, así como nos aspectos estratéxicos de presentación do contido.

2.2.4. Notas sobre a divulgación e o xornalismo

O punto de encontro entre divulgación e xornalismo dáse, historicamente, no exercicio do xornalismo científico. Así se desprende do repaso das orixes da divulgación que fan Sánchez-Fundora e Roque-García (2011), no que tamén achegan o feito de que hoxe en día, os medios de comunicación adoitan contar con seccións específicas de xornalistas especializados que producen contidos divulgativos. Obsérvase, pois, que a relación entre o exercicio divulgativo e mailo xornalístico teceron unhas dinámicas próximas a través do tempo que hoxe fican máis unidas ca nunca, considerando, a un tempo, as facilidades que achegan os recursos comunicativos actuais no presente tecnolóxico.

E é que, neste senso, “o xornalista é a persoa dedicada á divulgación da ciencia e é tan importante como o científico, que xera preguntas e descubrimentos, pois os novos coñecementos precisan dun axente difusor que poida facelos chegar ao público” (2011, p. 92). Visto o anterior, semella que o xornalista divulgativo adopta un papel chave na cadea de transmisión dos coñecementos académicos ó saber da cidadanía. É o elo que une conecta a materia especializada ó contexto xeral. E neste sentido, por suposto, cómpre destacar que a divulgación nos medios de comunicación non fica reducida ás ciencias puras senón que chega ás sociais –véxanse os contidos explicativos a respecto das dinámicas económicas, das reportaxes realizadas a partir dunha efeméride que achegan información sobre calquera evento ou figura histórica destacada; ou dos descubrimentos arqueolóxicos que xurdan a cada momento, como exemplos–.

2.3. Narración e proximidade nos formatos de son

2.3.1. Elementos sonoros

Visto que a proximidade co receptor do produto é algo que procuran activamente os e as creadoras de podcast mediante o emprego de diferentes recursos, entre

eles, o emprego dunha linguaxe sinxela e mesmo coloquial, non fica de máis afondar no xeito de comunicación que se emprega na transmisión da mensaxe divulgativa. E, especialmente, nos elementos dos que se bota man neste sentido para a produción dos formatos podcast.

En primeiro lugar, cómpre botarmos unha ollada ós aspectos sonoros que se inclúen en calquera produto que teña o son como dimensión de transmisión única ou, cando menos, principal. E aquí, a tradición que recolle o podcast da radio ten un peso importante. Rodríguez-Luque e os seus colegas (2024) sintetizan a enumeración de Balsebre-Torroja (2000) a respecto dos elementos que compoñen a linguaxe radiofónica. Deste xeito, temos catro puntos esenciais: a palabra, a música, os efectos e mailo silencio.

Así mesmo, comezando pola primeira desta enumeración de elementos, a palabra, e en relación ó ton coloquial das producións de podcast, os citados investigadores falan da naturalidade coma “unha das características que debe ter a enunciación verbal para que o escoitante non perciba que o locutor está a ler un texto” (2024, p. 113). Un aspecto que se amosa, sen dúbida, a diario no exercicio do xornalismo radiofónico, tanto nos espazos informativos coma nos de entretemento. Isto, levado ó mundo do podcast e, por suposto, tendo en conta a devandita procura do achegamento ó oínte, toma un cariz que resulta chave.

Funcións dos elementos sonoros

Se continuamos a afondar na ordenación dun programa de radio, xorde outra serie de elementos que son comúns a este tipo de formatos e que, aínda de carácter máis técnico, tamén contribúen á diversidade e mais ó dinamismo da narración. Deste xeito, Martínez-Costa e Díez-Unzueta (2005) falan dos refachos, das sintonías ou das cortiñas. Por certo, que a montaxe dos formatos, amais, tamén axuda na procura dunha linguaxe máis espontánea e próxima (Méndez-Majuelos, 2023).

A música, de seu, segundo Balsebre-Torroja (2000), ten diferentes xeitos de se presentar, a un tempo que o emprego da mesma posúe multitude de fins. Neste sentido, en canto ás súas funcións, destacan a de separar as partes narrativas nas que se divide o formato ou a de achegar ritmo; pero tamén pode anunciar a chegada ou a saída, a finalización, dunha sección determinada ou da intervención dun participante –voz, narrador ou personaxe–. Un dos seus principais propósitos é a expresividade e maila creación dunha atmosfera sonora, todo co fin de achegar a descrición dun escenario ou dun estado de ánimo que non sexa preciso, polo tanto, de materializar en palabras.

En canto ós efectos sonoros, podemos dicir, en termos coloquiais, que é a guinda da produción en canto a ritmo, dinamismo, distribución das seccións e cumio do produto. Non han confundirse dos aspectos técnicos previamente descritos como son os refachos ou as sintonías. Rodríguez-Luque *et al.* (2024) recollen as análises deste tipo de recursos para quedaren coa ambiental como a principal das funcións que posúen:

A súa función consiste en crear un marco visual e imaxinativo, que achega ó oínte a sensación de estar presente diante da realidade. Debe diferenciarse a atmosfera do ambiente á hora de xerar un contido ou narrativa sonora. Mentres que a atmosfera se refire a un estado abstracto ou emocional, como pode ser a sensación de angustia, o ambiente trata de simular sons máis concretos, procedentes de obxectos ou accións identificables na realidade (2024, p. 114).

Neste sentido, Balsebre-Torroja (2000) designa catro funcións dos efectos sonoros, a saber:

- Función ambiental, pola que se procura a representación da realidade e dáse en imitar os sons da devandita realidade que se trata de reflectir.
- Función expresiva, pola que se engaden valores relacionados coa emoción ou co estado de ánimo que se pretende transmitir coa realidade reproducida.
- Función narrativa, pola que se achega continuidade entre as diferentes partes da narración.
- Función ornamental, pola que se engade valor estético, de xeito que supón un complemento accesorio que non se fai necesario para comprender a mensaxe.

Por último, fica por se describiren as funcións do silencio nos formatos sonoros. De novo, Balsebre-Torroja (2000) fai unha análise da súa presenza e propósitos neste tipo de propostas. Así, vese que o silencio pode posuír, de certo e alén do baleiro, algún tipo de significado, achegar un momento de reflexión ou exercer funcións de énfase. Tamén se bota man do silencio –ou dos silencios– nas interaccións e diálogos, de xeito que nos devanditos apartados pode referirse, por exemplo, á afectividade, á opinión ou ó coñecemento, en función das necesidades do texto do contido.

2.3.2. *Storytelling*

Se se tira do fío da procura de proximidade de cara ó oínte, aparece unha fórmula que se repite en multitude de producións de podcast –tal e como se comproba diante do éxito dos formatos de conversa– e que bebe directamente da tradición da literatura oral. Esta é o *storytelling*, termo anglófono que se compón da voz *story* (“historia, conto, relato, anécdota”) e *telling* (“contar, relatar”), de xeito que se pode traducir como “relato de historias”.

Dende a perspectiva académica, no presente traballo tomarase a definición de *storytelling* que achegan Cunha e Mantello no 2014:

[...] técnica para narrar feitos como se fosen historias. Ó poñer énfase na narración e mais na descrición, hai un esforzo de recrear esceas e personaxes; tarefa estética de espertar sensacións no consumidor de noticia, sexa esta impresa ou audiovisual, para que el se identifique co relato e para que lle guste o texto xornalístico como apreciaría un texto máis elaborado, propiamente literario ou poético. (2014, p. 58)

Trátase dunha proposta que conecta directamente coa persoa receptora e que se vén demostrando de grande éxito entre os creadores e mailos consumidores de podcast. Existe unha serie de elementos que a fórmula do *storytelling* precisa incluír para se denominar como tal. Os seguintes son os que pon de relevancia Buster (2020) no seu decálogo para a realización da devandita fórmula:

- Contar a historia para o receptor coma se este fose un amigo.
- Achegar contexto ó público.
- Empregar verbos activos e mais unha linguaxe sinxela.
- Xustapoñer dúas ideas chocantes.
- Converter o ordinario en extraordinario por medio do emprego dun detalle sinalado.
- Achegar ó público a razón que empurrou o narrador a contar a historia.
- Compartir emocións e amosarse vulnerable de se considerar preciso.
- Conectar coa memoria sensorial e incluír o predomínio dun dos cinco sentidos na historia.
- Empregarse a un mesmo coma parte do relato na procura de que o público poida facer un exercicio de empatía co narrador.
- Rematar a historia cando sexa preciso, de feito que non se alongue sen falla. Menos é máis.

Esta proposta de relato está integrada no presente traballo. Fai parte do guión das primeiras partes –as introducións– dos episodios, principalmente, na intervención de entrada.

2.3.3. Ficción sonora

No presente documento xa se falou sobre como o podcast está a significar unha revolución no mundo radiofónico en tanto e en canto está a recuperar e mais a deixar a súa pegada en certos formatos tradicionais como poden ser a entrevista ou a reportaxe. Neste punto, cómpre analizar cal é o comportamento deste tipo de propostas en canto á ficción sonora.

E é que a auxe do podcast é precisamente o que devolve á vida a este xénero que semellaba case abandonado nos últimos 30 anos, tan só explotado nese período por Radio Nacional de España e con moita menos frecuencia que en períodos anteriores segundo apuntan Ruiz-Gómez e Legorburu-Hortelano (2023). Estes explican, recollendo traballos anteriores de Moreno-Espinosa e Román (2020) e do propio Legorburu-Hortelano canda outros estudosos (2021) como quedara esquinada a reportaxe na grella radiofónica e como, especialmente a ficción sonora ficou convertida nun “xénero durminte”, como describe textualmente Nieto (2008, p. 75).

De seu, a devandita relación crecente entre podcast e ficción sonora xa conecta dabondo a esta co xornalismo, pero, non obstante cómpre mencionar que non é senón o último episodio dunhas historia que vén de longo. En concreto, dende que se relacionan dalgún xeito a literatura e mailo xornalismo. E é que, a pesar das evidentes diferenzas que se dan entre unha e outra disciplina, de cert, hai cousas que comparten. Véxase, en palabras de Estévez-Molinero (1998, p. 52), “a literatura e mailo xornalismo intercambian procedementos técnicos, retóricos

e estilísticos, comparten obxectivos prácticos e estratexias pragmáticas, e usufrutúan as respectivas canles de presentación e difusión”. Se cadra, este traballo é un dos innumerables exemplos que fan as veces de proba no xuízo desta cuestión.

2.4.A entrevista

Ó intre de pronunciarmos a palabra “entrevista”, dalgún xeito, formamos na nosa mente automaticamente calquera tipo de escenario relacionado co xornalismo. Como se detalla en vindeiros apartados do presente documento, o proxecto que nel se defende bota man do artellamento de cinco entrevistas simuladas a diferentes personaxes a través de técnicas de documentación e adaptación de guión. Así descrito, pode semellar unha proposta que se afasta dos limiares que conteñen a práctica do xornalismo, se ben, tal e como se expón nas máis vindeiras liñas, trátase dun exercicio que pretende conectar coa profunda razón de ser deste xénero.

2.4.1. Definición

No 1984, a profesora e investigadora Montserrat Quesada achega unha definición de “entrevista” que recolle, de certo, os aspectos máis fundamentais que envolve o concepto. Quesada (1984, p. 119) fala dela coma o “método mediante o cal un profesional da información, o xornalista, entra en contacto cun personaxe público, o entrevistado, do que se presupón un interese xornalístico, ben polas súas declaracións, polo seu cargo ou pola súa propia personalidade”.

Do mesmo xeito, Santamaría-Ochoa (2011, p. 40), na súa tese de doutoramento en comunicación a respecto do xénero da entrevista, descríbeo coma “un dos máis sólidos piares do xornalismo, dado que a meirande porcentaxe da información que se transmite, xorde dos propios protagonistas da historia e que se revela a través do xornalista e mailos seus escritos”. O mesmo autor vai alén e afirma que a entrevista é “a fonte de información máis apegada ó que acontece cada día, sexa pola opinión ou os datos que poidan chegar os que interveñen en cada acción” (2011, p. 40).

Os dous traballos citados neste apartado, por suposto, fan referencia ó xenero da entrevista enmarcado na produción de información dentro do exercicio da profesión xornalística. De certo, o emprego das entrevistas no presente traballo fica enmarcado na produción de entretemento. Así, escapa a algúns aspectos descritivos do devandito xénero, pero, dende logo, non os esenciais: a interacción entre xornalista e personaxe, a extracción de información e mailo ofrecemento directo do testemuño do xénero ó público.

2.4.2. O modelo *talk show*

Na liña da intención de ofrecer un tipo de entrevista que casa co formato do entretemento, o presente traballo toma inspiración no modelo do *talk show*. E é que se trata dunha proposta que achega humor, naturalidade e, ata certo punto, espontaneidade a través de aspectos propios dos podcasts de conversa.

Mauricio-Silva (2009) define o *talk show* como “calquera programa que utiliza a conversa como base da súa estrutura” (2009, p. 1). A mesma autora sinala a orixe destes formatos recollendo o traballo de Timberg (2004), no que se fala da década do 1950 nos Estados Unidos coma orixe do *talk show*, así como dos seus precursores no mundo radiofónico.

En canto á caracterización do formato, Martins do Rosario destaca na súa explicación que “as entrevistas conteñen trazas de humor que buscan a relaxación e a informalidade” e mestúranse con recursos como as fotografías – non no presente caso– que fan referencia á vida das persoas convidadas (2008, p. 152). A investigadora apunta que o formato mesmo inclúe algún tinte de *reality show*, polo que “ficción e non ficción fican mesturadas unha vez máis” (2008, p. 154).

Pódese dicir, pois, que a iniciativa das entrevistas que fan parte do presente traballo, inspírase no formato dos *talk shows* en tanto e en canto pretenden ofrecer unha visión distendida das personaxes entrevistadas –malia se tratar de pezas simuladas– no marco dunha proposta que conta co emprego do humor, o interese pola vida cotiá das persoas entrevistadas e mailo ton relaxado e de espontaneidade que se procura acadar por medio dos guións adaptados. De certo, este formato resultou unha inspiración para as pezas propostas. E así o foi, principalmente, polo carácter de conversa que posúen este tipo de formatos, e que, dalgún xeito, teñen en común con el os podcasts actuais que fican incluídos na categoría “de conversa”.

2.5. Contar para a xente nova

2.5.1. Definición da Xeración Z

A denominada “Xeración Z” fai referencia ó conxunto de tódalas persoas que naceron entre finais da década dos 1990 e o comezo dos 2000. Así o recolle Castroverde no 2018, e, sobre o seu traballo sintetizan unha serie de características Díaz-Chica *et al.*(2021):

Entre as súas características xerais figura que son nativos dixitais, polo que non conciben a vida sen móbiles nin redes sociais. Por este motivo precisan ser percibidos como activos na esfera *online*. Trátase de persoas globais e que saben adaptarse ó mundo que as arrodea, amais de emprendedoras, autodidactas e creativas, debido principalmente ós seus coñecementos tecnolóxicos. Tamén, ó requiriren todo de xeito inmediato e quereren construír o seu propio universo, convértense en inconformistas, individualistas e incluso egocéntricos. (2021, p. 233).

Así as cousas, débuxase un perfil de persoas con carácter xeral que semella precisar unha serie de condicións e circunstancias arredor para se poñer a consumir a produción audiovisual. Neste sentido, e atendendo, precisamente, á súa descrición, faise mester reflexionar a respecto de que elementos han estar presentes nos produtos que vaian dirixidos á Xeración Z.

2.5.2. Captar a atención da Xeración Z

Alén da caracterización anterior, o estudo do comportamento de consumo da Xeración Z veu ocupando unha certa cantidade de produción académica nos últimos anos. Robert-Agell e mailo seu equipo (2022) trataron hai dous anos de debuxar un retrato deste grupo de persoas de xeito que se puidesen buscar solucións á caída da audiencia máis nova na radio. Unha das vías que deixou entrever o panel de expertos que convocaron foi, precisamente, o podcast.

“É unha magnífica oportunidade para dotar de continuidade ó consumo da marca dun nunha contorna dixital”, segundo afirmaba na citada investigación o convidado José María Moix, en representación do grupo Atresmedia Radio. Neste sentido, o traballo de Robert-Agell *et al.* (2022) semella validar esta opinión e animar os medios de comunicación a investir máis esforzo, estratexia e dotación económica na aposta polos podcasts.

Non obstante, estes estudosos foron alén. Repasaron o perfil da Xeración Z e mailo seu comportamento de consumo de xeito que puidesen achegar, tamén, algún tipo de inspiración de cara a enfocar os futuros produtos dirixidos a esta sección poboacional. Recolleron as impresións de Fernández-Quijada, Mars e Pedrero-Esteban nun seminario da Asociación Catalá da Radio (ACR) no 2021 a respecto do futuro do medio radiofónico en relación coas novas audiencias – en especial, por suposto, a Xeración Z–, e sintetizáronas do seguinte xeito:

Os poñentes coincidiron en que esta cohorte de nativos dixitais viven permanentemente conectados, a través dos seus teléfonos móbiles intelixentes, ás redes sociais ou a contido no que o vídeo xoga un papel esencial; o que consumen está asociado cos seus valores; están afeitos a consumir o seu contido cando queiran; crean os seus propios produtos audiovisuais; son interactivos e é difícil captar a súa atención. Por isto, á vista deles, tódalas propostas de contido son iguais e é aquí onde comezan as dúbidas dos operadores de radio a respecto de como chegar a esta xeración: ir onde eles consumen?; unha aplicación específica? Facer *co-branding* a través dun agregador que dilúe a marca propia? (Robert-Agell *et al.*, 2022, p. 3).

Con todo isto sobre a mesa, e alén de estratexia e modelo de negocio dos medios de comunicación e, en concreto, das empresas operadoras de radio, quedan claras unha serie de conclusións:

- As persoas que fan parte da Xeración Z móvense nun ambiente dixital que lles achega unhas dinámicas de consumo e de socialización que nunca antes se experimentaran na humanidade.
- Tal contorna preséntalles unha grande oferta de contidos para o seu consumo.
- Elas mesmas poden escoller que consumir e como facelo; e tamén cando e dende onde.
- No devandito contexto, dáse unha preponderancia do contido audiovisual, e, concretamente, do vídeo e da imaxe, que é, amais, o que máis chega ás mans dos membros desta xeración.

- A Xeración Z, por todo o anterior, é un conxunto de persoas cuxa atención é difícil de captar e, sobre todo, de manter.

Faise necesario considerar todas estas conclusións antes de deseñar un produto pensado para o consumo da Xeración Z, xa que semella que calquera estratexia “tradicional” ou aplicada con anterioridade para captar o público de grupos poboacionais previos –inda na súa etapa de mocidade– fica obsoleta. Neste sentido, no presente traballo considéranse as devanditas conclusións, así como os datos do perfil de escoita de podcast despregados no apartado “1.4 Consumo: datos e perfil da audiencia”.

Realizada a pertinente análise, optouse, como se detalla en vindeiras partes do documento, por unha duración que se considera curta das entregas do produto, polo emprego dunha linguaxe sinxela e coloquial –tan só con licencias na adaptación dos guións das entrevistas para axeitalas á imposta personalidade das convidadas– e mais de técnicas que fican á orde do día na produción dos podcasts que actualmente colleitan máis escoitas –o *storytelling* e mailos trazos de formatos de conversa son dous exemplos sinalados–.

3. Definición do proxecto

«ADESORA: As Mulleres alén das Alcobas» é un podcast episódico que conta con cinco entregas de entre quince e dezaoto minutos de duración cada unha. Trátase dun proxecto divulgativo que achega ós seus oíntes información a respecto de certos aspectos e convencións sociais propios da Galicia de mediados do século XV, con especial interese na cotiandade e nos dereitos e espazos de poder dos que gozaba a muller no momento. Velaquí poden consultarse as pezas (alén do arquivo remitido ó enderezo electrónico sinalado por Decanato):

https://drive.google.com/drive/folders/1L2vvQoxTMKkmTwt28R5WpWz8CZFJjk0q?usp=share_link

Para cumprir co seu obxectivo, o produto bota man das historias persoais de cinco protagonistas femininas. Catro delas existiron na realidade e fixeron parte da nobreza e mais do clero. A quinta é un perfil ficticio e está baseado nas vivencias comúns das labregas da época.

Cada episodio conta cunha intervención dividida en dúas partes a modo de introdución do contexto histórico e social da liñaxe ou do estamento que corresponder, e tamén persoal –a respecto das protagonistas–, así como cunha entrevista simulada a cada perfil seleccionado. Estas conversas susténtanse nun guión escrito a partir dun proceso previo de documentación a fondo das biografías das mulleres e/ou do grupo social ó que pertenceren.

Alén destes dous puntos que constitúen a estrutura das entregas, tamén se fai uso de elementos formais propios do eido radiofónico como son a sintonía, as bases, o refacho ou as mesturas, así como de efectos sonoros e pezas musicais. Estes aspectos aplícanse para dar ritmo, expresividade e dinamismo ás entregas. O podcast tamén consta de cortes de trens de voces coas opinións da cidadanía a respecto da historia das liñaxes seleccionadas ou da biografía das señoras. Foron recollidas a través de entrevistas de rúa nas localidades de orixe ou de referencia das protagonistas dos episodios.

3.1. Aproximación conceptual e sinopse

O concepto vén envolto nunha sinopse propia da ciencia ficción. Enmárcase na existencia dunha nave interdimensional, a ADESORA, que viaxa no tempo e no espazo para que a súa inventora e capitá, Alana, poida entrevistarse con persoeiros destacados da historia galega. Nestes cinco primeiros episodios, en concreto e como se indicou máis arriba, céntrase en conversas con mulleres galegas de mediados e finais do século XV. As protagonistas son localizadas a través da tecnoloxía do dispositivo e acceden a falar en cada episodio con Alana a respecto da época que viviron e mais das súas vidas.

Co presente proxecto téntase achegar unha visión do panorama das relacións e movementos das grandes liñaxes galegas da Baixa Idade Media, así coma do clero e mais do pobo do momento. O traballo toma da man a perspectiva de

xénero para se centrar na realidade daquela das mulleres de tódolos estamentos.

3.2. Idea inicial

O ano pasado propuxen un TFG de investigación, se ben co correr dos meses decateime de que era unha modalidade de proxecto que non me motivaba e que non era quen de sacar adiante. Nesta segunda oportunidade, decidín optar por un de produto ó entender que esta é unha escolla cuxas necesidades e ritmos de execución encaixan máis co meu modo de traballo. Amais, entendín que con ela podería sacarlle partido ó proxecto de final de carreira —é dicir, que non quedase no papel ou gardado nun caixón—.

Dende este punto de partida, comecei a desenvolver unha proposta que pasou por varias ideas iniciais en canto ó tema e máis ó formato, pero sempre cunha intención clara: que o produto final fose atractivo para o hipotético público obxectivo ó que se dirixise. Traballei en todo momento nunha peza que puidese ter un certo percorrido no mercado.

Algunhas das ideas que me viñeron á cabeza tiveron a ver co debate deontolóxico arredor de determinadas coberturas mediáticas do xornalismo de sucesos, pero axiña virei cara o mundo da divulgación, e de aí xa non me movín. Con isto claro, considerei chave desenvolver un proxecto que se enmarcase nun universo comunicativo de linguaxe sinxela e que tivese un ton cordial, amable, entretido, distendido e con certos elementos de humor. Unha proposta que resultase amable e próxima á audiencia, se ben non por isto falta de rigor.

Amais, un produto divulgativo implica, de seu, realizar un proceso de investigación e de documentación previo á entrega final que, persoalmente, tiña ganas de probar. Era algo que me quedaba pendente, xa que coído que nos anos da carreira e mais nos períodos laborais que experimentei ata o de agora nunca tivera a oportunidade de somerxerme nesta área do xornalismo.

3.3. Escolla do formato

Barallei realizar unha reportaxe multimedia, se ben desbotei tal posibilidade porque considerei que non era o soporte axeitado en relación ás ideas que estaba a ter a respecto da temática do presente traballo. En todo caso, non tiña intención de desenvolver un proxecto a longo prazo, como puidese ser un medio de comunicación ou un perfil en redes sociais. O que quería facer era un produto que vise recollido o seu inicio e o seu final neste TFG, aínda que máis adiante puidese ter algún tipo de ampliación.

Deste xeito, teríame gustado realizar, por exemplo, un documental audiovisual, pero, por unha cuestión de falta de recursos, finalmente optei pola idea do podcast, ó ser un formato que podía desenvolver e materializar eu soa e que se axustaba á perfección ó eido divulgativo. Escollido o soporte, tiven claro que debería contar con varias entregas, a modo de episodios, e que cada unha fose de duración curta, coa intención de que puidese chegar a un público xeral que estivese disposto a descubrir novas realidades.

3.4. O tema

Un dos eidos temáticos que máis me interesan en canto á divulgación é a historia e, en concreto, a historia de Galicia. Cunha rápida revisión ó calendario pódese comprobar que neste 2024 fanse 555 anos do final da Revolta Irmandiña, un número que considerei axeitado, en canto a xustificación e mesmo posibles estratexias de difusión, como pra desenvolver unha peza divulgativa a respecto do devandito conflito. Decidinme, pois, por este episodio do noso pasado, coa intención de ofrecer un produto que recollese de xeito atractivo os eventos que envolveu e mailo contexto histórico no que se produciu.

Entendo que a investigación medieval é un asunto que conta con moita información e produción científica que, acotío, non se ve proporcionalmente representada en pezas divulgativas que chegan ó público xeral. E, en especial, no eido galego. Por isto, tiven a intención de aproveitar a oportunidade que se me presentaba coa realización do traballo de fin de grao para contribuír, dentro das miñas posibilidades, á divulgación da materia.

Como xa se indicou, a pretensión deste TFG foi sempre a mesma: dar forma a un produto comunicativo que fose ameno e distendido –pero, de seguro, non por isto falta de rigorosidade– e que atraese a atención dun público que, se cadra, nunca pensase en estudar un manual de historia medieval galega. Mentres desenvolvía a idea, comezoume a resultar máis interesante afondar no contexto histórico que, de seu, relatar os eventos da Revolta Irmandiña. Decateime de que, se cadra, o público tería máis curiosidade por coñecer determinados aspectos da cotiandade das persoas que viviron tal acontecemento que por saber das batallas gañadas e perdidas ou dos nomes dos protagonistas de ámbolos dous bandos.

Así, crin mester documentarme sobre as décadas centrais do século XV en Galicia; aprender sobre as dinámicas sociais de poder –quen estaba arriba e quen estaba abaixo–, como confluían os diferentes actores e, sobre todo, como era a vida das persoas que conformaban cada un deles. Velaí as grandes liñaxes galegas e maila Igrexa como os señores posuidores da propiedade; o pobo, os concellos, o rei e mailo contraste da cotiandade en aldeas, vilas e cidades.

3.5. Os Soutomaior e os Lannister

Dende antes de comezar co presente proxecto, na miña cabeza resoaban nomes coma os Ulloa, os Lemos e, por suposto e por proximidade xeográfica, os Andrade. Non sabía moito deles, pero si o suficiente como para ser consciente de que o panorama da nobreza galega na Baixa Idade Media foi rico, diverso e o suficientemente interesante para o público xeral se se ofrecía de xeito que resultase próximo a quen ler, ver ou escoitar.

O interese que me suscitaron todos eses nomes foi medrando co tempo da man da miña afección a grandes sagas literarias de fantasía como é o universo de *Canción de Xeo e Lume*, do estadounidense George R. R. Martin, que foi adaptada en televisión coas series *Xogo de Tronos* e *A Casa do Dragón*.

Coñecendo na ficción os Targaryen, os Lannister, os Stark, os Baratheon ou os Tyrell, e botando unha ollada á morea de fortificacións medievais galegas que chegaron ós nosos días, lanceime a documentarme para saber como foron, por que se moveron e que fixeron na realidade, entre outros, os Soutomaior, os Andrade, os Ulloa, os Lemos ou os Moscoso.

A devandita obra, tal e como ten confirmado Martin, está baseada na Guerra das Dúas Rosas, que confrontou a casa de York e maila de Lancaster a mediados do século XV nun cruento conflito polo trono de Inglaterra. Non obstante, non foi a pular pola Coroa de Castela, como poderíamos extrapolar dentro do contexto ibérico, o que máis me moveu deste eido temático. Centreime, xa que logo, no estudo do poder, das motivacións, das propiedades, das relacións e mesmo da vida cotiá, ata certo punto, que cultivaron entre si as grandes casas galegas.

Agora ben, existe un actor chave para entendermos as dinámicas dos poderosos na Galicia medieval: a Igrexa. E é que, malia que no relato histórico o público tenda a centrar a súa atención nos señores laicos, tamén houbo señores eclesiásticos que tiveron o mesmo ou incluso máis poder cós primeiros. E, como digo, especialmente no noso país.

De feito, non se entende a historia do conflito irmandiño sen o papel da Igrexa como parte interesada en tanto e en canto os seus representantes deixaron a un lado as fortísimas pelexas que mantiveran cunha importante parte da nobreza pra se aliaren e remataren co bando da revolta. Velaí a colaboración entre as forzas de Pedro “Madruga” Álvarez de Soutomaior e mais do arcebispo de Santiago, Alonso II de Fonseca, no derradeiro golpe ós irmandiños na batalla da Almáciga (Galbán-Malagón, 2010).

Por isto, entendín que, se o que quería era abrir unha humilde xanela á Galicia de mediados do século XV, tería que incluír unha perspectiva do clero da época. E, se cadra, na mesma liña, debería achegar tamén outro punto de vista procedente do pobo. Pero, polo momento, comecei a estudar as figuras da nobreza.

3.6. De investigar a desenvolver o proxecto

Malia ir tendo cada vez máis claras as liñas principais do proxecto, isto é, que contar, quedábame a segunda cousa máis importante: como facelo. Mentres lía e lía, dei cunha obra que recollía algúns dos perfís femininos máis sinalados da nobreza baixomedieval galega: *Mulleres con Poder na Galicia Medieval* (Pardo de Guevara y Valdés, 2017), unha recompilación de datos biográficos a cargo do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. E así que vin o título do libro, xa o tiveron claro.

E é que achegar un chisco da cotiandade das grandes casas galegas do momento a través da historia das súas mulleres, en vez de facelo coa dos seus homes, era algo que enchía aínda máis os ocos en branco que puidesen figurar nos coñecementos e na curiosidade da audiencia do proxecto. De seguro que o público xeral sabe que os nobres da Idade Media tiñan exércitos, pero non haberá tanta xente que coñeza as fazañas militares de Dona Xoana de Castro,

a loita xudicial de Dona Maior de Ulloa por crebar o seu compromiso matrimonial ou a xestión da propia facenda que moitas levaban a cabo ó quedaren viúvas, en ausencia do home ou, de seu, como herdeiras do seu patrimonio –velaí Dona Urraca de Moscoso. E de seguro que atoparán estas historias tan interesantes ou, cando menos, chamadoras, coma min. Incorporar a perspectiva de xénero resultoume chave para lle dar forma ó traballo.

Amais, se algo me interesa máis que coñecer a historia medieval galega, é, dende logo, coñecer os milleiros de vidas alleas que ficaron esquecidas ó longo do tempo e que merecen ser recuperadas, ben sexa por xustiza poética ou por relevancia, de seu, histórica. E aí, por causa do sistema patriarcal que marca os ritmos da sociedade occidental, vai a memoria de moitas mulleres.

Así as cousas, e recompilando todo o explicado ata o de agora, o proxecto xa tomara case por completo a súa forma definitiva: sería un podcast episódico, con entregas de curta duración, onde se divulgaría, a través das mulleres da época, os aspectos da vida diaria da Galicia de mediados do século XV. Nese punto, concretei os detalles técnicos –o produto contaría cun conxunto de entre 5 e 8 episodio se cada un tería unha duración de 15 minutos– e centreime en desenvolver o modo de narración.

Atendendo á máis pura manifestación de curiosidade xornalística, concluí que o mellor xeito de saber como era a vida daquela xente era preguntándolles directamente. Un imposible, por suposto. Non obstante, o certo é que comecei a pensar en que sería o que dirían estas persoas se se lles fixese unha entrevista, e por isto decidín que cada episodio fose, precisamente, unha conversa co perfil feminino que fixese parte da liñaxe que corresponder.

Pero, como facelo? Pois combinando investigación e técnicas de adaptación de guión. Se chegaba a coñecer o suficiente da biografía das mulleres que quería que me servisen de guía nos episodios para saber sobre elas, as súas casas e mais certos aspectos da vida na época, podería reconverter toda esa información nunha sorte de texto coas preguntas que me gustaría facerlles e mailas respostas que eu interpretase que me poderían dar en función do que tivese descuberto sobre elas.

E así o fixen. Non obstante, canto máis investigaba e traballaba na idea, máis me demostraba que non podía quedar só nas mulleres nobres se pretendía que o atractivo do proxecto fose botar unha ollada precisamente á cotiandade galega baixomedieval. Por iso, engadín o perfil dunha muller que fixese parte da Igrexa e mais doutra que representase o pobo.

Digo «representase» porque, tal e como me indicaron os expertos que consultei, non quedan apenas rexistros da xente do común do momento; pouco máis cás mencións nalgúns textos xudiciais a certos abusos públicos ou, por suposto, os contratos forais. Diante da imposibilidade de traballar sobre un perfil real, documenteime polo xeral sobre a vida cotiá do pobo na época e deseñei unha personaxe ficticia que puidese recoller tódolos aspectos que presentase en común o conxunto de labregas da Galicia medieval.

3.7. As escollidas

Alén das vidas das mulleres que entrevistase, era o meu obxectivo tratar en cada episodio un aspecto determinado a respecto da vida en feminino do momento. Tamén perseguía ofrecer unha visión sintetizada do panorama xeográfico da implantación territorial das grandes liñaxes. Así pois, o proceso de escolla foi orgánico: mentres lía e descubría novas figuras, historias e biografías, ían casando os temas e maila voz que podería “falarme” deles en cada entrega, en conxunción coa súa procedencia familiar ou estamental. Deste xeito, a escolla final dos episodios quedou como segue:

- **Maio de Ulloa:** o matrimonio concertado das mulleres nobres e mailos seus dereitos en materia xudicial.
- **Urraca de Moscoso:** a xestión económica da propia facenda e mailas derradeiras vontades para cos seus serventes nun contexto urbano.
- **Teresa de Zúñiga:** o mito da muller mala e mailo castigo patriarcal pola ambición feminina, así como a relación da nobreza cos irmandiños.
- **Inés García de Lousada:** a resistencia das relixiosas beneditinas galegas fronte a Reforma Monástica dos Reis Católicos que pretendeu sacalas dos seus mosteiros –espallados por toda Galicia– e pechalas a todas no compostelán complexo de San Paio de Antealtares. Alén disto, vida privada das monxas e Igrexa como propietaria e arrendadora das terras.
- **María Rodríguez (ficticia):** vida cotiá e condicións materiais da muller labrega. Tamén lecer e calendario do pobo en contextos rurais.

3.8. Alén das entrevistas

Non era a miña intención facer un podcast de entrevistas. Considerei que o trato da materia precisa dun conxunto de apuntes contextuais que cómpre introducir fóra das conversas. De non facelo así, coido que estas perderían un certo grao de naturalidade que se fai crucial no produto final.

As entrevistas serían a parte central do episodio, si, pero estarían precedidas por dúas breves intervencións a modo de introdución do contexto, da liñaxe ou do grupo social do que se falar e mais da biografía da protagonista en si. Amais, considerei importante incluír, ó xeito das reportaxes radiofónicas, dous apartados de voces cidadás preguntadas polas temáticas de cada episodio de forma que achegasen dinamismo á peza. Voces que recollería nos lugares de orixe de cada muller –ou onde desenvolvesen a parte máis sinalada das súas vidas– para establecer unha sorte de ponte entre a súa memoria e o noso presente.

Xunto a todo isto, quedaba tan só incluír o apartado de son. Cada episodio conta cunha sintonía de abertura e outra de peche; elementos radiofónicos de separación entre espazos como son os refachos e mais efectos de son para ambientar o fondo das entrevistas e mais para dar sentido á narración do concepto no que se enmarca o podcast. Unha serie de recursos incluídos no produto final coa intención de facer del unha peza dinámica que manteña a atención da audiencia o máximo posible.

3.9. Concepto

En sintonía coa idea de desenvolver un produto que poida ter percorrido no mercado, decateime de que era mester ofrecelo envolto nun marco conceptual determinado. E é que entrevistar a mulleres que levan finadas cinco séculos non é algo que sexa posible na vida real, polo que, entendo, que o proxecto debe achegar unha explicación. Por isto, desenvolvín a nave ADESORA.

A nave ADESORA é un vehículo interdimensional que viaxa a través do tempo e mais do espazo atendendo as indicacións da súa inventora e capitá, unha ficticia científica novel de nome Alana. Ela é a locutora que realiza as entrevistas ás mulleres protagonistas dos episodios, así como a que escoitamos nas introducións e mais nos pasos ós cortes dos cidadáns enquisados a pé de rúa. Canda ela, tamén fala unha voz masculina, pertencente ó robot de a bordo da nave ADESORA.

Trátase dun concepto que pode ter continuidade, xa que igual que nestas primeiras entregas indaga sobre mulleres galegas baixomedievais, faise viable que se centre noutra etapa temporal en vindeiras edicións. O contido das viaxes da ADESORA fican na internet para ser consultado por aquelas persoas curiosas que queiran saber un chisco máis sobre a nosa historia.

O nome da nave é un xogo de palabras. Na actualidade, a expresión «a deshora», fai referencia a un acontecemento que sucede «tarde ou fóra de tempo» ou «nun momento intempestivo e inoportuno», tal e como recolle en dúas acepcións a Real Academia Galega (2024a). Non obstante, segundo o Corpus Lexicográfico medieval da Lingua Galega do ILG (Instituto da Lingua Galega, 2006), nos textos da época aparece escrita de diversos xeitos –«a desora», «a so ora», «a de so ora» ou «a essa ora», entre outras formas– e achega un significado que funciona como sinónimo do adverbio «subitamente». Así pois, considerei axeitado que ese fose o nome da nave, en referencia á súa actividade a través do tempo e sen explicación fóra da ficción.

3.9.1. Escolla das locutoras

Tódalas voces que se escoitan no podcast son identificables con persoas novas, agás algunhas dos cortes das opinións cidadáns. A escolla vén xustificada para tratar de conectar todo o posible cun público xeral novo que se anime a escoitar unha peza divulgativa que se refire a unha materia densa e na que, non obstante, pode verse reflectido.

As locutoras que poñen voz ás mulleres protagonistas non son profesionais da dobraxe. Trátase de amigas que colaboraron no proxecto e que seleccionei en función do seu timbre e tamén da súa orixe xeográfica, para poder achegar un detalle moi agochado –e fóra de rigor histórico, xa que non se procurou de xeito deliberado a dicción do galego medieval– a respecto dos diferentes puntos de Galicia nos que desenvolveron as súas vidas as entrevistadas.

Hai seseo da Costa da Morte en Urraca de Moscoso –a intérprete é de Vimianzo–, rotacismos da provincia de Ourense en Teresa de Zúñiga –quen locuta é de Verín–, ou a prosodia propia da comarca da Ulloa no caso de Maior –fala unha veciña de Antas de Ulla–. É simplemente unha mostra das variantes xeográficas do galego para achegar unha mostra da riqueza da lingua no proxecto, así coma unha sorte de mensaxe en chave de cara á audiencia.

4. Memoria de actividades

A realización do presente traballo, como calquera outro proxecto, distribuíuse en tres fases ou etapas: preproducción, produción e posprodución. O marco temporal de tódalas actividades que envolveu esténdese dende finais do ano 2023 ata o 30 de xullo do 2024.

4.1. Primeira fase: preproducción (de novembro do 2023 ata abril do 2024)

Os labores desta primeira etapa tiveron a súa orixe contra mediados de novembro do ano 2023. Dende o comezo do curso, tiven claro que non quería desenvolver o tema do TFG que escollera en primeiro lugar e que pretendía mudalo. Así, no mes de outubro, contactei co coordinador da materia do Traballo de Fin de Grao, Ángel Vizoso, para solicitarlle información a respecto dos trámites de como formalizar o cambio de tema, e así ma facilitou.

Cómpre salientar que a idea que finalmente escollín e que se presenta neste traballo non foi a primeira opción que me veu á mente, pois esta foi a realización dun proxecto de ficción que tivese como motivación a reflexión a respecto dos límites deontolóxicos do xornalismo de sucesos. En calquera dos casos, desbotei axiña esta opción e dei en escoller a definitiva, cuxo desenvolvemento, como explico a continuación, ocupoume dende a primeira parte deste ano académico.

4.1.1. Achegamento á cuestión (novembro e decembro do 2023)

Había tempo que tiña intención de afondar na historia medieval galega e, en concreto, na das liñaxes da nosa nobreza. Deille unha oportunidade a esta posibilidade, como digo, a mediados de novembro, e comecei a realizar os primeiros labores de documentación, unha primeira inmersión que me achegase unha ollada previa ó estado da cuestión.

Coa realización destas primeiras actividades, decateime de que me era posible afondar no tema e chegar a desenvolver un proxecto neste sentido. Así as cousas, decidín apostar por esta opción e continuei a documentarme. En decembro dei co libro “Mulleres con Poder na Galicia Medieval” (Pardo de Guevara y Valdés, 2017), unha recompilación de datos biográficos de señoras medievais galegas que viviron entre o século XIII e o XV, traballo a cargo do equipo de historiadores do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, adscrito ó CSIC, e liderada por Eduardo Pardo de Guevara. Esta peza mudoume a perspectiva: xa non quería centrarme, polo xeral, nas liñaxes, senón no papel das mulleres da nobreza da época.

4.1.2. Desenvolvemento da idea (xaneiro, febreiro e marzo do 2024)

A un tempo que desenvolvía o apartado da investigación e mais da documentación, tamén avanzaba no deseño do proxecto. Tiña idea de facer un podcast, en primeiro lugar, por preferencias persoais e adaptación de capacidades e posibilidades técnicas. Non obstante, co correr do proceso decateime de que para falar do pasado e, en concreto, de persoas das que non

quedan sequera gravados do seu aspecto ou vestixios materiais, o formato do audio era o máis axeitado. Axiña decidín que unha tirada de entre 5 e 8 episodios duns 15 minutos de duración sería a lonxitude idónea para o proxecto, tanto dende o punto de vista das posibilidades de produción, como dende o das de consumo.

Amais, xa con datos na man e mais algún perfil en mente, considerei pertinente que cada entrega se centrara na historia dunha muller, e que a explicación da súa biografía tamén cadrara ou ficara enfocada, na medida do posible, dende un tema ou convención social en concreto. Así pois, para a elaboración de cada episodio, pensei en achegar unha primeira parte a modo de introdución, de xeito que se puidese ofrecer información contextual a respecto da época, da muller en concreto e mais da liñaxe á que pertencen.

Pero, de certo, dende o comezo tiveron en mente a idea de incluír unha sorte de entrevistas simuladas ás protagonistas directas da historia. Idea que xurdiu a partir do máis puro instinto xornalístico e do razoamento máis simple: “Que dirían estas mulleres se puidesen falar nos nosos días e explicar as súas razóns e as súas motivacións?”. Consciente, por suposto, da imposibilidade de entrevistar persoas que levan finadas máis de cinco séculos, axiña pasei a ver con moi bos ollos a posibilidade de elaborar uns textos en base ós datos biográficos que constan de xeito que se puidese, mediante eles, artellar o discurso destas mulleres.

Alén do desenvolvemento da idea, a comezos de ano mantiven dúas reunións con Ángel Vizoso, o coordinador do Traballo de Fin de Grao, e mais con José Sixto-García, o meu titor, co obxectivo de llela explicar a ámbolos dous. A mediados de febreiro redactei a solicitude de cambio de TFG á Comisión Académica, que a aprobou a data de 4 de marzo deste ano. A un tempo, consultei traballos de anos anteriores facilitados por Sixto-García de xeito que puidese facerme unha idea dos puntos que se adoitan incluír na tipoloxía de proxectos na que se enmarca o presente e comecei a elaborar varias propostas de índice que foron variando no tempo ata chegaren á actual. En todo caso, estas sempre incluíron un apartado para a memoria de actividades, un marco teórico e maila descrición xeral do proxecto canda a súa xustificación.

Así pois, tendo claro que precisaba enchouparme de toda a información dispoñible para ser quen de crear estes guións, seguí adiante co proceso de documentación e caín na conta de que, se cadra, unha opción interesante sería a de incluír no futuro proxecto as historias de vida de mulleres que tivesen feito parte dos outros dous estamentos, o clero e mailo pobo. Neste sentido, e para asentir as bases do proxecto, busquei fontes expertas coas que falar cara a cara de xeito que me puidesen aclarar o lote de dúbidas que me estaban xurdindo co desenvolver do proceso. Así, contactei cun conxunto de estudosos contrastados na materia da historia medieval galega e, en concreto, das mulleres da época.

O xoves, 29 de febreiro á tarde mantiven unha xuntanza de máis de dúas horas de duración co investigador do Instituto Padre Sarmiento Miguel García-Fernández, a doutoranda Carla Trincado e maila profesora doutora Diana Pelaz no despacho desta última, localizado na Facultade de Historia da Universidade

de Santiago de Compostela. Logo de lles explicar *grosso modo* a idea que estaba a desenvolver, estas tres persoas achegáronme propostas de perfís femininos que puidesen ser do meu interese –con detalles biográficos que remataron marcando a diferenza, como no caso de Urraca de Moscoso e o seu coidado pola facenda propia visto no feito de levar sempre consigo un libro de contas no peto (Calderón, 2007)–, así como información contextual a respecto do panorama xeral e mais da nobreza galega da época –orixe das casas e trazos principais da localización xeográfica das súas propiedades–.

Cabe destacar que non gravei esta conversa de ningún dos xeitos, polo que dela non quedan rexistros alén de correos electrónicos previos e mailas notas que tomei no momento, así como o obsequio do volume número 47 da Revista Murguía, especializada en investigación histórica, por García-Fernández. El foi o coordinador desa mesma edición, que se centrou nas achegas a respecto das mulleres na Galicia medieval. Do devandito traballo recollín información de dous artigos a respecto da situación feminina social e xurídica da Alta Idade Media (Fernández-Ferreiro, 2023 e Lorenzo-Rodríguez, 2023). García-Fernández tamén me facilitou bibliografía a respecto das figuras de Teresa de Zúñiga –unha ferramenta didáctica na forma de presentación de diapositivas non publicada– e mais da vida nos mosteiros bieitos galegos no século XV, a través de traballos da súa autoría.

Dese encontro saíron varios perfís femininos candidatos como son os que seguen a continuación:

- Maior de Ulloa, na que xa tiña posto o interese con anterioridade.
- Teresa de Zúñiga
- Maior de Soutomaior
- Tareixa de Távora
- Urraca de Moscoso
- Xoana de Castro
- María de Andrade
- María das Mariñas
- Inés García de Lousada
- Inés de Quiroga
- Beatriz de Castro
- María Pimentel de Castro

Todas e cada unha delas amosan un perfil que considerei interesante, se ben fun descartando diferentes posibilidades ó tempo que tentaba xuntar unha selección coherente a respecto, como indiquei previamente, das liñaxes que quixer tratar, a localización das súas propiedades e mailo tema que podía explorar a través das súas historias vitais. Deste xeito, e malia algún outro descarte que se produciu nos derradeiros meses do proceso de documentación por cuestións de imposibilidades técnicas ou falta de adaptación ó produto –velaquí Tareixa de Távora ou Beatriz de Castro–, a escolma ficou coa inclusión de Maior de Ulloa, Teresa de Zúñiga e Urraca de Moscoso coma señoras nobres e con Inés García de Lousada coma representante do clero.

A raíz desta reunión, concluí que se pretendía achegar o perfil dunha muller labrega da época, tería que botar man da adaptación dunha personaxe ficticia inspirada na vida diaria do estamento do pobo. Isto, diante de que as persoas expertas consultadas me confirmasen as sospeitas que tiña en canto á falta de información das biografías da xente deste conxunto social. Lembro, de feito, que Diana Pelaz explicou que pode haber “algunha denuncia” de caso de abuso público cometido sobre unha muller do pobo por parte de señores, pero de pouco máis ca diso quedan rexistros, alén, por exemplo, dos contratos forais – documentos que, en comparación coa información biográfica dispoñible das señoras nobres, resultan moi escasos e practicamente imposibles de usar para o artellamento dun discurso propio—. Na súa exposición, Pelaz mencionou o nome “María Rodríguez”, de xeito que foi ese o que escollín para a devandita adaptación.

Fóra da escolma final quedou a miña idea de incluír unha muller da liñaxe de Andrade. Principalmente, porque a que pretendía traballar dende o comezo era María de Andrade, señora desta casa que, segundo a pouca información que chegou ós nosos días, o máis probable é que chegase a tal posición sendo aínda unha nena. En calquera dos casos, o seu mandato foi breve e, como digo, carente dos datos suficientes como para artellar un discurso sobre a súa vida. Así as cousas, e porque a miña intención era tocar os Andrade si ou si –por proximidade a respecto do meu concello de orixe, Valdoviño, son a grande familia baixomedieval da que sempre oín falar–, decidín localizar a ficticia labrega María Rodríguez nas terras dos Andrade.

4.1.3. Documentación e estrutura

Coa idea xa deseñada na súa totalidade, continúei cos labores de documentación. Desta vez, xa centrados en rematar o contexto da época e das liñaxes, así como das mulleres do pobo e mais dos perfís persoais que resultaron definitivamente escollidas. Neste sentido, seguí traballando coa compilación biográfica de señoras medievais de Pardo de Guevara y Valdés (2017), así como cos materiais de García-Fernández en canto á vida nos mosteiros bieitos femininos de mediados do século XV (2014, 2016, 2022a e 2022b) –mesmo coa súa participación no podcast *Descifrando a Historia* (Gesteira, 2023)–; as achegas de Pastor *et al.* (1990) a respecto da vida diaria e doméstica dos e das labregas, os artigos da Revista Murguía que se refiren ás denuncias xudiciais das mulleres e mais á súa situación na Galicia alto medieval (Fernández-Ferreiro, 2023 e Lorenzo-Rodríguez, 2023) e, por suposto, a aproximación ó panorama das liñaxes galegas de García-Oro (1981), que resultou unha das fontes principais de documentación para este proxecto.

Consultei de igual xeito o traballo sobre o testamento de Urraca de Moscoso de Calderón (2007) para colleitar máis detalles da vida desta protagonista. Alén disto, tamén me apoiei na reedición da relación de liñaxes galegas de Vasco da Ponte (2008), e mais na análise da revolta irmandiña de Galbán-Malagón (2010) para ter contexto xeral.

Cómpre salientar que todos, absolutamente tódolos feitos, aspectos e trazos descritivos mencionados tanto na presente parte escrita como no podcast en si están debidamente apoiados na bibliografía mencionada.

A un tempo, tamén avancei no deseño dos episodios do podcast. Na tarde do 9 de marzo escribín a estrutura de cada entrega, que contaba nese momento cos elementos que seguen:

- Sintonía
- Frase (declaración xurídica ou cita literaria que fixese referencia ó tema a tratar)
- Introducción da casa escollida
- Contexto do tema a tratar
- Tren de voces de veciños do lugar de orixe da protagonista a respecto dos coñecementos que tiveren en relación á súa casa
- Introducción da figura da protagonista e datos biográficos (a dúas voces)
- Entrevista simulada (con fondo de son ambiente da localización que se suxestionar)
- Tren de voces de veciños do lugar de orixe da protagonista a respecto da opinión das súas actuacións
- Frase (declaración xurídica ou cita literaria que fixese referencia ó perfil da muller tratada)
- Sintonía

Esta presentación tamén contaba co emprego dunha música a modo de bases radiofónicas para a parte das introducións e mais de efectos sonoros para dotar a narración de ritmo e expresividade. Amais, xa nela se contaba, como se expuxo, coa duración total dos episodios de arredor de 15 minutos, dos cales, metade, serían para a entrevista simulada e a outra metade, para a parte introdutiva.

Houbo elementos, como se debulla no apartado que describe a estrutura do produto no presente traballo, que ficaron fóra desta primeira aproximación, como poden ser as frases de entrada e de saída; e mais outros que sufriron modificacións, como poden ser as partes das introducións. Amais, nestes momentos, inda quedaba pendente a incorporación da figura da nave ADESORA como concepto que envolvese a modo de sinopse a proposta, algo que se sumou ó traballo definitivamente, e fóra dalgunha idea previa, a finais do mes de maio. E é que o proxecto, como calquera outro, alén das súas liñas xerais, ficou nunha actitude dinámica en canto ós aspectos máis miúdos ata as derradeiras semanas de realización.

4.1.4. Planificación temporal

Neste tempo tamén se foron realizando labores de planificación temporal que, a medida que correron as semanas, ficaron actualizadas en sucesivas versións. Non obstante, a tendencia foi sempre a mesma en canto á distribución das semanas de traballo que ficaban por diante:

- Documentación
- Guionización e recollida de voces
- Gravacións
- Edición e montaxe
- Redacción da parte escrita

No mesmo período, fun desenvolvendo de xeito paralelo varias propostas de índice ou, cando menos, de puntos a tratar na parte escrita: dende os apartados do marco teórico ata, volvendo ás mostras dos traballos que puidera consultar no comezo do proceso, as seccións que había incluír na parte escrita. Tamén contemplaba nestes momentos a posta en práctica dunha estratexia de redes, se ben esta posibilidade, como se explica en liñas vindeiras, fica desbotada no momento en que se decide que cómpre realizar tal deseño, si, mais esperar a ter unha oferta para o desenvolvemento e distribución do podcast antes de sacar o seu contido ó público.

4.2. Segunda fase: produción (abril, maio, xuño e xullo do 2024)

No mes de abril deron comezo os labores de produción do podcast. Co traballo de documentación xa ben avanzado e mailos perfís das protagonistas dos episodios xa escollidos, ficaba pendente o labor de escoller as voces que lles darían vida, así como designar as datas de gravación para esta parte e maila das introducións, e tamén as das saídas na procura de voces de veciños nas localidades de orixe das señoras.

En canto á comunicación co titor, neste período fíxenlle varias actualizacións do proceso de preprodución e mais de produción, a respecto da situación que presentaba no momento o desenvolvemento do traballo. Amais, tamén lle acheguei ó titor o comezo da redacción do marco teórico e mailo índice de contidos do traballo.

A esolla das voces para dar vida ás señoras medievais deuse a través dun proceso de avaliación que contemplou parámetros de orixe das locutoras, sen deixar de lado as características técnicas e estéticas propias das súas voces e do artellamento da dicción e da prosodia que presentaren. Unha vez seleccionadas, acordáronse con elas as datas de gravación.

4.2.1. Saídas para as entrevistas de rúa

Producíronse seis saídas na procura de voces de residentes nas localidades de orixe das señoras ou ben de localización das súas propiedades máis sinaladas. Unha iniciativa necesaria para configurar posteriormente as mesturas de opinión a respecto das liñaxes, das personaxes tratadas e mais das súas actuacións. En cada unha, entrevistei un mínimo de tres persoas e un máximo de sete para poder ter material dabondo de cara á montaxe. Velaquí a relación das mesmas en orde cronolóxica:

- Ribadavia, 13 de abril, para o episodio de Teresa de Zúñiga.

- Soutomaior, 13 de abril, para o episodio de Tareixa de Távora que finalmente decaeu por razóns editoriais relativas á imposibilidade de cohesión do seu tema en relación ó resto da proposta.
- Vimianzo, 20 de abril, para o episodio de Urraca de Moscoso.
- A Pobra de Trives, 27 de abril, para o episodio de Inés García de Lousada.
- Palas de Rei, 27 de abril, para o episodio de Maior de Ulloa.
- Pontedeume, 13 de maio, para o episodio de María Rodríguez.

En tódolos desprazamentos contei coa axuda na condución e a colaboración nas gravacións de Xoel Rodríguez, agás no caso de Vimianzo, onde fun asistida por Lorena Castro, e mais no de Pontedeume, onde me despracei eu soa. Cómpre salientar que estas entrevistas de rúa contaron tamén co formato vídeo, así como cunha entrada e unha saída do que tería sido un vídeo en formato *reel* ou *tiktok* en cada vila que non se chegaron a editar con posterioridade por ter descartado materializar a campaña de difusión en redes sociais do presente traballo antes de obter unha vía ou unha oferta de distribución do mesmo.

4.2.2. Entrevistas

Para a elaboración dos guións das entrevistas, os labores de documentación intensificáronse en tanto e en canto pasaron a centrarse na procura de información a respecto da biografía dos perfís seleccionados, información que atopei en tódalas fontes mencionadas ata o presente punto deste documento. Unha vez recadados os datos necesarios, procedía a establecer as liñas temáticas chave que pretendía incluír na entrevista, ordenábaos e, daquela si, comezaba a escribir. Neste proceso tiven tamén en conta a imaxe que formei a respecto da análise que puideren realizar con respecto a certos trazos de carácter de cada unha das mulleres –o tesón de Maior, a responsabilidade económica de Urraca, a vontade de xestión da casa e do porvir de Teresa, a resistencia de Inés ou a naturalidade coa que habían vivir a cotiandade as mulleres labregas–. De xeito que isto foi algo que engadín á hora de formular as intervencións simuladas nos guións das entrevistas.

A respecto das gravacións, producíronse cinco, tal e como seguen en orde cronolóxica e co nome das locutoras e a súa orixe xeográfica entre parénteses:

- Urraca de Moscoso (Lorena Castro, de Vimianzo), 3 de maio.
- María Rodríguez (Laura Rodríguez, de Valdoviño), 6 de maio.
- Inés García de Lousada (Carlota Álvarez, de Piñor de Cea), 8 de maio.
- Maior de Ulloa (Antía Montes, de Antas de Ulla), 29 de maio.
- Teresa de Zúñiga (Lara Salgado, de Verín), 17 de xuño.

Tódalas entrevistas foron gravadas no estudo central de Radio Galicia – Cadena SER, en Santiago, e co permiso expreso do director de contidos da casa, Ricardo Rodríguez, e mais coa colaboración técnica de persoal da emisora, Montserrat Peteiro, Antonio España e José Manuel Elías. A decisión de realizar as gravacións na emisora e non nas instalacións da facultade veu dada por unha mera cuestión de horarios e de conciliación coa vida laboral.

Cómpre salientar, igualmente, que o proceso de edición comezou nalgún caso nada máis rematar de gravar as entrevistas, se ben fica explicado no apartado da terceira fase, a posproducción, xa que foi nese momento cando se revisaron tódolos contidos e se comprobou a súa viabilidade para incluílos na montaxe do produto final.

4.2.3. Introducións

A redacción e maila gravación das introducións chegou de xeito máis tardío. Para a elaboración dos textos, volví sobre a documentación contextual que recadara inicialmente, tanto no eido do marco histórico xeral, como no das liñaxes nobres. No proceso, fusioné toda esta información co concepto sinóptico do podcast, de feito que despreguei un diálogo entre os dous personaxes ficticios que interactúan a bordo da nave ADESORA, a capitá Alana e o robot 365, de xeito que a información chega ó oínte a través dun modelo a dúas voces que resulta máis lixeiro e natural, mesmo informal, sintetizando as achegas investigativas nun exercicio divulgativo e tocando o xénero de podcast de conversa, como se explica no apartado de descrición do produto.

Así as cousas, as gravacións das introducións dos episodios, fixadas con Xoel Rodríguez, locutor de 365, tiveron lugar os días 17, 18 e 19 de xullo. De novo, e como as entrevistas, no estudo central de Radio Galicia – Cadena SER, en Santiago.

4.2.4. Guións e gravacións finais

Gravadas as dúas partes principais de tódolos episodios, chegara o momento de comezar a pensar na montaxe. Para isto, pasei a elaborar os guións definitivos de tódolos episodios xa completos, tal e como figuran na sección de anexos. Amais, reparei en que era mester incluír no produto final unha serie de indicativos que achegasen o título dos episodios, a autoría e os agradecementos. Tamén aproveitei para gravar algúns que funcionasen como indicadores de funcións da ficticia nave ADESORA.

Deste xeito, fixei con Paula Cantelar unha data para gravar estes elementos sonoros nun dos estudos individuais de Radio Galicia. Isto aconteceu o 15 de xullo ó mediodía, e houbo unha segunda convocatoria unha semana despois, o día 22, para deixar lista a parte dos indicativos da autoría e repasar os do lema do podcast. No espazo de tempo deses dous días, eu mesma tamén gravei de novo certas intervencións breves ou frases que me correspondera locutar a min, catro ou cinco, coas que non quedara contenta no momento das gravacións das entrevistas e das introducións.

4.2.5. Música e efectos de son

De cara á montaxe, tamén comecei a buscar no mes de xullo o conxunto de efectos sonoros que aparecen no resultado final, tales coma pasos, abertura e peche de comportas, teclas ou avisos de ordenador, entre outros. O mesmo fixen co son ambiente que situei de fondo nas entrevistas, para dar idea de onde se indica que se producen –dende paxaros piando nunha fraga ata o balbordo dun

camiión de mercadorías, pasando por unha fervenza ou mesmo unhas festas patronais galegas–, e mais nas partes das introducións, onde vai a representación sonora dunha estada nunha nave interestelar –ou interdimensional, neste caso–. Saquei todos estes recursos do banco de sons de uso libre Pixabay, coa excepción dalgún con permiso de uso de YouTube (as claves do coche do inicio dos episodios) e mailo son ambiente que eu mesma gravei na Praza de Cervantes de Santiago para o episodio de Urraca de Moscoso.

En canto á música presente no podcast, dende un comezo tiven claro que quería empregar como bases para a narración das introducións a versión de “Zorra” de Bad Gyal de Carlos Blasco, unha peza que descubrín hai xa anos e que desfruto moito. Del conseguín o seu permiso, como figura nos anexos, e tamén fago uso para a peza da sintonía da interpretación da “Tormenta”, movemento do “Verán” de Vivaldi, composición libre de dereitos e a disposición da cidadanía en YouTube. Isto, se ben é certo que pensei en botar man dalgunha versión doutra canción actual coñecida, como “Callaíta”, de Bad Bunny, a tales efectos. Non obstante, desbotei esta idea porque non atopei unha versión da calidade acústica que procuraba para incorporar ó podcast.

4.2.6. Imaxe visual e corporativa


Neste apartado cómpre sinalar que carezo dos coñecementos precisos para deseñar a imaxe visual dun proxecto destas características. Non son allea ás súas necesidades principais, se ben considero, en todo caso, que o mellor para o porvir do proxecto, así como para que acade o nivel de calidade preciso neste sentido, é contar co traballo dun profesional na materia. Esta é unha das principais motivacións que se me presentan para buscar financiamento, como se expón en epígrafes posteriores, xa que o traballo desta persoa ha ser remunerado.

Dito o anterior, non tiña intención de deixar deserto o presente apartado da memoria do proxecto, polo que desenvolvín unha serie de bosquexos a respecto de como entendo que debería amosarse o produto de cara ó público. Son, se cadra, indicacións que achegaría á persoa que se encargará do deseño gráfico do proxecto, se ben, en todo caso, teñen un carácter orientador. Velaquí, pois, as propostas, desenvolvidas a través do software en liña de Canva e con elementos de uso libre.

En primeiro lugar, aposto por unhas tonalidades próximas ó violeta e ó lila para o fondo, o texto e mailo trazo das ilustracións, de xeito que ó momento a audiencia relacione o proxecto, aínda que sexa de xeito inconsciente, coa reivindicación da muller. Nas propias íconas participan outras cores de tonalidades ocre e douradas, que achegan unha certa percepción de aire clásico, antigo ou distinguido a respecto da área temática que se vai tratar. En canto ó tipo de letra, escollo a *Blink Twice*, unha tipografía de aspecto moderno, mesmo futurista, que crebe coa imaxe da caligrafía medieval, ao tempo que descarte a percepción do público de que, se cadra, vai escoitar falar de historia dun xeito tradicional e mesmo, para algúns oídos, aburrido.


ADESORA

Tipografía de ADESORA en formato *banner*. Fonte: elaboración propia.



No relativo ó logotipo, gustaríame deseñar unha sorte de mestura entre un reloxo analóxico e unha nave orbital. Á esquerda, unha proposta do logotipo.

Nas imaxes que irían na portada de cada episodio en plataformas, sintetizo o tema que se trata na entrega cun debuxo representativo. Deste xeito, temos unhas alianzas no caso do matrimonio de Maior, un lobo no caso do sentido de manda dos Moscoso un viño –do Ribeiro, por certo, igual cá súa vila de radicación– que dea imaxe de elegancia e mesmo mirada desafiante para Teresa, a figura dunha monxa para Inés, e mais unha mazaroca, en referencia ó agro, para María. Estes bosquexos ficarían intervidos, se cadra, nunha das súas esquinas polo logotipo primario de todo o podcast. Velaquí os bosquexos de exemplo:



Proposta de imaxes de portada dos episodios en plataformas. Fonte: elaboración propia.

A intención da imaxe corporativa do presente traballo ou, cando menos, dos fundamentos da mesma, ten como obxectivo sintetizar nun golpe visual o tema do que se vai falar en cada episodio. A un tempo, amais, pretende fuxir das fórmulas clásicas de representación da realidade material da Idade Media mediante a incorporación do seu concepto sinóptico, relacionado, de feito, cos canons da ciencia ficción. Mulleres, sociedade e pasado e futuro confrontados, pois: todo nunha mesma proposta visual.

4.3. Terceira fase: posproducción (xullo do 2024 e en diante)

Esta etapa do traballo comprendeu os labores de edición e montaxe e mais da redacción da parte escrita. Foi o último paso do traballo que se debulla no presente documento e desenvolveuse durante todo o mes de xullo deste ano.

4.3.1. Edición e montaxe

A comezos de xullo comecei a montar os trens de voces que soan nos episodios do podcast. Tamén repasei tódalas entrevistas que tiña editadas ou que comezara a editar ata daquela e deixei as preparadas. Por outra banda, unha vez gravada, poñíame automaticamente coa edición de cada introdución, e o 19 de xullo comecei a montar a cabeceira e mailo peche dos episodios.

Neste punto cómpre que me deteña e explique as complicacións que experimentei no proceso de edición. A miña idea, de novo, por economía temporal, conciliación e accesibilidade, era editar o podcast mediante o software que empregamos para preparar os contidos de audio na redacción de Radio Galicia, onde traballo a xornada completa. O Redacta é un programa co que estou familiarizada e co que edito axiña. Non obstante, á hora de me poñer a montar as diferentes partes dos episodios en varias pistas de audio, o servizo comezou a darme problemas e resultoume imposible editar o podcast deste xeito porque sistematicamente, unha vez gardados, os proxectos amosaban cortes de son ou fóra de lugar, froito de erros alleos a min no proceso de exportación.

Así as cousas, decidín botar man doutro programa, o Audacity, para poder, cando menos, gravar o audio dos proxectos en edición e seguir aproveitando a rapidez á hora de traballar que me podía facilitar o feito de editar co Redacta. Malia todo, esta práctica, amais de implicar unha perda de calidade de audio máis que salientable no resultado final, tampouco foi posible porque o primeiro programa comezou a fallar mesmo na reprodución dos propios proxectos en edición.

Deste xeito, tiven que familiarizarme e comezar a usar o Audacity na fin de semana do 19 ó 21 de xullo, co resultado, non obstante, de ter sido quen de sacar adiante as primeiras partes dos episodios. Canto máis empregaba este segundo software, mellor o entendía e mellor me desenvolvía nel, polo que axiña dei tido tódalas partes dos episodios. Primeiro montei tódalas introducións; logo, tódalas entrevistas; despois, refixen a cabeceira e mailo peche das entregas; e, finalmente, xuntei tódalas partes de tódolos episodios. Rematei a montaxe do podcast na noite do 23 de xullo.

4.3.2. Redacción da parte escrita

Feita a parte práctica, era hora de comezar coa parte escrita. Xa a comezos de xullo enviara ó titor outro fragmento do presente texto, alén do inicio do marco teórico, que foi un borrador do que fica hoxe coma o apartado da descrición do proxecto. Non obstante, poucos máis avances tivera o documento se non se

contabiliza a materialización da estrutura de contidos definitiva e maila maquetación da portada e das primeiras páxinas.

Así as cousas, retomei a elaboración do marco teórico e remitinlle metade ó titor antes da finalización da derradeira semana do prazo de realización do traballo, se ben puiden rematalo por completo nesa mesma fin de semana. Paralelamente, refixen o apartado da descrición do proxecto e escribín a presente memoria de actividades, así como a introdución, as conclusións, o resumo, as palabras chave e os agradecementos. O día da entrega do presente proxecto, o 30 de xullo, revisei a bibliografía, a ortografía e mailo resto de aspectos formais do texto.

4.3.3. O porvir: posibilidades futuras do proxecto

Como xa se explica nas xustificacións e mais na descrición do presente proxecto, «ADESORA: As Mulleres Alén das Alcobas» é un produto que nace e que se desenvolve coa intención de chegar ó público. Non obstante, como creadora, gustárame ofrecelo á súa hipotética audiencia cunha serie de calidades ás que, estando eu soa na produción, foime imposible chegar. Amais, entendo que todo traballo comunicativo, agás se presentar nun contexto de favor social, educativo ou humanitario, ha estar remunerado.

É dicir, se o presente traballo vai saír ó público con fins estritamente comerciais, considero que debe facelo coa xusta atribución económica que lle corresponder. Isto, claro está, é tan só unha possibilidade, xa que, aínda que o meu principal obxectivo sexa ofrecer o podcast con fins comerciais, non descarto, en absoluto, estrealo, previa reflexión e consideración, con fins educativos ou mesmo para ampliar o meu *portfolio*. En calquera dos casos, coido que nestes momentos o proxecto non reúne as condicións –e, se cadra, tampouco a súa creadora– para que saia ó público de xeito inmediato. E, por todo isto, deseñei unha estratexia de en canto a distribución e difusión.

Distribución

De sacar o día de mañá o presente proxecto á luz, teño claro que botaría man das principais plataformas de escoita como son Spotify, iVoox, YouTube, Apple Podcast e Google Podcast. Entendo que unha boa estratexia de distribución é a de estrear un episodio cada semana, nun espazo temporal total dalgo máis dun mes, ou cada dúas, nun período de dous meses e medio. Tódalas estreas deberán estar acompañadas da pertinente difusión en redes, que se trata no vindeiro apartado.

En calquera dos casos, e na liña do que comentaba a respecto da procura de financiamento, considero que chamar ás portas da administración pública para vender o proxecto podería ser unha possibilidade de cara a unha achega de investimento –penso, por exemplo, nos concellos de onde proveñen as mulleres protagonistas, moi mencionados nos episodios; ou mesmo nas seccións de cultura das diputacións provinciais e na Secretaría de Política Lingüística da Xunta–.

No eido privado, coido que existe o xeito de atraer patrocinadores –tal e como conseguiu o podcast “Descifrando a Historia”, por citar un exemplo galego e de divulgación histórica, ou como lograron facer multitude de estes formatos dentro e fóra das fronteiras españolas–; de incorporar un sistema de padroado ou mecenado –véxase o emprego da plataforma Patreon–; ou mesmo ofrecer contido a maiores cunha liña de subscrición no servizo que for –isto, por suposto, unha vez estreado o podcast–. Tampouco esquezo o circuío das produtoras destes formatos –velaí Ekos Podcast en España– ou dos seus festivais – Estación Podcast, como exemplo–. Entendo que esta sería unha vía que tampouco cómpre facer de menos.

Como xa expliquei, o horizonte comercial do presente traballo é o seu obxectivo principal e definitivo pero, de certo, se houberse institucións educativas dispostas a empregalo como parte da súa programación didáctica, coido que estaría encantada de llelo ceder previa conversa para o tratamento das condicións. O certo é que, como calquera produto divulgativo, a pretensión máis inherente á súa creación e desenvolvemento posterior é facer chegar o coñecemento especializado á poboación xeral. Con iso, o seu propósito estará cumprido.

Difusión en redes sociais

Diante do descoñecemento do futuro inmediato do proxecto, tan só me é posible achegar unhas liñas do plan de difusión en redes sociais que, coido, ha ser o axeitado para dar a coñecer o contido do podcast. Entendo que, de conformidade coa procura do público da Xeración Z, debería ter contas nas redes sociais máis empregadas por esta sección da poboación. Así as cousas, habería un usuario de ADESORA en Instagram e en TikTok, así como en X, sen prexuízo de se sumar a outras plataformas que chegaren e obteren un éxito sinalado de consumo entre a mocidade.

Tódalas contas deberían gardar a gama cromática seleccionada, e tamén constaren de presenza do logotipo do proxecto, así como estaren desenvolvidas en lingua galega. Han ser perfís perfectamente recoñecibles e asociables coa imaxe do podcast malia que sexa a través de plataformas. O ton do contido, en consecuencia co do propio podcast, haberá ser distendido e entretido, con linguaxe sinxela e coloquial. Unha boa liña de actuación, procurando a viralidade e maila recomendación do produto entre usuarios, é a de manter unha conexión coas conversas *online*, no sentido de prestar atención ás tendencias de humor do momento e mais ó vocabulario empregado de xeito máis común.

Coido que precisamente o humor é o que ha vertebrar tódolos contidos. Contemplo a gravación e edición de vídeos para historias de Instagram e tamén para *reels*, o mesmo formato para TikTok. Na primeira destas dúas redes, entendo que tamén se debe apostar polas publicacións a modo de mosaico ou infografía para *posts* explicativos, alén dos vídeos e mais das fotos, na procura de que a audiencia prema o botón de compartir e que así cheguen a máis xente. Os vídeos e mailas fotografías, por outra banda, poderán ser de entrevistas de rúa gravadas nas localidades de orixe das protagonistas de cada episodio, con preguntas que afonden nos coñecementos xerais de historia medieval, de historia medieval galega, da propia localidade nesa época ou de convencións

sociais do momento –matrimonio, xestión da facenda etc.–, sempre poñendo o foco especialmente na perspectiva feminina.

Non se descarta incluír intervencións en formato vídeo de personalización nas propias vilas, para relatar curiosidades das propias vilas ou da época medieval que poidan atrapar a audiencia e comezar a seguir o proxecto, igual ca outros formatos participativos semellantes que afonden nas características e particularidades do concepto sinóptico do produto. Neste sentido, tampouco queda fóra a posibilidade de desenvolver seccións de contido de seu, ó xeito dos enunciados “Que farías se puideses pilotar a ADESORA?”, “Persoeiros do pasado que nos gustaría entrevistar”; ou mesmo, imitando ou parodiando tendencias de produción de vídeo de carácter de estilo de vida. Así, poderíamos ter “Que gardaba no castelo Teresa de Zúñiga?” ou “73 preguntas dende a Torre dos Andrade”. O contido de redes ha estar, como digo, moi ligado ós materiais de consumo que atopan nestas plataformas os membros da Xeración Z.

Outras ideas, xa de cara á promoción dos episodios, poden ser a respecto da liñaxe que corresponder ou da señora en cuestión. Estas publicacións, con dito obxectivo específico, deberán programarse próximas á estrea de cada episodio, con entregas previas e posteriores á saída do capítulo en cuestión.

As historias de Instagram han ter unha función informativa –para reflectiren cando hai nova publicación–, outra de suba de contidos específicos –cun especial acento nas tendencias de conversa *online* do momento ou nos comentarios sobre temas de actualidade dende un punto de vista distendido– e unha terceira de interacción coa audiencia. Neste sentido, cómpre salientar que resultará chave manter o foco na creación de comunidade co resto de usuarios, poñendo atención na resposta a comentarios e mais na interacción pública con outros proxectos de características semellantes ou cun público obxectivo común –na esfera galega, por exemplo, O Faiado Podcast–.

Será mester atender tamén ás tendencias de emprego de música en ámbalas dúas plataformas, así como a outros técnicos para aproveitar ó máximo as posibilidades de viralización. En canto ó calendario de publicacións, faise necesario manter unha actividade diaria, cando menos, nos labores de creación de comunidade e de interacción coa audiencia. Alén disto, no período de emisión ou de estrea das entregas do podcast, estará ben que se suban unha media de entre 4 e 8 pezas de contido á semana, entre as publicacións gráficas previstas para o anuncio en si do episodio, con indicativo de título, tema e breve descrición, para as historias de Instagram e mais para os vídeos verticais de curta duración –tanto en Instagram como en TikTok– de promoción dos episodios e mais do podcast en si.

Continuación

Preséntanse diferentes perfís de señoras medievais que semellan interesantes para unha hipotética segunda tempada do presente podcast, así como outras realidades sociais que quedaron pendentes, como pode ser a situación das mulleres criadas en contornas urbanas. Entre os perfís nobres, poderíanse incorporar algunhas das que ficaron descartadas nas primeiras entregas como son Tareixa de Távora, Xoana de Castro ou Beatriz de Castro. De certo, para

algunhas mesmo xa se debuxan temas a tratar: a xestión militar no caso de dona Xoana ou as relacións de Galiza con Castela e Portugal no de dona Tareixa.

En calquera dos casos, ADESORA nace coa intención de achegar de xeito ameno e distendido as figuras dalgunhas personaxes históricas esquecidas para o groso da poboación. Un obxectivo primario que, dende logo, tamén podería seguir realizándose mesmo se se mudase a etapa histórica seleccionada para os primeiros cinco episodios de cara a vindeiras producións. Así pois, sería posible afondar nas figuras de Exeria, María Pita ou Maruxa Mallo, ou, se cadra, precisamente sobre as que nin sequera conservan o seu nome na memoria colectiva. Coido que hai moitas Exerías, Marías Pita e Maruxas Mallo que son descoñecidas para o imaxinario común da poboación, igual que o son Maior, Urraca, Teresa ou Inés, e que, de certo, merecen que se conte a súa historia dunha forma que chegue ó público xeral. Porque o importante, o que persegue este proxecto, é saber máis delas e facer que a xente se interese por coñecelas.

5. Conclusións e leccións de aprendizaxe

Cinco episodios de podcast de menos de vinte minutos de duración non semellan grande cousa, cando menos, en canto a tempo investido no relativo ó seu consumo. Non obstante, pola outra cara, a da produción, todo o contrario. Dediquei moito tempo e esforzo en desenvolver a idea do presente proxecto e mais en materializalo, e, unha vez entregado, podo dicir que valeu –e moito– a pena.

Penso que fun quen de producir unha peza que cumpre cos tres obxectivos que marquei para ela dende un comezo. Trátase dunha proposta que achega unha aproximación da vida das mulleres na Galicia baixomedieval a través dun produto en galego dirixido á Xeración Z e que comunica mediante un ton distendido, coloquial e rigoroso. Coido que está conseguido, malia contar con limitacións técnicas como son a falta de recursos económicos ou o feito de traballar de xeito individual, sen un equipo humano co que avanzar da man. Iso si, como indico no apartado dos agradecementos, grazas á familia, ás amizades e mesmo ós compañeiros de traballo, nunca me sentín soa cando máis soa puiden estar.

A realización deste traballo proveume de ensinanzas a respecto de técnicas de documentación, adaptación de guión, xestión de tempos a longo prazo e edición sonora. Durante o proceso tamén puxen en práctica as miñas aptitudes en canto a síntese, redacción e elaboración e desenvolvemento de proxectos audiovisuais. Alén do eido máis técnico, queda comigo o interese de crear máis pezas deste estilo, así como reportaxes de investigación, e maila intención de me aventurar no sector do audiovisual para ofrecer á cidadanía o resultado dos traballos que desexaría realizar. Espero, dende logo, que este non sexa o derradeiro.

6. Referencias bibliográficas

- Amoedo, A., Moreno, E., Negredo, S. Kaufmann-Argueta & J., Vara-Miguel, A. (2023). Digital News Report España 2023. *Servicio de Publicaciones de la Universidad de Navarra*. <https://doi.org/10.15581/019.2023>
- Antunes, M. J. & Salaverría, R. (26-29 de xuño do 2018). *Podcastpain: análisis de los pódcast de audio más populares en iTunes de España*. Actas del VI Congreso Internacional de la AE-IC, Comunicación y Conocimiento. Asociación Española de Investigación de la Comunicación. [Texto online](#).
- Balsebre-Torroja, A. (2000). *El lenguaje radiofónico*. Editorial Cátedra.
- Buster, B. (2020). *Cómo contar historias para que el mundo quiera escucharlas*. Editorial Koan.
- Campoverde, J. (2018). Estudio sobre el comportamiento y percepciones entre la generación Y y Z. *Revista Atlante: Cuadernos de Educación y Desarrollo* (marzo 2018). Disponible en: <https://www.eumed.net/rev/atlante/2018/03/estudio-generacionyz.html>
- Cebrián Herreros, M. (2008). La radio en Internet: De la ciberradio a las redes sociales y la radio móvil. *La Crujía*. [Texto online](#).
- Calderón, C. (2007). Doña Urraca de Moscoso: de la crónica a su testamento. Perfil de una noble gallega de la segunda mitad del siglo XV. *La Aljaba*, 11, pp. 211-228. <http://www.scielo.org.ar/pdf/aljaba/v11/v11a10.pdf>
- Coira-Pociña, J. (2015). *Cultura popular na Galicia medieval: tempo e ocio*. Tese de doutoramento. Disponible na Biblioteca de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
- Cunha, K. M. R. & Mantello, P. F. (2014). Era uma vez a notícia: *storytelling* como técnica de redação de textos jornalísticos. *Comunicação Midiática*, 9(2), pp. 56-67. [Texto online](#).
- Díaz-Chica, Ó., Santos-Fernández, D. & Matellanes-Lazo, M. (2021). La creatividad de la generación Z según su actividad en redes sociales. *Fonseca, Journal of Communication*, 22, pp. 231-253. <https://doi.org/10.14201/fjc-v22-22703>
- End to End Convergencia Comunicacional (2024) Marco General de los Medios en España 2024. Encargo da Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación (AIMC). [Ligazón](#).
- Erazo, M. A. (2007). *Comunicación, divulgación y periodismo de la ciencia. Una necesidad para Iberoamérica*. Editorial Planeta. [Texto online](#).

- Estévez-Molinero, Á. (1998). Relaciones entre literatura y periodismo: claves, en portada, de un (des)encuentro. *Alfinge. Revista de Filología*, 10, pp. 37-52. [Texto online](#).
- Fernández-Ferreiro, M. (2023). Ausencia de liberdade e xénero: achegamento ao status servil feminino na Galicia altomedieval. *Murguía, Revista Galega de Historia*, 47, pp. 109-138.
- Fernández-Quijada, D. (2021). Connecting with young audiences, what works?. En *Jornada ACR El futur de la ràdio i els joves: com podem atraure la generació Z*. [Texto online](#).
- Freire, E. P. A. (2017). Podcast: breve histórica de uma nova tecnologia educacional. *Educação Em Revista (Marília, Brazil)*, 18(2), pp. 55–71. <https://doi.org/10.36311/2236-5192.2017.v18n2.05.p55>
- Galbán-Malagón, C. J. (2010). *A guerra dos irmandiños (1465-1569)*. Editorial Lóstrego.
- García-Fernández, M. (2014). La proyección del monasterio femenino de San Salvador de Sobrado de Trives sobre su entorno: relaciones sociales, económicas y de poder. En Cunha, A., Pinto, O. & Oliveira-Martins, R. (coord.), *Passagens e poderes no medievo ibérico. Actas do I encontro ibérico de jovens investigadores em estudos medievais. Arqueologia, história e património*, (pp. 307-336). Editorial CITCEM.
- García-Fernández, M. (2016). ¿Libertinaje o libertad? Rompiendo la(s) regla(s) en los monasterios de monjas benedictinas de la Galicia bajomedieval. En Cacheda-Barreiro, R. M. & Fernández-Martínez, C. (coord.); García Iglesias, J. M. (dir.), *Opus Monasticorum IX. Universos en orden. Las órdenes religiosas y el patrimonio cultural iberoamericano*, 1 (pp. 121-152). Editorial Alvarellos.
- García-Fernández, M. (2022). Beyond the wall: power, parties and sex in late medieval Galician nunneries. En Pérez-Vidal, M. (ed.), *Women religious crossing between cloister and the world. Nunneries in Europe and the Americas, ca. 1200-1700*, (pp. 61-86). Editorial ARC Humanities Press.
- García-Fernández, M. (2022). Nin santas, nin peccadoras; ou todo e máis. Da condición feminina ás voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega. En Pichel, R. (ed.), «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*» *Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*, (pp. 225-284). Editorial Sílex Universidad.
- García-Martín, D., Terol-Bolinches, R. & Oliveira, M. (2023). Estudios sobre pódcast: evolución, temas y perspectivas en la publicación científica en España y 11 Portugal (Dialnet y RCAAP). *Ámbitos. Revista Internacional de Comunicación*, 62. 12-30 <https://doi.org/10.12795/Ambitos.2023.i62>

- García-Oro, J. (1981). *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*. Editorial Bibliófilos Gallegos.
- Gesteira, D. (presentador). (2023, 15 de setembro). As mulleres na Galicia medieval: campesiñas, nobres... Conversa con Miguel García-Fernández [episodio de podcast]. En *Descifrando a Historia* <https://go.ivoox.com/rf/116089928>
- Instituto da Lingua Galega (2006). Reprodución. En *Dicionario de dicionarios da lingua galega*. Consultado o 30 de xullo do 2024. [Ligazón](#).
- Kishigami, J. (2-4 de xuño do 2004). Triple A (any device, anytime, anywhere): services in ubiquitous networks and their impacts on the architecture and systems. *All-star network access workshop*. [Texto online](#).
- Labiano, Roncesvalles (2024). España sigue siendo uno de los países con mayor consumo de pódcast (44%). En *Digital News Report España 2024* (pp. 142-147) <https://doi.org/10.15581/019.2024>
- Legorburu-Hortelano, J. M., Edo, C. & García-González, A. (2021). Reportaje sonoro y *podcasting*, el despertar de un género durmiente en España. El caso de Podium Podcast. *Estudios sobre el mensaje periodístico*, 27(2), 519-529. <https://doi.org/10.5209/esmp.71204>
- Lorenzo-Rodríguez, A. (2023). «Veu a miña neta en presenza de xuíces». A denuncia feminina contra a violación en Galicia (séculos XI-XIII). *Murguía, Revista Galega de Historia*, 47, 139-152.
- Mars, T. (2021). El consum de la ràdio de la generació Z a Espanya i als principals mercats europeus. En *Jornada ACR El futur de la ràdio i els joves: com podem atraure la generació Z*. [Texto online](#).
- Martínez-Costa, M. P., Amoedo-Casais, A. & Moreno-Moreno, E. (2022). The value of podcasts to journalism: analysis of digital native media brands' offerings, production and publishing in Spain. *Profesional de la información*, 31(5), e310503. <https://doi.org/10.3145/epi.2022.sep.03>
- Martínez-Costa, M. P. & Díez-Unzueta, J. R. (2005). Lenguaje, géneros.y programas de radio. Introducción a la narrativa radiofónica. Editorial Eunsa.
- Martínez-Otón, L., Castillo-Lozano, E., Martín-Nieto, R., Pedrero-Esteban, L. M. & Pérez-Escoda, A. (2023). La producción de *branded podcast* en España: análisis de la oferta original en las plataformas de audio digital en 2022. *Ámbitos. Revista Internacional de Comunicación*, 62, pp. 49-68. <https://doi.org/10.12795/Ambitos.2023.i62>
- Martins do Rosario, N. (2008). Do *talk show ao televisivo*: mais espectáculo, menos informação. *Em Questão*, 14(2), pp. 149-162. [Texto online](#).

- Mauricio-Silva, F. (2009). Talk show: um gênero televisivo entre o jornalismo e o entretenimento. *E-Compós*, 12(1). <https://doi.org/10.30962/ec.289>
- McGarr, O. (2009). A review of podcasting in higher education: Its influence on the traditional lecture. *Australasian Journal of Educational Technology*, 25(3), pp. 309–321. <https://doi.org/10.14742/ajet.1136>
- Méndez-Majuelos, M. I., Olivares-García, F. J. & Ruiz Acosta, M. J. (2023). Análisis de los programas de historia publicados en iVoox. Pódcast como herramienta de divulgación. *Ámbitos. Revista Internacional de Comunicación*, 60, pp. 149-167
<https://doi.org/10.12795/Ambitos.2023.i60>
- Nieto, M. A. (2008). Dramáticos. En M. Alcudia Borreguero (Ed.), *Nuevas perspectivas sobre los géneros radiofónicos*, pp. 75-107. Editorial Fragua.
- Novoa-Jaso, M. F., Sierra, A., Labiano, R. & Vara-Miguel, A. (2024). Digital News Report España 2024. Calidad periodística y pluralidad: claves para la confianza informativa en la era de la inteligencia artificial (IA). *Servicio de Publicaciones de la Universidad de Navarra*.
<https://doi.org/10.15581/019.2024>
- Observatorio iVoox (2023). Estado del consumo de podcasts en español. Solicitud disponible en <https://g25b9wmmr.sibpages.com>
- Pardo de Guevara y Valdés, E. (2017). *Mujeres con Poder en la Galicia Medieval (siglos XIII - XV). Estudios, biografías y documentos*. Editorial CSIC-XUGA - Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS).
- Parlatore, B., Delménico, M., Beneitez, M. E., Clavellino, M. S., Di Marzio, M. A., & Gratti, A. L. (2020). El podcast y el desafío de repensar lo radiofónico. *DOAJ: Directory of Open Access Journals*.
<https://doaj.org/article/788a20ede08c415c9f332eac421f54e9>
- Parra-Valcarce, D. & Onieva-Mallero, M. R. (2023). Posibilidades del podcast como instrumento estratégico para la divulgación científica en iVoox. *Documentación de las Ciencias de la Información*, 46(2), pp. 143-152.
<https://dx.doi.org/10.5209/dcin.83743>
- Pastor, R., Rodríguez-López, A., Sánchez-León, P. & Alfonso-Antón, Isabel (1990). *Poder monástico y grupos domésticos en la Galicia foral (siglos XIII-XV). La casa. La comunidad*. Editorial CSIC.
- Pedrero-Esteban, Luis-Miguel (2021). Claves para la comprensión del consumo digital de los jóvenes. En *Jornada ACR El futur de la ràdio i els joves: com podem atraure la generació Z*. [Texto online](#).
- Pérez-Alaejos, M. P. M., Terol-Bolinches, R. & Barrios-Rubio, A. (2022). Podcast production and marketing strategies on the main platforms in Europe, North

- America, and Latin America. Situation and perspectives. *Profesional de la información*, 31(5), e310522. <https://doi.org/10.3145/epi.2022.sep.22>
- Piñeiro-Otero, T. & Pedrero-Esteban, L. M. (2022). Audio communication in the face of the renaissance of digital audio. *El Profesional de la Información*, 31(5). <https://doi.org/10.3145/epi.2022.sep.07>
- Quesada, M. (1984). *A entrevista, obra creativa*. Editorial Mitre.
- Real Academia Galega (2024). Reprodución. En *Dicionario da RAG*. Consultado o 30 de xullo do 2024. [Ligazón](#).
- Real Academia Galega (2024). Reprodución. En *Dicionario da RAG*. Consultado o 26 de xullo do 2024. <https://academia.gal/dicionario/-/termo/divulgación>
- Real Academia Galega (2024). Reprodución. En *Dicionario da RAG*. Consultado o 26 de xullo do 2024. <https://academia.gal/dicionario/-/termo/divulgar>
- Real Academia Galega (2024). Reprodución. En *Dicionario da RAG*. Consultado o 21 de abril do 2024. <https://academia.gal/dicionario/-/termo/podcast>
- Robert-Agell, F., Justel-Vázquez, S. & Bonet, M. (2022). No habit no listening. Radio and generation Z: snapshot of the audience data and the business strategy to connect with it. *Profesional de la información*, 31(5) e310515. <https://doi.org/10.3145/epi.2022.sep.15>
- Rodríguez-Luque, C., Alonso-Fernández, J. A. & Requeña-Búa, E. (2024). La nueva semiótica del microrrelato en radio y pódcast: emisor, oyente y creación literaria. La experiencia de *Relatos en Cadena* de la Cadena SER. *Revista Signa*, 33, pp. 107-130. [Texto online](#).
- Ruiz-Gómez, S. & Legorburu-Hortelano, J. M. (2023). Pódcast y ficción sonora en España: una relación simbiótica para recuperar un género olvidado (2013-2022). *Ámbitos. Revista Internacional de Comunicación*, 62, pp. 69-87. [Texto online](#).
- Sánchez-Fundora, Y. & Roque-García, Y. (2011). La divulgación científica: una herramienta eficaz en centros de investigación. *Bibliotecas. Anales de la Información*, 11, 91-94. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/5704469.pdf>
- Santamaría-Ochoa, C. D. (2011). *La entrevista periodística: ¿Género o herramienta?*, [tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela]. Disponible en [Minerva](#).
- Solanas-García, I., Martorell-Castellano, C. & Serra-Folch, C. (2013). La divulgación científica en ciencias sociales a través de las exposiciones: un estudio de caso. *Historia y Comunicación Social*, 18, pp. 815-826. [Texto online](#).

- Timberg, B. M. (2004). *Television talk: a history of the TV talk show*. Editorial da Universidade de Texas.
- Trujillo-Torres, J. M. L. (2011). The use of podcasts in higher education: Communication, innovation, education and knowledge management. *Revista de Universidad y Sociedad del Conocimiento*, 8(2), pp. 61–76. <https://doi.org/10.7238/rusc.v8i2.1047>
- Valero de Bernabé y Martín de Eugenio, L. (s. d.). La heráldica de Galicia. Características y singularidades. [Texto online](#).
- Vasco da Ponte & González Pérez, C. (2008). *Relación dalgunhas casas e liñaxes do Reino de Galiza*. Editorial Toxosoutos.
- Viana, L. (2020). O uso do *storytelling* no radiojornalismo narrativo: um debate inicial sobre *podcasting*. *Rumores*, 14(27), pp. 286-305. [Texto online](#).

7. Anexos

Nas vindeiras páxinas xúntanse os permisos de emprego das músicas incluídas no podcast, os guións das entrevistas e dos episodios ó completo, así como os textos das sesións de gravación dos indicativos.

I, Mr. Ilya Ioff, artistic director of The Divertissement Chamber Orchestra, and its legal representative, **AUTHORISE** Miss Iria Ramos Mesía to **USE OUR “THE STORM” PERFORMANCE RECORDING (including audio and video tracks) FOR FREE AND FOR ACADEMICAL PURPOSES**, as a part of the podcast **“ADESORA: As Mulleres Alén das Alcobas”**, her journalism degree final project at the University of Santiago de Compostela (2019-2024).

I hereby agree to the present document's purpose as I sign it:

30.08.2024, St. Petersburg, Russia

Ilya Ioff

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Ilya Ioff', written over a horizontal line.

- I. Autorización do emprego da interpretación da “Tormenta” de Vivaldi

Yo, Carlos Blasco Solís, con DNI 47175242B, **AUTORIZO** a Iria Ramos Mesía, con DNI 79345652E, a **USAR GRATIS CON FINES ACADÉMICOS** mi versión adaptada de la canción “Zorra” de Bad Gyal en el podcast **“ADESORA: As Mulleres Alén das Alcobas”**, su Trabajo Final del Grado en Periodismo de la Universidad de Santiago de Compostela (2019-2024) y con la única exigencia de **REFERENCIAR MI TRABAJO** de alguna manera en el proyecto.

Y para que así conste firmo el presente documento:

FDO. Carlos Blasco Solís

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Carlos Blasco Solís', written in a cursive style.

II. Autorización do emprego da versión de “Zorra” de Bad Gyal.

II. GUIÓNS DOS EPISODIOS

MAIOR DE ULLOA

PASOS NAVE INDUSTRIAL

CHAVES COCHE ABRIR

CAPITÁ ALANA

Permiso de acceso: ADESORA 2000.

ACCESO CONCEDIDO

ABRE PORTA ADESORA

PECHA PORTA ADESORA

ASENTO + CINTO

CAPITÁ ALANA

Control: acender.

ACENDIDO, REACTIVACIÓN CONTROL

BOTÓNS ORDENADOR+ ENTER!!!

REACTIVACIÓN ORDENADOR

FONDO NAVE ESPACIAL ORDENADORES

CAPITÁ ALANA

Ola, 365...

365

Benvida de novo, CAPITÁ

CARETA / SINTONÍA

INDICATIVO

INTERIOR NAVE VIAXE INTERESTELAR

CAPITÁ ALANA

Resulta, compañeiro, que onte á noite comecei a le-l'Os Pazos de Ulloa, de Emilia Pardo Bazán, e non puiden evitar poñerme a pensar nos Ulloa... nos Ulloa medievais, quero dicir; na liñaxe galega desa época. E, benquerido amigo, de tanto pensar, púxenme a investigar...

BASES DATOS

(BAIXA)

CAPITÁ ALANA

Os cronistas falan dos Ulloa coma unha casa de grandes señores: sabios e xustos en tódolos aspectos, e de carácter pacífico, aínda que non por isto desafeccionados ó emprego das armas. Que máis sabemos?

365

Viviron a súa época de máximo esplendor a mediados do século XV. Estendían os seus dominios na sección central de Galiza: sobre todo, dende o que hoxe son os concellos de Palas de Rei e Monterroso en diante, cara as actuais provincias da Coruña, de Lugo e mesmo de Ourense.

CAPITÁ ALANA

Entendo que deles vén o nome da comarca da Ulloa, precisamente...

365

Así é! Amais, un dos seus membros máis destacados, Sancho Sánchez de Ulloa, chegou a te-lo título de Conde de Monterrei. Esta foi unha posesión, iso si, que lle resultou moi disputada á Casa de Ulloa con outra familia nobre asentada principalmente nesa mesma zona, na de Monterrei: os Zúñiga.

CAPITÁ ALANA

Os Ulloa tiñan moito poder social e en canto a propiedades, pero... cal era a súa capacidade militar?

365

Pois... Baixo o mando de Lope Sánchez de Ulloa, pai de Sancho, pasaron de ter 40 lanzas a contar co músculo de máis de 3.500 homes ó seu servizo. Nos derradeiros anos deste patriarca, don Lope, que finou contra o 1465, os Ulloa eran a viva imaxe da plenitude da fidalguía galega.

MIX ULLOA 1

365

Malia a súa importancia no escenario político, social e militar da Galiza de mediados do século XV, en Palas de Rei, os veciños non se lembran moito dos Ulloa... E iso que é alí onde inda se ergue a día de hoxe o castelo de Pambre, a principal fortificación da familia.

CAPITÁ ALANA

Disque eran pacíficos... pero... dende logo, todas esas lanzas habíanas usar.
En que conflitos se viron envoltos os señores de Ulloa?

365

Fixeron parte do bando isabelino na guerra de sucesión pola coroa de Castela trala morte de Henrique IV de Trastámara. Este foi un conflito que enfrontou a quen seguía a Xoana, “a Beltranexa” –princesa que alcumaban así en referencia á súa suposta ilexitimidade–, e mais a quen prefería ver no trono á que finalmente se convertería en Isabel I, “a Católica”, irmá do finado monarca.

CAPITÁ ALANA

E en ámbito galego?

365

Nos lindes da política de Galiza, loitaron canda o resto de grandes casas contra os Irmandiños. Sufocada a revolta, tamén pelexaron de parte do arcebispo de Santiago, Alonso II de Fonseca, nas súas disputas cos Moscoso e cos Soutomaior.

CAPITÁ ALANA

Falando precisamente de conflitos, 365... Eu algo lin dunha tal Maior de Ulloa... que seica non quixo casar con quen a prometeron seus pais, os señores de Ulloa, e que litixiou ata conseguir crebar o compromiso. Por desgraza, coído que é unha grande descoñecida nos nosos días...

MIX ULLOA 2

365

Maior non contaba con 10 anos, segundo a declaración xudicial que ela mesma falou, cando seus pais a prometeron con don Xoán de Zúñiga.

CAPITÁ ALANA

(Interrompe) Amodo! Un Zúñiga, xente coa que os Ulloa rivalizaban polo control de varios territorios... non si? A grande estrela, como xa falamos, Monterrei!

365

Iso mesmo! Cando Maior medrou, negouse a contraer nupcias co Zúñiga e non deixou de repetir que ela nunca consentira no compromiso. Logo dun longo litixio xudicial, conseguiu crebalo.

CAPITÁ ALANA

É un exemplo do poder que tiñan as mulleres nobres en canto a seren escoitadas na loita polos seus dereitos pola vía xudicial. Pero... isto tivo consecuencias, va que si?

365

Os Zúñiga invadiron a facenda dos Ulloa e mesmo don Xoán prendeu lume a unha propiedade da familia co futuro herdeiro da casa, don Sancho, dentro. E cando este inda era rapaz!

CAPITÁ ALANA

Pero Sancho sobreviviu... e Maior rematou por casar con don Diego de Lemos... ollo ao dato! Porque el foi, canda Alonso de Lanzós e Pedro Osorio de Vilalobos, un dos xefes fidalgos que dirixiron os Irmandiños na súa revolta do 1467 ó 1469...

365

Iso si que foi un plot twist... de feito, di a lenda que o castelo de Pambre non o tiraron en baixo os irmandiños, como fixeron con tantos outros fortes, precisamente, porque era dos Ulloa...

CAPITÁ ALANA

Dos sogros! (ri). En calquera caso, é un castelo que non ha ser doado de tirar... unha edificación moi forte... igual que demostrou ser dona Maior en canto a defender a súa liberdade de escolla para casar. Aínda que din as malas linguas... que ós Ulloa tampouco lles viña moi ben, ó final, ese matrimonio...

365

Pola cuestión do dote... os Ulloa ían ter que darlles ós noivos unha cantidade de propiedades que farían medrar o nivel de importancia dos Zúñiga, en detrimento do deles mesmos. E iso tampouco podía ser...

CAPITÁ ALANA

Dios! Eu preciso falar xa con dona Maior. Ímola buscar! Listo pra unha nova viaxe?

365

Iso sempre.

RUIDO CHECK

365

Xa tes cargada toda a información.

RUIDOS TRABALLOS COMPUTADORA

(FUNDE FONDO)

CAPITÁ ALANA

Tela?

LOCALIZADA

365

Si! Lista pra falar

CAPITÁ ALANA

Veña, pois imos!

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

CAPITÁ ALANA

Control: fenda dimensional.

FENDA DIMENSIONAL ABERTA

LANZAMENTO

ATERRAXE

FERVENZA/RÍO MOI FORTE

ENTREVISTA

(VAI FUNDINDO FONDO)

MIX ULLOA 3

CAPITÁ ALANA

Seguimos de viaxe, compañeiro...

365

Vindeiro destino?

CAPITÁ ALANA

Santiago de Compostela

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

LANZAMENTO

FENDA DIMENSIONAL ABERTA

SINTONÍA!!!!!!!!!!!!

URRACA DE MOSCOSO

PASOS NAVE INDUSTRIAL

CHAVES COCHE ABRIR

CAPITÁ ALANA

Permiso de acceso: ADESORA 2000.

ACCESO CONCEDIDO

ABRE PORTA ADESORA

PECHA PORTA ADESORA

ASENTO + CINTO

CAPITÁ ALANA

Control: acender.

ACENDIDO, REACTIVACIÓN CONTROL

BOTÓNS ORDENADOR+ ENTER!!!

REACTIVACIÓN ORDENADOR

FONDO NAVE ESPACIAL ORDENADORES

CAPITÁ ALANA

Ola, 365...

365

Benvida de novo, CAPITÁ

CARETA / SINTONÍA

INDICATIVO

INTERIOR NAVE VIAXE INTERESTELAR

CAPITÁ ALANA

Esta fin de semana fun de escapada á Costa da Morte. E, alén das praias, quedei abraiada coa cantidade de pazos... e de castelos que hai por toda a zona.

365

Dende Malpica ata Carnota, pasando por Laxe, Camariñas, Fisterra ou Vimianzo... tódolos concellos da Costa conforman unha das áreas de Galiza que máis patrimonio medieval conserva.

CAPITÁ ALANA

Estiven en varias destas edificacións e, en moitos escudos de armas, vin un brasón que me chamou especialmente a atención: tiña a cabeza cortada dun lobo...

365

É o emblema dos Moscoso, unha das liñaxes galegas máis importantes de finais da Idade Media.

CAPITÁ ALANA

Pois... haberá que facerlles unha visita, non si?

BASES DATOS

(BAIXA)

CAPITÁ ALANA

Temos algún dato deles?

365

A dos Moscoso foi unha liñaxe que viviu a súa etapa de esplendor a mediados do século XV. Chegaron a ter propiedades por toda a Costa da Morte e a posuíren o título de Condes de Altamira. Pero se houbo unha terra onde os Moscoso puxeron o ollo foi a de Santiago. Cara alí quixeron medrar e o seu poder comezou a se incrementar na cidade...

CAPITÁ ALANA

(Interrompe) Ui, pero... en Santiago quen mandaba era o arcebispo de turno...

365

Pois si... os arcebispos de Santiago eran os grandes señores feudais da comarca alén dalgunhas casas nobres menores. E, por suposto, a ningún dos que pasaron pola Catedral neses anos lles gustou nada a presenza crecente dos Moscoso na cidade. É por isto que se sucederon varios conflitos armados entre a casa da Costa da Morte e mailas tropas episcopais. Mesmo tiveron preso DOUS ANOS o arcebispo Alonso II de Fonseca no castelo de Vimianzo, unha das súas propiedades.

CAPITÁ ALANA

Cantos!? Mima... si que se levaban mal...

365

Abofé... Hai cronistas, de feito, que atribúen ós Moscoso un gusto de seu por combater os Fonseca, a grande saga de arcebispos santiagoueses...

(interrompe)RUIDO CHECK

365

Velaí tes toda a información.

CAPITÁ ALANA

Daquela... os Moscoso foron ben gherreeiros... era algo que entraba na natureza do seu carácter, se cadra?

365

Si, foi algo que os caracterizou dende o comezo. Rui Sánchez de Moscoso está considerado coma o xefe da casa baixo o que esta comezou a medrar de xeito exponencial. E fíxoo da man da produción vitivinícola e mais dos triunfos militares. O seu alcume era "o Bravo"... con iso está todo dito...

CAPITÁ ALANA

Vexo que nos textos as fontes destacan a coraxe, o esforzo e maila astucia dos Moscoso. Que máis sabemos do seu xeito de actuar?

365

Pois, de certo, o emblema do seu escudo de armas... éelles ben axeitado. Baixo o mando de don Rodrigo de Moscoso, a casa consolidouse coma unha das máis importantes de Galiza e inculcou nos seus fillos a concepción da liñaxe coma unha sorte de manda de lobos, de xeito que todos medrasen cun forte sentido de responsabilidade, servizo, pertenza e protección á familia.

CAPITÁ ALANA

Supoño que en Vimianzo se lembrarán ben deles...

MIX MOSCOSO 1

365

Hai de todo, parece! Alí conta moito a festa anual do Asalto ao Castelo e mailo céntrica que fica a fortificación, claro.

CAPITÁ ALANA

Repasando a documentación... os fillos do tal don Rodrigo... parece que xestionaban a facenda por igual, sendo dous homes e dúas mulleres...

365

Así é, cadaquén coa súa tenenza. Sen faceren distinción por xénero.

CAPITÁ ALANA

Vexo algo dunha tal Urraca... que mirou pola súa herdanza, por xestionala ela mesma fronte ó seu irmán don Bernal, o xefe da casa á morte do pai de ámbolos dous... Tamén se ocupou do resto das súas propiedades ata que morreu, xa anciá...

365

Foi a filla máis nova de Don Rodrigo. Casou en dúas ocasións; primeiro, cun home maior cuxo matrimonio disque non se consumou, e, máis adiante, con don Pedro Osorio de Villalobos, un dos xenerais irmandiños e pai dos seus catro fillos. Un deles, por certo, don Rodrigo –nomeado en honra a seu avó–, chegaría á xefatura da Casa de Moscoso.

CAPITÁ ALANA

Vaia! E como viviu ela a revolta?

365

Non hai moitos datos, pero ben se sabe que non deixou, sempre que puido, de facerse cargo da súa facenda. Mesmo existe un detalle, recollido no seu testamento, a respecto de como indica a propia dona Urraca que leva en todo momento un libro de contas no peto e que garda outro máis na súa alcoba.

CAPITÁ ALANA

Si, señor! Todo baixo control! Vaia con dona Urraca! E en Vimianzo lémbrense algo dela?

MIX ULLOA 2

365

Daquela maneira, parece... o que si, dona Urraca viviu boa parte da súa vida en Santiago de Compostela. En concreto, na Rúa do Camiño, actualmente denominada «das Casas Reais».

CAPITÁ ALANA

Ah! Si! Na zona vella: a carón da Praza de Cervantes e tamén ó lado do barrio de San Pedro e mais de Bonaval!

365

Aí mesmo!

CAPITÁ ALANA

Bueno, eu teño que falar xa con esta muller. Dala localizado pra falarmos?

365

Coido que si.

RUIDOS TRABALLOS COMPUTADORA

(FUNDE FONDO)

CAPITÁ ALANA

Tela?

ESPECTRO LOCALIZADA

365

Témola! E ten boa gana de parolar!

CAPITÁ ALANA

Veña, pois imos!

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

CAPITÁ ALANA

Control: fenda dimensional.

FENDA DIMENSIONAL ABERTA

LANZAMENTO

ATERRAXE

PRAZA DE CERVANTES

ENTREVISTA

(VAI FUNDINDO FONDO)

MIX ULLOA 3

CAPITÁ ALANA

Seguimos de viaxe, compañeiro...

365

Vindeiro destino?

CAPITÁ ALANA

Santiago de Compostela

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

LANZAMENTO

FENDA DIMENSIONAL pechada

SINTONÍA!!!!!!!!!!!!

TERESA DE ZÚÑIGA

PASOS NAVE INDUSTRIAL

CHAVES COCHE ABRIR

CAPITÁ ALANA

Permiso de acceso: ADESORA 2000.

ACCESO CONCEDIDO

ABRE PORTA ADESORA

PECHA PORTA ADESORA

ASENTO + CINTO

CAPITÁ ALANA

Control: acender.

ACENDIDO, REACTIVACIÓN CONTROL

BOTÓNS ORDENADOR+ ENTER!!!

REACTIVACIÓN ORDENADOR

FONDO NAVE ESPACIAL ORDENADORES

CAPITÁ ALANA

Ola, 365...

365

Benvida de novo, CAPITÁ

CARETA / SINTONÍA

INDICATIVO

INTERIOR NAVE VIAXE INTERESTELAR

CAPITÁ ALANA

A semana pasada vin un documental sobre a produción vitivinícola na zona do Ribeiro. Teño entendido que por isto mesmo noutros tempos foi unha das áreas máis ricas de Galiza... se cadra, na Idade Media?

BASES DATOS

(BAIXA)

CAPITÁ ALANA

Quen explotaba as terras da comarca daquela?

365

A nobreza e maila Igrexa posuían a propiedade e mailo control das explotacións. Entre os señores laicos, destaca, sobre todo, a familia dos Sarmiento, Condes de Ribadavia.

CAPITÁ ALANA

Que sabemos deles?

365

Os Sarmiento foron unha estirpe vida de terras castelás. Chegaron a Galiza no derradeiro terzo do século XIV, logo de lles seren concedidas varias propiedades no país polo rei Henrique II. Esta foi a recompensa que lles deu ós Sarmiento polo apoio que lle brindaron na Primeira Guerra Civil Castelá, un conflito que enfrontou polo trono o devandito Henrique II co monarca Pedro I – «o Cruel», prá nobreza e «o Xusticeiro» pró pobo—. A guerra, por suposto, rematou co asasinato deste último en favor do primeiro.

(interrompe)RUIDO CHECK

365

Cargada a información.

CAPITÁ ALANA

Vexo que chegaron ó Ribeiro... cun bo cargo entre mans...

365

Así foi. Don Pedro Ruiz Sarmiento, representante da liñaxe no momento, foi nomeado Adiantado Maior de Galiza, un cargo político-militar que posuía, amais, competencias xudiciais. Tamén era de carácter hereditario coa graza do monarca. A posición dos Sarmiento era impoluta.

CAPITÁ ALANA

E aquí parece que se fixeron de ouro coa explotación das vides...

365

Abofé! Sobre todo, co correr do tempo... aínda que, sobre eles, foron aparecendo acusacións de roubo de terras de propiedade eclesiástica para o seu aproveitamento e produción vitivinícola.

CAPITÁ ALANA

Eran os Condes de Ribadavia... que marca deixaron na vila?

MIX SARMIENTO 1

365

A xente inda se lembra deles nos nosos días... O seu castelo, hoxe en ruínas, está a un paso do casco histórico da vila.

CAPITÁ ALANA

Alén desas acusacións de roubo de terras, que entendo que á Igrexa non lle farían moita graza, tiveron outros conflitos?

365

Dende logo que si. Pularon cos Soutomaior polo control do sur de Galiza e mais cos Ulloa e cos Andrade, de novo, por cuestións de roubo de propiedades. Aínda que, desta vez, fosen os Sarmiento as vítimas.

CAPITÁ ALANA

Si, parece que hai algo diso a mediados do século XV, preto da Revolta dos Irmandiños... e tamén vexo por aquí o nome dunha condesa... que mataron a lanzadas os veciños de Ribadavia na Praza Maior.

365

Dona Teresa de Zúñiga, a «moi endiañada e presumida» como refiren as fontes históricas. Foi a muller de don Diego Pérez Sarmiento, o terceiro da súa liñaxe en ser Adiantado Maior de Galiza e o que se fixo co título de primeiro Conde de Santa Marta.

CAPITÁ ALANA

Quen foi esta muller?

MIX ULLOA 2

365

Algo soa aínda o seu nome en Ribadavia, precisamente. Dona Teresa tomou as rendas da casa dos Sarmiento así que enviuvou, durante unha sorte de rexencia antes de que os títulos pasasen a seu fillastro, don Bernardino, o herdeiro.

CAPITÁ ALANA

Ui... fillastro? O matrimonio non tivo fillos lexítimos?

365

Algo se fala nalgún texto dunha suposta nena chamada Teresa que naceu morta ou que finou ó pouco de nacer. O único nome que se presentou válido pró futuro da casa foi o de don Bernardino.

CAPITÁ ALANA

El era fillo de don Diego e mais dunha escrava chamada Úrsula...

365

Así é, pero criouno dona Teresa como se fose un fillo propio dende ben rapaz.

CAPITÁ ALANA

Unha situación complicada prá prevalencia da casa... a xestión da facenda, en mans dunha muller; e a sucesión, na figura dun bastardo...

365

Hai quen di que foi por iso polo que dona Teresa se interesou polas inquedanzas dos Irmandiños... mesmo deixou escrito «Os pequenos e os medianos e os grandes vivamos ben e en paz e en acougo».

CAPITÁ ALANA

Así posicionouse coma unha nobre favorable á causa irmandiña... e, polo tanto, dun bando que, dende logo, ía ir na contra e, de seguro, debilitar, os seus inimigos: os Soutomaior, os Ulloa e mailos Andrade...

365

Podemos dicir que non saba puntada sen fío, dona Teresa...

CAPITÁ ALANA

Xa vexo, xa... oe, e iso da «endiañada»... a que vén?

365

Hai testemuños de maltrato e de abusos á orde dos Sarmiento e dela mesma
contra o pobo...

CAPITÁ ALANA

Velaí as razóns do seu asasinato, entendo...

365

Ela pasaba longas tempadas en Castela, concretamente, en Mucientes. A
derradeira vez que volveu por Ribadavia, deixou feito o testamento porque xa
temía que algo fose mal. O ambiente estaba caldeado e, efectivamente, todo
rebotou. Os viláns irromperon no castelo e arrastrárona ata a Praza Maior...

CAPITÁ ALANA

Logo vingouna, curiosamente, un Soutomaior... que lle era sobriño... o mítico
Pedro Madruga...

365

E non tivo piedade co pobo de Ribadavia...

CAPITÁ ALANA

Sábe-lo que? Hai moitos homes que foron ben inxustos e sanguinarios ó longo
da historia e ninguén escribe deles que fosen endiañados e presumidos...
quero saber como foi esta dona Teresa realmente...

365

Imos por ela.

RUIDOS TRABALLOS COMPUTADORA

(FUNDE FONDO)

CAPITÁ ALANA

Tela?

LOCALIZADA

365

Si! E abofé que quere falar...

CAPITÁ ALANA

Veña, pois imos!

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

CAPITÁ ALANA

Control: fenda dimensional.

FENDA DIMENSIONAL ABERTA

LANZAMENTO

ATERRAXE

MONTE CON VIDES / PRAZA

ENTREVISTA

(VAI FUNDINDO FONDO)

MIX ULLOA 3

CAPITÁ ALANA

Seguimos de viaxe, compañeiro...

365

Vindeiro destino?

CAPITÁ ALANA

Santiago de Compostela

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

LANZAMENTO

SINTONÍA!!!!!!!!!!!!

INÉS GARCÍA DE LOUSADA

PASOS NAVE INDUSTRIAL

CHAVES COCHE ABRIR

CAPITÁ ALANA

Permiso de acceso: ADESORA 2000.

ACCESO CONCEDIDO

ABRE PORTA ADESORA

PECHA PORTA ADESORA

ASENTO + CINTO

CAPITÁ ALANA

Control: acender.

ACENDIDO, REACTIVACIÓN CONTROL

BOTÓNS ORDENADOR+ ENTER!!!

REACTIVACIÓN ORDENADOR

FONDO NAVE ESPACIAL ORDENADORES

CAPITÁ ALANA

Ola, 365...

365

Benvida de novo, CAPITÁ

CARETA / SINTONÍA

INDICATIVO

INTERIOR NAVE VIAXE INTERESTELAR

CAPITÁ ALANA

Hoxe á mañá vin unha monxa camiñando pola rúa. É unha imaxe, de certo, que moitas veces logo semella anacrónica, propia doutro tempo... A presenza da relixión nas sociedades europeas foi cambiando moito co correr dos séculos...

BASES DATOS

(BAIXA)

CAPITÁ ALANA

Pasou de ser un piar fundamental no día a día das persoas a se considerar unha cuestión persoal e mesmo privada... incluso testemuñal nalgúns grupos sociais da actualidade... dende logo... este non era o caso na Idade Media...

365

Todo o cubría a relixión. Estaba presente no vocabulario, no vestir, no imaxinario popular, nas rutinas, nos medos, nas emocións e mesmo no calendario. A materialización do seu poder incluso conformaba un propio estamento social: o da Igrexa.

CAPITÁ ALANA

Acotío falamos da nobreza coma dos grandes señores da Idade Media, pero, dende logo, os representantes da Igrexa non lles tiñan nada que envexar. Velaí os arcebispos de Tui e de Santiago, ou a cantidade de mosteiros que se espallaban por Galiza adiante...

365

Sen dúbida. Estas unidades tamén exercían o señorío das terras: desenvolvían contratos forais nos que pactaban as condicións de explotación das propiedades con labregos que pasaban a ser os seus vasalos. Mosteiros, por certo, tanto masculinos como femininos...

CAPITÁ ALANA

Amigo... velaí quería chegar eu. Cando pensamos no estamento da Igrexa, o primeiro que nos vén á cabeza, por suposto, é a imaxe dun arcebispo, do mesmo Papa, ou de varios cregos. Pero neste estamento tamén había mulleres... quero saber máis delas...

365

Existen rexistros, sobre todo, de monxas de orixe fidalgo, se ben non está descartado, nin moito menos, que tamén houbera relixiosas procedentes do pobo común. Algunhas, segundo indican os expertos, poderían ser, por exemplo, orfas ou fillas dos serventes dos propios mosteiros.

CAPITÁ ALANA

Claro, pero entendo que as abadesas, as responsables dos mosteiros, serían as que viñesen de familias poderosas...

365

Efectivamente, acotío eran as que contaban con estudos, as que estaban máis formadas, polo que resultaban idóneas prá xestión da facenda dos mosteiros.

365

Información preparada.

CAPITÁ ALANA

Xenial! Claro, é que, dende logo, se os mosteiros arrendaban terras... terían un patrimonio polo que mirar... e unhas boas contas que botar en canto ó que recadaban e mais ó que recollían de mans dos seus vasalos

365

Abofé! Algúns mosteiros femininos, como é o caso do de San Salvador de Sobrado de Trives, chegaron a funcionar coma unha sorte de sociedade xestora que miraba pola ampliación dos seus bens e terras.

CAPITÁ ALANA

Sobrado de Trives... velaquí está... carai, si, as abadesas deste mosteiro foron todas unhas empresarias... a xente en Trives lémbrese delas?

MIX TRIVES 1

365

Parece que non demasiado...

CAPITÁ ALANA

Xa vexo... a ver, espera... aquí hai algo da Reforma Monástica dos Reis Católicos... que foi isto?

365

Foi unha das normas que desenvolveron os monarcas a finais do século XV. Con ela, procuraban poñer orde nos mosteiros das congregacións beneditinas do reino de Castela. Entre elas, a compostelá, que afectaba a mosteiros de toda Galiza.

CAPITÁ ALANA

Ui... que quere dicir iso de poñer orde?

365

Pois... principalmente, e no que respecta a Galiza, meter a tódalas monxas nun mesmo mosteiro en Santiago: San Paio de Antealtares.

CAPITÁ ALANA

Mima! A todas?

365

Si, aínda que os mosteiros que estaban espallados polo país adiante, de certo, non contaban con moitas monxas. Se cadra, nun había 50, pero noutro 20, e así. Os Reis Católicos pretendían darlles mellor calidade de vida, xa que moitas destas unidades pasaban traballos pra saíren adiante –a non tódolos mosteiros lles ía ben en canto a xestión económica–, pero tamén querían rematar coa relaxación das relixiosas en canto a non viviren conforme ó mandato da súa orde...

CAPITÁ ALANA

Ui, ui, ui... aquí vexo acusacións a varias monxas, e tamén acusacións cruzadas entre algunhas delas, de saíren dos mosteiros, de convivir... de máis coas comunidades de veciños das súas zonas... uf... de teren relacións sexuais con cregos e vasalos... aló foi o celibato... e mesmo de teren fillos!

365

Si, son testemuños que se recollen nos procesos xudiciais que se aplicaron a varias relixiosas no marco da reforma. Frei Rodrigo de Valencia, prior da comunidade de San Bieito de Valladolid, foi o responsable do desenvolvemento da medida. El mesmo visitou os mosteiros beneditinos galegos pra ver as situacións en primeira persoa.

CAPITÁ ALANA

E aquí volve San Salvador de Sobrado de Trives... na súa visita a este mosteiro... a Frei Rodrigo botárono a paus...

365

Aconteceu no 1499. Diante da aparición de Frei Rodrigo, a abadesa de Sobrado do momento, Inés García de Lousada, ENCASTELOUSE no mosteiro...

CAPITÁ ALANA

Vaia, que se atrincherou!

365

Basicamente. Ela e mailo resto de relixiosas, como moitas outras por todo o país, non quixeron deixar a súa vida en Trives. Alén da documentación que chegou ós nosos días no relativo á xestión económica dos mosteiros, tamén transcendeu que as integrantes de moitos deles gozaban dunha vida social activa na comunidade da zona.

CAPITÁ ALANA

E así parece que era en Trives, ou?

365

Ten toda a pinta. Diante da negativa das monxas de marcharen pra Santiago, os seus veciños e vasalos reaccionaron e agrediron a Frei Rodrigo con paus e pedras ata que marchou de alí sen levalas pra San Paio de Antealtares.

CAPITÁ ALANA

Deus! Iso si que é contestación e respaldo popular...

365

Totalmente! Pero, hoxe en día, o nome de Inés semella que se perdeu no tempo...

MIX ULLOA 2

CAPITÁ ALANA

Pois... sabes que che digo, 365? Que penso que é hora de falarmos con dona Inés García de Lousada...

365

Abofé!

CAPITÁ ALANA

Antes de que te poñas a localizala... quero saber máis deste episodio... como reaccionaron as monxas do resto de mosteiros?

365

O de dona Inés non foi o único encastelamento de abadesas do que quedan rexistros, pero as relixiosas da orde bieita tamén puxeron en práctica outras estratexias. Diante das fortes acusacións, moitas fuxiron, pero, outras, chegaron a declarar en cadanseus procesos xudiciais. Destaca o feito de que algunhas admitiron de xeito velado que tiveran fillos ilexítimos ou que tiveran relacións... e digo velado, porque hai casos nos que non o negaron, pero en

todos puxeron de manifesto que non cometeron falta ningunha en canto á xestión dos mosteiros.

CAPITÁ ALANA

Algo así como diciren... «a miña vida é asunto meu, pero no meu traballo non falei... por ladroa ou irresponsable non me colleredes».

365

Efectivamente.

CAPITÁ ALANA

E que pasou despois do encastelamento de dona Inés? Como remataron as monxas de San Salvador de Sobrado de Trives?

365

Elas comezaron a loita xudicial, igual ca outros mosteiros, pra tentar tumbar a obriga de iren recluídas pra San Paio de Antealtares. No caso de Sobrado, pelexaron a través desta vía durante anos. Tamén a sucesora de dona Inés, unha homónima súa, dona Inés de Quiroga.

CAPITÁ ALANA

E esa dona Inés... existe rexistrado un suposto fillo dela... Andrés, que non se sabe se naceu antes ou despois de tomar ela os hábitos...

365

Si! E coma del quedaron rexistros doutras crianzas nadas das relixiosas neste período...

CAPITÁ ALANA

En calquera caso foi ela a derradeira abadesa de San Salvador de Sobrado de Trives...

365

Logo de décadas de loita xudicial, mesmo despois de pedir axuda á mesma Roma, dona Inés de Quiroga pacta ficar como abadesa en Trives ata a súa morte, e cunha pensión de 15.000 maravedís... Ela mesma deixa escrito que a presión era moito incluso prá súa contorna...

CAPITÁ ALANA

Vaia... bueno, imos falar daquela coa predecesora de Quiroga, con dona Inés García de Lousada. A ver se nos conta algo máis do seu encastelamento!

365

Imos!

RUIDOS TRABALLOS COMPUTADORA

(FUNDE FONDO)

CAPITÁ ALANA

Tela?

LOCALIZADA

365

Por aquí a temos xa. E está encantada de falar da historia de Sobrado.

CAPITÁ ALANA

Veña, pois imos!

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

CAPITÁ ALANA

Control: fenda dimensional.

FENDA DIMENSIONAL ABERTA

LANZAMENTO

ATERRAXE

FESTAS PATRONAIS

ENTREVISTA

(VAI FUNDINDO FONDO)

MIX ULLOA 3

CAPITÁ ALANA

Seguimos de viaxe, compañeiro...

365

Vindeiro destino?

CAPITÁ ALANA

Santiago de Compostela

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

LANZAMENTO

SINTONÍA!!!!!!!!!!!!

MARÍA RODRÍGUEZ

PASOS NAVE INDUSTRIAL

CHAVES COCHE ABRIR

CAPITÁ ALANA

Permiso de acceso: ADESORA 2000.

ACCESO CONCEDIDO

ABRE PORTA ADESORA

PECHA PORTA ADESORA

ASENTO + CINTO

CAPITÁ ALANA

Control: acender.

ACENDIDO, REACTIVACIÓN CONTROL

BOTÓNS ORDENADOR+ ENTER!!!

REACTIVACIÓN ORDENADOR

FONDO NAVE ESPACIAL ORDENADORES

CAPITÁ ALANA

Ola, 365...

365

Benvida de novo, CAPITÁ

CARETA / SINTONÍA

INDICATIVO

INTERIOR NAVE VIAXE INTERESTELAR

CAPITÁ ALANA

No bus de camiño á casa de meus pais, sempre paso por Pontedeume. Na boca de entrada á vila, pasada a ponte que salva a ría, agarda un xigante de pedra: é a torre de turismo do concello, que, noutros tempos, foi a torre de vixilancia do pazo dos Andrade. Non hai vez que a vexa e que non pense ó

momento en como sería a vida en Pontedeume na Idade Media, baixo o xugo dos grandes señores do Eume...

BASES DATOS

(BAIXA)

CAPITÁ ALANA

E é que os Andrade transcenderon ó imaxinario popular coma unha das casas nobres máis opresoras e despóticas da historia de Galiza. 365... eu quero saber por que foron así... e se é que foron tan crueis como se conta...

365

Pois, a primeira vista, non houberon selo en maior medida que calquera outros señores da Baixa Idade Media. Un dos que foi titular da casa, Nuno Freire de Andrade, quedou prá posteridade co alcume d' «o Malo» –polas súas constantes vinganzas, violencias e actitudes arrogantes–, pero os expertos apuntan a que a fama que envolve a toda a liñaxe vén polos irmandiños.

365

Xa tes lista toda a información.

CAPITÁ ALANA

A ver... buf, si, xa vexo... As propiedades dos Andrade foron un dos principais obxectivos dos irmandiños.

365

Primeiramente, na Guerra do 1431, a mans das tropas comandadas por Roi Xordo, que precisamente ergueu en Ferrol unha revolta contra os abusos señoriais da casa; e entre o 1467 e o 1469, na Grande Guerra Irmandiña, que se estendeu por toda Galiza, e que foi capitaneada nesta zona polo fidalgo Alonso –ou Afonso– de Lanzós.

CAPITÁ ALANA

Leo por aquí que hai dúbidas sobre a orixe dos Andrade...

365

Pouco se sabe disto, a dicir verdade. O nome de Andrade medra practicamente dende o anonimato ata o ascenso nobiliario ó longo do século XIV. Disque collen o nome da freguesía de Andrade, unha pequena parroquia da ladeira da montaña que acolle a plataforma sobre a que se asenta a vila de Pontedeume.

CAPITÁ ALANA

Falabas antes de Nuno Freire de Andrade... pero vexo aquí outros nomes que pasaron á historia con moita mellor fama... velaí Fernán Pérez de Andrade, «o Bo»...

365

É a primeira grande figura da casa. Don Fernán fina no 1397, e faino deixando un amplo legado como benfeitor...

CAPITÁ ALANA

Carai, pois si... construíu castelos, pontes, mosteiros, hospitais... abofé que a xente sabería valorar estes xestos...

365

Sen dúbida... don Fernán representa un novo estilo de fidalguía: amigo da caridade e da beneficencia, así como das letras e mais do lecer... aínda que sen deixar de lado as armas...

CAPITÁ ALANA

Un perfil que decae pola vida e obra dos seus sucesores, don Nuno e don Fernán, «o Mozo». Amais os períodos destes dous á fronte da casa coinciden no tempo coas guerras irmandiñas.

365

Son décadas complicadas, as do século XV, prá imaxe popular dos Andrade... pero non por isto deixan de medrar en propiedades, riqueza e proxección.

CAPITÁ ALANA

Outro nome que destaca é o de don Diego de Andrade... aparece pra recoller a espada da casa morto don Fernán, «o Mozo», no 1470, e fálase del coma unha figura de aire principesco...

365

Recupera o cariz do primeiro don Fernán... e debúxase coma un entregado devoto, aínda que, iso si, as fontes describen unha personalidade recia e combativa. Atribúenselle as calidades do cabaleiro medieval. Amais, acadou o título de Conde de Vilalba... pero seguiu preferindo facerse chamar por señor de Andrade...

CAPITÁ ALANA

Velaí a mística do apelido... quería ser coñecido antes por Andrade que por Conde...

365

Peculiares, os Andrade... En Pontedeume téñenos presentes da man da historia da vila... están ligados a ela...

MIX PONTEDEUME 1

CAPITÁ ALANA

E en canto a conflitos... Vexo que tiveron problemas coa vila de Ferrol, que denunciou os seus abusos en varios períodos...

365

Os Andrade fixéronse co señorío de Ferrol, que ata daquela era terra reguenga, é dicir, dependente do rei, a finais do século XIV. Así o decidiu o monarca Henrique II, unha vez gañou a guerra polo trono de Castela.

CAPITÁ ALANA

Antes falabamos de Roi Xordo... e efectivamente, é con el, cando as cousas empezan a estalar... lidera a revolta da Irmandade Fusquenlla no 1431 pra rematar cos Andrade... pero Ferrol continúa baixo o seu xugo ata o 1467, cando regresa ó control directo da monarquía.

CAPITÁ ALANA

E inda daquela houbo máis denuncias... os ferroláns seguían poñendo o foco en abusos concretos e mais nunha actitude polo xeral opresora dos Andrade... e, bueno, isto, en canto a conflitos co pobo... pero, tamén tiveron o seu coa Igrexa...

365

Houbo períodos nos que os mosteiros d'arredor denunciaron a falta de pagamento de rendas por parte dos Andrade... aínda que houbo outros, como os da xefatura de Fernán, «o Bo», e Diego de Andrade, a casa mirou ben por este sector.

CAPITÁ ALANA

En calquera caso, e xa na política de alianzas galegas, precisamente don Diego foi un exemplo de nobre antifonsecano, isto é, contrario ó arcebispo de Santiago Alonso II de Fonseca...

365

Si, e por isto foi aliado dos Moscoso e adversario dos Ulloa...

CAPITÁ ALANA

Voltando ó pobo... falamos de Ferrol, pero... como estaban as cousas neste estamento en Pontedeume? Entendo que serían o reflexo do resto da poboación labrega e servinte da época...

365

Abofé, non tiñan nada de diferente. Iso si, polo xeral, se cadra, temos unha imaxe certamente escura da vida social da Idade Media...

MIX PONTEDEUME 2

CAPITÁ ALANA

digo eu... a xente seguía a ser xente! só pola cantidade de festas tradicionais que veñen marcadas no calendario e que chegaron ós nosos días... eu entendo que non sería todo labrar a terra e ir á misa...

365

Era unha vida dura, por suposto, e devota; pero non por iso carente de lecer. En canto ó primeiro, unha chea de festividades relixiosas e de herdanza pagá enchían, como dis, o calendario da base da pirámide social.

CAPITÁ ALANA

E falando da base da pirámide... cal era a situación das mulleres? Que facían no seu día a día?

365

Efectivamente, non tiñan dereitos tal e como os entendemos hoxe en día. De ningún tipo. Falamos dunha sociedade do Antigo Réxime, dividida en estamentos. Pero, malia ser un escenario profundamente machista ós ollos dos nosos días, isto non quere dicir que elas ficasen recluídas ou á marxe das dinámicas sociais.

CAPITÁ ALANA

Coido que traballaban igual cós homes, ou?

365

Por suposto, non tería sentido perder man de obra por unha cuestión sexista. O traballo nas unidades familiares do agro era moito... elas labraban a terra igual cós homes agás estaren embarazadas ou con crianzas moi pequenas.

CAPITÁ ALANA

E esta xente... onde vivía?

365

No campo adoitaban ter como residencia un casal, é dicir, un conxunto de casa –máis que modesta, claro– canda unha pequena horta. Este conxunto establecíase en terras que eran propiedade de señores, laicos ou eclesiásticos, que os labregos traballaban durante o tempo que se establecese nos contratos forais. E tal período podía estenderse durante unha ou varias xeracións.

CAPITÁ ALANA

Os famosos foros!

365

Iso mesmo.

CAPITÁ ALANA

E no contrato entre ámbalas dúas partes quedaba especificado quen era o titular do foro e mais que cantidade da produción total tiña que chegar ó propietario.

365

Exacto. E, na liña do que comentabamos das mulleres: en moitos documentos aparecen elas en calidade de responsables do foro como consortes de seus homes. E moitas veces, finado o home, a viúva era quen seguía á fronte do foro.

CAPITÁ ALANA

Sábe-lo que? Eu íache dicir de buscarmos un Andrade... pero penso que prefiro ir falar con algunha labrega da zona...

365

Reto aceptado!

RUIDOS TRABALLOS COMPUTADORA

(FUNDE FONDO)

CAPITÁ ALANA

Atopáchela?

LOCALIZADA

365

Si! Está encantada de falar connosco!

CAPITÁ ALANA

Veña, pois imos!

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

CAPITÁ ALANA

Control: fenda dimensional.

FENDA DIMENSIONAL ABERTA

LANZAMENTO

ATERRAXE

FRAGAS DO EUME

ENTREVISTA

(VAI FUNDINDO FONDO)

MIX ULLOA 3

CAPITÁ ALANA

Seguimos de viaxe, compañeiro...

365

Vindeiro destino?

CAPITÁ ALANA

Santiago de Compostela

CONTROIS ORDENADOR

INCREMENTO POTENCIA

LANZAMIENTO

SINTONÍA!!!!!!!!!!!!

III. GUIÓNS DAS ENTREVISTAS

MAIOR DE ULLOA

BLOQUES TEMÁTICOS

1. O MATRIMONIO: RAZÓNS E CONVENIENCIA
2. PODER DE DECISIÓN
3. AMOR E PRAGMATISMO: MITO AMOR ROMÁNTICO POR QUE NON ESCOLLEU A JUAN DE ZÚÑIGA? INTERESES ULLOA? DESPUTA MONTERREI??????
4. MORTE JUAN DE ZÚÑIGA?
5. MORTE VASCO DE ULLOA A MANS DE SÚA NAI?
6. RELACIÓNS EXTRAMATRIMONIAIS
7. FILLOS ILEXÍTIMOS E RELACIÓN (TESTEMUÑO CONTRA LOPO)
8. LOGO DE DIEGO DE LEMOS

LOC: Dona Maior d’Ulloa, moi boas!

Bo día nos conceda o noso Señor.

LOC: Por que non casou con Don Xoán de Zúñiga?

Pois porque non quixen, claro está. Non era ese o meu desexo.

LOC: Hai quen di que o fixo por amor...

Por amor?

LOC: Por amor ó que sería seu home máis adiante, don Diego de Lemos, por suposto. Cando menos, iso é o que pode ficar no imaxinario popular.

A ver, a ver... o amor, no acto en si de me negar a contraer nupcias con don Xoán, pouco tivo que ver. Eu non consentín en ningún momento; nin no momento do compromiso, nin cando chegou o tempo de casar. Non foi unha escolla entre don Xoán ou don Diego, senón entre o que eu consentía e o que non nese momento. Amais, inda casei tempo despois, anos máis tarde, como ben sabe.

Bueno, por outra banda, alén da súa negativa, tamén hai quen apunta que seu pai, don Lope, non vía con bos ollos o enlace. E non o vía así porque o compromiso incluía entregar ós noivos un conxunto de terras polas que decaería a posición de “gran señor” do xefe da casa d’Ulloa... precisamente en favor do que sería seu home, un Zúñiga...

Si, xente, a da casa dos Zúñiga, se me permite a apreciación, que nunca soubo ocupar o seu lugar... Que quere que lle diga? O compromiso existitu e, efectivamente, esas terras, de se celebrar o enlace, terían pasado ás mans dos contraentes. A min, e a don Xoán de Zúñiga.

Pero isto non sucedeu finalmente. Non houbo casamento. E os Zúñiga non o puideron levar peor...

Abofé...

Esperaban que invadisen as súas terras en resposta?

Non foi algo que nos collese moi de sorpresa. O agravio que dixeron sufrir os de Zúñiga, quero dicir. Comprendiamos que podían tomar represalias ó non ter lugar o casamento. Agora ben, non pensamos que chegase don Xoán a prenderlle lume á casa de Vilamaior con meu irmán, don Sancho, dentro, e sendo inda rapaz...

**Don Sancho sobreviviu... chegou a ser Conde de Monterrei, de feito...
Quen si que morreu por causa dun lume foi o propio don Xoán...**

Ese foi o seu destino.

Non houbo man humana nese destino? Se cadra, unha man dos Ulloa?

Meu pai, don Lope, era home de honra. Non existe proba algunha de que a miña casa contribuíse no final de don Xoán, se é o que insinúa...

Non son tantas as insinuacións dos testemuños históricos contra seu pai, don Lope, por este pasamento, senón as que se presentan contra súa nai, dona Inés de Castro a respecto do pasamento de seu medio irmán, don Vasco...

Si, si... Que o matou con veneno pra que herdase meu irmán, don Sancho. Ben sei o que se conta. Cousas que se din... cousas que andan na boca da xente... coma tantas outras. E todas falsas.

O relato que se constrúe, dende logo, ten un sentido... seu pai, don Lope, tiña dous fillos dun matrimonio anterior... efectivamente don Vasco podía herdar na vez de don San.....

[INTERROMPE] Pero meu pai, don Lope, desherdouno. Por algo sería.

As propias fontes din que súa nai, dona Inés, puido ter algo que ver nesa mala relación...

Todo é culpa de miña nai, dona Inés, parece ser. Mire, eu non lle teño máis que dicir...

Alén das intrigas... gustaríame volver ó asunto do matrimonio... porque non me queda claro. Podemos dicir que vostede casou por amor finalmente con don Diego.

Teña claro que eu casei con quen consentín en casar. E esa persoa don Xoán non foi. Pouco máis lle vou dicir, se mo permite. Os asuntos do corazón dunha son namais ca dunha, como ben comprenderá. Agora ben, don Diego foi meu home e mailo pai dos meus fillos. E iso, dende logo, tenlle un valor.

En calquera caso, e, deixando dun lado o tema sentimental... o seu testemuño quedou como proba do poder de decisión das mulleres en materias coma o matrimonio na Idade Media... foi vostede a excepción que confirma a regra?

Non lle diría eu tanto... Entre branco e negro... hai moitos grises... Dependendo da familia e, sobre todo, das circunstancias en que se atopase, as fillas das liñaxes tiñan unha maior ou unha menor marxe de manobra. As grandes casas empregaban os matrimonios pra se emparentaren e engrandece-lo patrimonio dunha ou doutra familia, ou mesmo pra evitar conflitos entre si. Daquela, casar éralle pouco menos ca un acto de servizo á liñaxe. E nós, as mulleres, eramos ben conscientes.

LOC: Conflitos, di... no seu caso, precisamente, dos Ulloa cos Zúñiga...

Dos Zúñiga cos Ulloa, máis ben. Monterrei, mal que pese, pertence á casa d'Ulloa. Así é. Como lle dicía antes, hai quen non sabe ocupar o lugar que lle corresponde.

No meu tempo acotío pensamos nas mulleres nobres da súa época pouco menos que coma gando... vendidas a outras casas e sen poder de decisión, sen seren apreciadas sequera polas súas familias...

Ah, si. Isto é algo que a xente de vostede ten mal entendido. Eu por casar non perdo automaticamente o vencello nin o contacto cos meus parentes. Igual que acontece nos seus días, vaia. Marcho pra fundar a miña familia canda meu home. Pero, por que hei de deixar de apreciar e respectar a miña casa e mailos seus membros? E, deixe que lle diga, tamén, que acotío os problemas dos pais eran os xenros, e non as fillas.

Era un mundo de homes...

Era. Por exemplo, á hora de herdarmos, consideraban, e moito, nosos pais, a quen tiñamos por cónxuxe. Precisamente por iso, e pola inxerencia que puidesen presentar no devir da nosa propiedade e da casa.

E había amor nalgúns casos, nestes enlaces?

E habería. Digo eu, vaia. O amor tamén pode aparecer co tempo, canda o respecto ou o aprecio. De tódolos xeitos, eu só lle podo falar do meu caso. A min comprometéronme cando non contaba con dez anos de idade. Pouco amor pode haber aí, dende logo. E por moito servizo á familia que se queira prestar, hai ocasións nas que unha debe tomar a palabra.

Por esta narrativa do matrimonio por amor que acompaña a súa historia persoal... quen se adentre no seu percorrido vital pode ficar decepcionado ó ver que seu home, don Diego de Lemos, foille infiel...

Si, tivo dous fillos bastardos.

Don Rodrigo e don Lopo de Sober...

Si.

No seu testamento, don Diego de Lemos pídelles a tódolos seus fillos que se axuden e que se respecten entre eles... e tamén a vostede...

Si.

Pero vostede e mais dous dos seus fillos, don Lope e dona María, testifican contra don Lopo e dan conta dos delitos que cometeu mentres foi abade...

El fixo cousas que non estaban ben. Falsificou bulas e outro tipo de documentos en favor do seu mosteiro. E iso foi así.

Cre que ó seu home, don Diego, preocupáballe que ó faltar a relación entre todos vostedes non fose ser boa?

Non lle sei, tería que lle preguntar a el.

O que si que lle preocupaba, dende logo, é que vostede quedase ben coidada e asegurada...

Así foi, puiden escoller onde vivir, se na nosa residencia de Ferreira ou na de Sober, como eu quixen. E tamén pediu que se me liberasen de embargos as rendas das terras durante dous anos en compensación do que el gastou en vida...

Unha vontade de reparación...

As vidas... e as guerras... é o que teñen.

E falando de guerras... por que non caeu o castelo de Pambre?

É un castelo moi grande e moi forte. Igual cá casa d'Ulloa. Non é empresa sinxela botalo en baixo.

E vostede foi dona Maior d'Ulloa...

E tampouco é empresa sinxela botarme en baixo.

Dona Maior d'Ulloa, un pracer...

Foille o meu.

URRACA DE MOSCOSO

BLOQUES TEMÁTICOS

- 1. TODO BEN ATADO: XESTIÓN ECONÓMICA EN PRIMEIRA PERSOA**
- 2. MANADA MOSCOSO**
- 3. TERRAS CONTRA IGREXA, ALDONZA E CONCELLO DE BURÓN**
- 4. VASALOS E CRIADOS**
- 5. HOME IRMANDIÑO**
- 6. ENTERRAMENTO**

Dona Urraca de Moscoso, moi boas!

Bo día nos conceda o noso Señor.

Vostede foi unha muller que xestionou durante toda a súa vida o conxunto do seu patrimonio. E fíxoo en primeira, primeirísima persoa, se mo permite... Por que?

Si, non vexo por que ha de chamar tanto a atención. Eu coido que toda persoa que posúa bens ou rendas ha ser responsable da súa xestión.

A súa figura destaca, se cadra, pola insistencia en non deixar de lado esta responsabilidade súa mesmo tendo tido a posibilidade de facelo, de delegar.

Ai, non. Iso non o fixen nin cando faltaron meus pais, que en gloria os teña o noso Señor. Fíxese, é algo que incorporamos dende ben novos meus irmáns e mais eu. Cando quedamos sós, os catro mandamos por igual na parte que da herdanza que lle correspondera a cadaquén. O xefe da casa foi daquela meu irmán don Bernal, e todos o serviamos no que precisase, pero o que era de cadaquén era de cadaquén. E a súa responsabilidade.

Xa de casada, cando menos, no seu segundo matrimonio, con Don Pedro Osorio de Villalobos, tamén foi responsable das súas posesións de xeito diferenciado a respecto das del.

Si, iso estaba claro. O meu era meu e o del era del. Xa lle digo, eu entendo a posesión dun patrimonio coma unha responsabilidade. E xa non pra coa xente que pode depender de vostede mesma, se non pra con vostede mesma. Alén do noso Señor, do Rei e mais do home dunha, é unha mesma á que se lle renden contas. E eu esa responsabilidade a respecto das miñas propiedades xa levaba exercéndoa tempo antes de casar.

Don Pedro, por certo, dona Urraca, foi un dos líderes da Revolta Irmandiña. Loitou en Santiago contra as posesións do Arcebispo Fonseca. Tivo un papel relevante na caída

do castelo da Rocha e finou preso, acabada a revolta, en Pontedeume, nas mans de Andrade...

Foi o pai dos meus fillos. Pouco malo podo dicir del.

Chama a atención ca unha nobre da súa categoría estivese casada cun dos cabezas dos Irmandiños...

Moito lles queda a vostedes, no seu tempo, por saber da revolta... Se cadra, noutra ocasión, poderíamos falar máis longo e tendido. Pero xa lle digo que foi un conflito máis complexo do que se adoita ensinar. Só lle direi, se mo permite, que non foron os Irmandiños, nin moito menos, os únicos que loitaron contra a mitra compostelá e mailo seu centralismo. Velaí o pacto de antealtares. Velaí, sobre todo, a forza da miña casa e maila miña familia. E velaí Alonso II preso nas nosas fortalezas. E velaí o sangue de meu irmán don Bernal, que pereceu loitando as tropas de Fonseca.

Bueno, este, con don Pedro, foi o seu segundo matrimonio... en primeiras nupcias, casou con don Lope Pérez de Mendoza...

Si. Aquilo non funcionou moi ben...

El finou ó pouco, e deixoulle algúns bens en herdanza, pero...

(INTERROMPE) Pero non puiden reclamar “as arras do matrimonio porque marchei do seu lado contra a súa vontade”. Si, seimo de memoria. Deus o teña en paz, a don Lope.

Din as fontes que non se consumou o matrimonio, que non SE consolidou...

Mire, o caso é que Don Lope finou e eu casei de novo. Pouco máis lle poido dicir. Eu era noviña... e tiña as ideas claras, coma sempre as tiven. As cousas foron así. E non hai máis.

Dicía no comezo que xestionou a súa facenda en primeirísima persoa polo detalle que se desprende no texto do seu testamento. Isto de que levaba sempre con vostede un libro de contas no peto...

Ai, abofé que si. E mais outro que gardaba na miña cámara.

Diría vostede que foi unha persoa meticulosa, minuciosa neste asunto?

Bueno, dende logo, as cousas... hai que mirar ben por elas, non si? E eu fun unha persoa que quixo ter un control directo a respecto das súas propiedades... e, en fin... que poido dicirlle? Nunca se sabe cando unha vai ter que consultar que cobro ten pendente, ou que débeda toca afrontar nos vindeiros días...

Esta presenza da facenda de vostede foi algo que quixo deixar mesmo prá posteridade. Deixou dous dos seus fillos como herdeiros, a Rodrigo e a Bernaldo. O

primeiro, como voz de tódolos seus foros. Pra eles a propiedade das terras que lles legou, pra seu sobriño, o primeiro Conde de Altamira, don Lope Sánchez de Moscoso a percepción das rendas. A que se debe esta división?

A ver, como parte da liñaxe, eu nunca iría, nin permitiría que alguén fose, na contra dos intereses da casa de Moscoso, que é a miña. Foi algo que tentei inculcar nos meus fillos, pero tamén quixen que dende ben rapaces entendesen a responsabilidade da que lle falo: da xestión do que é de cadaquén. Isto, por suposto, sen dana-la nosa casa.

Tamén deixa escrito que se aveñan ben, como bos irmáns...

Porque o primeiro de todo é a liñaxe. Son irmáns antes ca ningunha outra cousa, e fillos da casa de Moscoso.

Dende logo... parece que fai parte do ADN Moscoso este sentimento, case de manada, se me permite a expresión... curiosamente levan no seu escudo de armas a cabeza dun lobo...

Eu pódolle dicir que, na miña época, tódalas familias da nosa posición miraban pola súa prevalencia... polo seu futuro e polos seus intereses. Pero si que é certo que meu pai, don Rodrigo, que o señor o teña en paz, sementou en nós, en meus irmáns e mais en min, canda miña nai, dona Xoana, que Deus a coide, un sentimento forte de pertenza, de clan... si, podería ser coma unha manada. Non todos eramos iguais, na medida en que, cando foi o momento, don Bernal ascendeu a xefatura da Casa, igual que don Álvaro no intre de faltar, pero todos iamos a unha, non sei se me explico.

Coma un equipo que segue o seu guía e que acata e axuda nas súas demandas.

Si, sen dúbida.

E falando de demandas...

Xa tardaba...

Cómpre falar das queixas de dona Aldonza Rodríguez de Ibias diante das súas maxestades, os Reis Católicos, pola ocupación, por parte dos Moscoso, das súas terras...

Si. (SILENCIO)

Que me pode dicir a respecto do episodio que denuncia dona Aldonza no que dous escudeiros de vostede a atacaron cando se dirixía a esixir esas rendas e case, segundo dona Aldonza, lle matan dous criados?

Mire, eu só lle vou dicir que os tributos desas terras levaban vindo caer ós Moscoso había xa anos. Se cadra, habería que preguntarlle a dona Aldonza por que non foi quen de explotar as súas propiedades...

Outras propiedades cuxos vasalos non quixeron pagarlle tributos foron as do Concello de Burón...

Si, alí serviran o meu sogro, don Pedro, que Deus o teña en gloria, e cando recaeron en min, as xentes non recoñeceron a miña lexitimidade... PERO a xustiza deume a razón...

A xustiza, en concreto, as leis dos Reis Católicos, déronlle as costas nun momento determinado... cando apoiaron a recuperación da facenda eclesiástica.

Perdín varios terreos en favor da Igrexa... Branderiz, Ledesma e Landoas.

Vostede, así a todo, neses momentos residía na cidade, en Santiago...

Nas miñas casas e pazos, na rúa do Camiño, si. E con tódalas comodidades ca unha dama do meu nome había gozar.

Entre elas, un amplo corpo de servintes ó que tivo en consideración no testamento...

E logo non había facer tal? Son xente que me deu un servizo, un bo servizo. Ata o final. E iso toda persoa de ben hao ter en conta.

En especial, as mulleres... a súa axuda de cámara, Tareixa Lopes de Froxomil, e tamén a dúas amas de cría, María Ares e Inés Gómez...

Dispuxen todo como pensei que foi mellor pra que a elas non lles faltase de nada.

Falamos de pagos en metálico, dalgunhas terras e, no caso doutra servinte, do gasto do casamento...

E logo non, de Leonor! E mais que puidese escoller ela as roupas que máis lle prestasen pra casar. Como lle digo, xente de ben que me serviu co nivel que se lles esixiu. E de xeito fiel.

E fiel foi tamén vostede á historia da súa familia, mesmo nas instrucións que deixou no seu enterramento. Mandou traer canda vostede a don Pedro e mais a seu fillo don Alonso, pero tamén fixo traballar na pedra da capela canda o seu sepulcro o escudo de Moscoso, pero tamén o dos Villalobos, por seu home don Pedro, e os dos Castro, Ramírez e Soutomaior por seus avós...

Todos eles fixeron parte da miña liñaxe. E eu da súa. Non podía ser doutro xeito. Eu fun dona Urraca de Moscoso.

Dona Urraca de Moscoso... mil grazas.

Grazas a vostede.

TERESA DE ZÚÑIGA

BLOQUES TEMÁTICOS

1. RELACIÓN COS IRMANDIÑOS
2. ADOPCIÓN
3. XESTIÓN DA FACENDA
4. CONEXIÓN CON CASTELA
5. ASASINATO
6. MITO MALA MULLER

Teresa de Zúñiga... moi boas...

De bo día gocemos pola graza do noso Señor.

Nunha escala do 1 ao 10... como de endiañada se considera vostede?

[ri un chisco con suficiencia] Pois sorprenderalle saber que moito menos do que se describe nos libros de historia.

O seu pasamento, non obstante, indica sen lugar a dúbidas que non tiña vostede moitos amigos...

Bueno... así a todo, cómpre saber ben a quen podemos chamar amigo. Os vasalos dunha non o son. Falamos de persoas que serven e ás que se lles garante protección en troques do seu traballo. Onde colle a amizade en tal transacción?

Non tódolos señores medievais morreron asasinados a lanzadas na praza maior das súas vilas... non todos enfadaron tanto os seus vasalos...

Era un momento complicado, como vostede ben saberá... tempos convulsos.

Vostede sabía que corría perigo ó voltar de Castela pra atender os seus asuntos en Ribadavia...

Abofé que o sabía. Por iso mesmo testei antes de marchar de Mucientes. Pero, ás veces, unha non ten alternativa. Eu tiña que vir atender a miña facenda; resolver os meus asuntos. E con máis urxencia en tal situación de axitación social. Meu home, don Diego, deixoume á súa morte como administradora do señorío ata a maioría de idade do noso fillo, don Bernardino. Era a miña obriga mirar polas propiedades e mais polo seu futuro.

A vostede matouna o pobo, pero... Hai quen se refire a Teresa de Zúñiga como «a nobre irmandiña».

[ri] Si, si, a miña relación tiven coa Revolta...

«Os pequenos e os medianos e os grandes vivamos ben e en paz e en acougo», deixou vostede escrito. Pero, eu pregúntolle, canto hai de convición e canto hai de interese nas súas verbas e mais no seu achegamento ós Irmandiños?

Permita que lle respondo con outra pregunta: acaso non resultan sinónimos eses dous termos en certas oportunidades?

Convición e interese non son o mesmo...

Pero poden funcionar do xeito máis coordinado. Verá, se unha está convencida dalgo, ten daquela interese porque tal realidade se materialice ou que repercuta en si. Porque seguramente isto traia consigo un certo beneficio. Por outra banda, se unha ten interese por algo, é que está convencida do ben que lle vai facer.

E isto, no seu caso, entendo que tivo que ver cos intereses da facenda da Casa de Sarmiento...

Dende logo. Houbo quen se quixo aproveitar da miña situación de viuvez, así que finou meu home, don Diego, pra atacar o noso patrimonio e facerse con parte das nosas posesións. Velaí don Sancho de Ulloa, don Diego de Andrade e don Pedro Pardo de Cela, que tomaron a nosa vila de Ortigueira pola forza. E iso non podía permitilo, de ningún dos xeitos.

En resposta, vostede presentou unha querela...

Era o mínimo.

Pero tamén se achegou ós Irmandiños...

Cando unha non posúe forzas dabondo, tenas que procurar ata que as atopa.

Entendo que, alén de defender o patrimonio dos Sarmiento, neste movemento cara os membros da Revolta tamén tivo en conta o futuro da súa casa. Falo da herdanza do seu fillastro, don Bernardino...

El era, e foi, o futuro da Casa de Sarmiento, e había que defender o seu porvir con todo.

Vostede, con seu home, don Diego, non tivo descendencia lexítima. Velaí a carta única da lexitimación de don Bernardino, un bastardo de don Diego.

Eu adoptei e criei a don Bernardino dende ben pequeno coma un fillo propio. E el sempre respostou ben, nunca saíu do meu mando. Os dous fomos ben próximos, como toda nai e fillo.

E que foi de súa nai biolóxica, de Úrsula, que era escrava da casa?

Fun eu a nai que coñeceu como tal. O demais non importa.

Un bastardo como herdeiro da Casa de Sarmiento, dos Adiantados Maiores de Galicia... cunha morea de inimigos entre o resto de señores... non semella un porvir moi asegurado...

Un fillo ilexítimo, malia ser lexitimado finalmente, nunca o ten doado xa de por si. E, inda menos, se se trata do único herdeiro sobre o que pode caer o peso da Casa. A iso, súmelle que ficou, como rapaz, baixo a miña titoría ata que faltei. A nosa era unha situación... fráxil, poderíamos dicir. Entenderá vostede que, coas cartas que tiñamos, procurar alianzas militares e amosar unha actitude amigable co que se estaba a cocer nas vilas e mais nas aldeas era do máis sensato.

E do máis intelixente...

Había un poder militar que estaba a espertar e que apuntaba de fronte ós nosos inimigos. Un poder, amais, que era o brazo armado do que semellaba que ía ser un cambio... ou, polo menos, un movemento que protagonizaban os vasallos. Os que nunca foran protagonistas de nada. Eu viño claro dende o primeiro momento.

E malia esas alianzas... todo rematou como rematou.

Que podo dicirlle? O noso Señor puxo unha orde nas cousas por algo. Os de riba, enriba; e os de baixo, en baixo. E isto é así, por moito que pretendamos ou que non nos opoñamos a mudalo. Cando salta unha faísca que tenta mudar minimamente este equilibrio, córrese o risco de que todo colapse. O lume que se prendeu dende as cidades e que comandaron os fidalgos irmandiños callou nos viláns de todo o país e, por suposto, do Ribeiro.

Podemos dicir que seu sobriño, don Pedro Álvarez de Soutomaior, fixo por regresar ese equilibrio á morte de vostede?

Alguén tería que vingar a Condesa de Santa Marta, non?

Correu o sangue en Ribadavia á súa chegada...

Todo un espectáculo, dende logo... Tamén correu a miña pola Praza Maior.

A carón da Praza Maior de Ribadavia quedan hoxe os vestixios do Castelo dos Condes... tamén chamado dos Deuses Sarmiento. Unhas deidades que chegaron de Castela...

Igual cós Zúñiga. Era a nosa procedencia. Os devanceiros de meu home, don Diego, foron distinguidos pola coroa castelá co título de Adiantados Maiores de Galicia. No Ribeiro amasouse un grande poder, principalmente, grazas ás ganancias das vides.

Non ha ser doado xestionar ese patrimonio...

Abofé que non. Pero faise.

No relato histórico, descríbese a súa figura como a dunha persoa ambiciosa. Implícase que quería o poder de Sarmiento pra vostede... sen lle deixar paso ó mandato do seu fillastro. Diría que o tivo aínda máis difícil por ser muller?

Cando hai poder sen señor, axiña sae quen o quere pra si. Que alguén o tome, malia que sexa por dereito, diante de quen o cobiza non é prato de bo gusto. E menos se se trata dunha muller. Xa non lle digo se esa muller ten as cousas claras e sabe o que fai.

Cre que o alcume da «endiañada» e as alusións ó seu carácter superficial e altivo son consecuencia dunha concepción misóxina?

[ri] Eu non sei de ningún señor que fose así referido, por moito mal que fixese ou por moi implacable que resultase sobre os seus vasalos.

Nas referencias históricas fálase de abusos sobre os vasalos e da toma, por parte dos Sarmiento, de terras do Ribeiro que pertencían á Igrexa...

Nin todo é tan branco nin todo é tan negro, se é o que me pregunta. Coido que se fose un home habería cousas que nunca se terían escrito sobre min... Pero tamén lle hei ser sincera: eu fun unha señora e administrei un grande patrimonio. E fíxeno coa responsabilidade e o tesón que tal mandato implica.

Arrepíntese dalgo?

Neste mundo non naceu a persoa que estea libre de ser sometida á expiación... se ben eu considero que obrei en todo momento como debín obrar. Non podo mentirlle nisto. Estiven á altura das circunstancias, coma unha Zúñiga e como a responsable dunha grande casa.

Nin deses abusos, que non me nega?

Arrepíntense acaso os homes e mulleres que afundiron as lanzas no meu corpo ou que presenciaron tal atropello coma se dunha mera escea de entretemento se tratase? Hai cousas, entendo, que teñen que acontecer tal e como acontecen. Están ben así, porque teñen un sentido. É lei de vida.

Dona Teresa de Zúñiga, a Condessa Endiañada...

[interrompe e di con sorna] E moi presumida ...

Foi un pracer.

Así foi o meu.

INÉS GARCÍA DE LOUSADA

BLOQUES TEMÁTICOS

- 1. DÍA A DÍA DAS MONXAS: ACTIVIDADE SOCIAL E ECONÓMICA ALÉN DOS REZOS**
- 2. MOSTEIRO COMO SEÑORÍO FEUDAL: ACAPARAN TERRAS E MEDRA COA XESTIÓN DELAS**
- 3. PERSOAS Ó SEU CARGO**
- 4. CREGOS**
- 5. RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS**
- 6. IMPACTO DA REFORMA**
- 7. O SEU ENCASTELAMENTO E O FIN DO LITIXIO**

Dona Inés García de Lousada, moi boas!

De bo día goce vostede pola graza do noso Señor.

Na Galiza da actualidade, ver unha monxa paseando pola rúa pode chamar a atención ó común da xente. Cando menos, ó groso da poboación máis nova. A relixión veu perdendo peso no imaxinario colectivo durante as últimas décadas, e, con ela, as persoas que lle adican as súas vidas. Un escenario moi diferente ó que se vivía nos seus días, non si?

No meu tempo a fe cubría todo. Era incuestionable. Estaba presente na fala, no pensamento, nos textos –sacros e xurídicos– e, en definitiva, até no menor detalle da vida diaria.

Era... casar ou facerse monxa?

Bueno, dende logo, eran dúas opcións de vida que se lle presentaban ás mulleres. Non a todas, por suposto. Falamos dunha escolla que se facía posible dentro dunha serie de circunstancias.

Esas circunstancias... tiñan algo que ver co estamento social ó que pertencía cada muller?

Si e non. Trátase, máis ben, dunha cuestión de posibilidade. Na nobreza, por exemplo, hai casos nos que a escolla é libre; nos que a muller elixe conforme o seu desexo. Ben ingresar, ben casar. Pero tamén hai algún no que non hai escolla ningunha pra facer unha cousa ou outra, senón mandato. Mandato familiar, normalmente.

E no caso do pobo?

Non todo o mundo podía ingresar, se é o que pregunta. Se me inquire se houbo relixiosas que non fosen de familia nobre ou fidalga, dígolle que si. Pero tamén lle teño que dicir que, no campo, toda man de obra élle pouca...

Dende a Galiza da actualidade, se evocamos a imaxe dunha monxa, pensamos nunha muller enfundada nun hábito e recluída que reza e fai pastas. Sen máis. Como se diferencia esta imaxe da súa experiencia?

Pois... irmás na cociña sempre as houbo... e nós sempre atendemos os nosos labores espirituais... pero... a vida nos mosteiros éralle moito máis.

Teño entendido que tiñan unha vida social intensa... cando menos, nos mosteiros coma o de vostede, os de monxas bieitas de finais do século XV...

A ver, había ó que atender. Mentira non lle vou contar. En Sobrado, cando menos, que é onde eu vivín, tiñamos unha relación ben fluída coas xentes de Trives. Ademais eran unhas xentes que había cousa de douscentos anos que nos prometeran servirnos coma bos vasallos, a cambio da nosa protección, claro está.

Vostedes señoreaban as terras do mosteiro... facían contratos forais... cedían as súas terras a cambio de rendas a cobraren en especie ou en cartos...

Si, fomos un dos mosteiros femininos da época máis activos na produción destes contratos. Percibiamos entre un quinto e un décimo do que colleitaban os nosos foreiros.

Pero... como chega un mosteiro a ter terras de seu pra logo cedelas ós foreiros que considerar?

O primeiro é a concesión real do couto monástico, que delimita o espazo da comunidade, así coma da nosa inmunidade. A partir de aí, tamén se nos outorgan funcións de poder público. O conxunto da propiedade vai medrando grazas a donacións ou legados testarios de xente que ten a ben pensar en nós... Pero... modestia á parte... téñolle que dicir que no incremento do patrimonio de Sobrado traballámoslle moito as abadesas canda o resto de irmás...

A que se refire?

Nós velamos sempre polo benestar da comunidade. Da nosa propia, polo de nós mesmas, vaia; e tamén, de xeito indirecto, polo dos nosos vasallos. As abadesas de Sobrado tivemos moi claro dende o comezo que tiñamos que xestionar de xeito responsable o patrimonio do mosteiro e facelo medrar na medida do posible. E así actuamos, atévome a dicir, as 15 persoas que pasamos pola guía da comunidade de San Salvador de Sobrado de Trives.

E como fixeron medrar ese patrimonio?

Pois como fan hoxe en día... os “empresarios” que lles chaman vostedes, non? Mercado e vendendo terras, cambiando unhas por outras... Sempre polo ben

do patrimonio do mosteiro, por suposto. Se había unha terra que lindaba con outra que xa tiñamos e que nos era mellor ca un souto que ficaba máis lonxe, pois collíamos e cambiabamos unha propiedade por outra. Ou iso intentabamos, vaia!

Eran unhas mulleres de negocios...

Eramos, así a todo. Ah! E sobre o que dicía de estarmos recluídas... non tal. Se había que saír do mosteiro pra algunha destas xestións, saíase. Non lle quede dúbida.

Saían vostedes... e entraba outra xente. De vostedes dependían, alén dos foreiros, toda unha serie de colaboradores, ou?

Os criados meus, os escribáns, os capeláns, os mozos e mozas de axuda... si, había ben xente, así a todo.

Tamén había cregos...

Había, e logo non había haber! Pero, iso si, estaban eles ó noso servizo. E, baixo ningún concepto, como responsables da nosa tutela... e dígolle isto porque vexo á xente dos seus días algo perdida na materia...

Dito queda! Non se preocupe. E... digo eu... cunha relación tan próxima, que entendo que a era, dunha convivencia diaria... se cadra nacía o afecto...

Eu diso non lle vou dicir nada.

Unha das principais acusacións que verteron sobre vostedes os responsables da reforma monástica dos Reis Católicos foi que mantiñan relacións afectivo-sexuais con algúns destes cregos que traballaban nos mosteiros...

De verdade, que non lle vou falar disto.

E non só cregos... tamén homes casados e solteiros...

...

Relacións das que, acotío, nacían fillos...

[Mosqueada] Quere que lle fale do fillo da miña sucesora, dona Inés de Quiroga? É iso? Pois pra iso, se cadra, tiña que tela a ela aquí en vez de a min...

Eu... só quero que me dea a súa opinión a respecto destas acusacións. E mais das comparencias das abadesas e mais das prioras que foron denunciadas por estes comportamentos no proceso da reforma...

E que quere que lle diga? Estiven eu en tódolos mosteiros galegos do século XV, Ai, abofé que non! Eu non sei que fixo cadaquén. Só sei que houbo moitas mentiras e moitos intereses cruzados. Irmás que contaron verdades que non eran tal porque, parece ser, que habían de ter moita gana de ir pra Santiago. Saberá o noso Señor por que.

Cre que todo foi infundado?

O que eu pense tanto ten.

As crianzas... as crianzas están aí.

Están. Elas quedaron. O que non quedou foi o rastro das mentiras que se xuraron, que Deus mo perdoe, como se fosen verdades. Diso non quedou nada.

Foi un proceso con luces e sombras...

Eu máis ben diría...

O grande protagonista da reforma dos mosteiros bieitos en Galiza foi Frei Rodrigo de Valencia... quen foi este persoeiro? Que pode dicirme del?

[risa de mala controlada]

Pois mire... Frei Rodrigo de Valencia, como ben saberá, foi o prior da comunidade de San Bieito de Valladolid. Tamén foi o prelado ó que as súas maxestades, os Reis Católicos, encargaron as visitas ós mosteiros bieitos galegos pra poñer orde neles conforme mandaba a reforma que estaban poñendo a andar e pra mandarnos a Antealtares. E, amais, deixe que lle diga, foi un home que tivo as ideas moi claras.

A reforma pretendeu reorganizar os mosteiros galegos... os Reis Católicos entendían que as relixiosas bieitas non seguían a regra da orde nas súas vidas...

Valencia pensou dende o comezo en nos meter a todas en Antealtares. Era a súa idea. E foi con ela ata o final. As súas maxestades falaban de mirar por nós, de nos concentrar pra que non pasásemos penurias nin fames. Tamén querían controlar a vida dos mosteiros, por suposto. Pero eles nunca falaron de nos meter a todas nun único sitio. El si. E, dende logo, o de mover do sitio ós abades ou ós priores, nin lle pasou pola cabeza. O problema eramos nós. As relixiosas.

No seu caso, Valencia non tivo moito éxito...

Abofé que non. Así que asomou por Sobrado canda as súas xentes, as nosas defendéronnos. Con paus e pedras, con todo o que tiñan. Non querían que marchásemos por nada do mundo. Nin nós de alí.

**Valencia non puido levala de Sobrado... agredírono ata que marchou.
Como viviu ese momento, o do seu encastelamento?**

Ai, EU NON ÍA MARCHAR DE ALÍ. Eu iso tíño claro. Sobrado era o meu sitio. E as irmás tamén o sabían. Igual cá xente d'arredor. Non tiña xeito marcharmos e, menos, pra nos meteren en San Paio de Antealtares. Que perderamos nós alí? Foi un acougo ver como respostou Sobrado. Apoiáronnos dende o primeiro momento.

Por toda Galiza houbo abadesas e prioras que se encastelaron, como foi o caso de vostede; outras que fuxiron pra non compareceren diante das acusacións... e outras que optaron pola vía xudicial...

E iso último tamén o comezamos a facer en Sobrado. Non quedou outra. A miña sucesora, dona Inés de Quiroga, que foi a derradeira abadesa de Trives, litixiou máis de 20 anos con Roma. Pero non houbo forma.

Dona Inés rematou aceptando unha renda vitalicia de 15.000 maravedís e fica en Sobrado a cambio de renunciar ó seu cargo como abadesa...

E inda aguantou... a presión foi moita e durante moito tempo... ela fixo o que puido, coma outras que intentaron evitar o inevitable ata o final. Pola miña parte, nada que lle dicir.

De alí en diante, San Salvador de Sobrado de Trives foi tan só un priorato dependente de Antealtares...

Rematou sendo, si. Pero, antes, Sobrado foino todo...

LOC: Dona Inés García de Lousada... mil grazas.

Grazas a vostede.

MARÍA RODRÍGUEZ

BLOQUES TEMÁTICOS

- 1. ESTADO DE ÁNIMO (PERCEPCIÓN MÁIS POSITIVA)**
- 2. RUTINA XORNADA LABORAL E DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO**
- 3. ECONOMÍA DE SUBSISTENCIA E NIVEL DE SATISFACCIÓN CON ESA VIDA NO CONTRATO FORAL**
- 4. ABUSOS PODER ANDRADE (vila Ferrol reguenga)**
- 5. VIOLENCIA SEXUAL: DENUNCIAS**
- 6. LIBERDADE MULLERES DENUNCIA... LIBERDADE PRACER...**
- 7. OUTROS TIPOS DE PRACER... CONCEPTO LECER E FESTAS**

LOC: María Rodríguez, moi boas!

Bo día nos dea o noso Señor.

LOC: Que tal, como se atopa?

Ben, ben, así a todo. Xa algo cansa pola barriga, pero ben.

LOC: Ai! Está vostede avanzada... Cando está previsto que chegue a crianza?

Non ha quedar máis dunha lúa, polo San Miguel habemos ter connosco o pequeno. Ou a pequena, claro.

LOC: Bueno, que marabilla! Remata o vrau e vén o neno! Entendo que a barriga non lle permitirá traballar moito na terra...

Abofé... nestes días xa me fun retirando ó casal, a mirar da horta e mais da casa, por se se dá, que o noso Señor non o queira, que veña antes tempo...

LOC: Medidas de precaución, non si? Polo neno...

Iso é. Amais, así tamén estou con miña sogra, que xa anda nos cincuenta anos, que o Señor nola conserve todo o tempo que se lle poida pedir... e ten falla dalgunha axuda pra mirar pola casa.

LOC: Pero, de normal, vostede traballa canda Martín, seu home, igual ca el, na terra, ou?

Si. Tódolos días. Traballamos os dous todo o que podemos. E, antes de casare, fixen o mesmo canda meus pais. Agora, como lle digo, quedo máis no casal. E logo, cando naza o pequeno e mentres non se valla por el mesmo, quedarei traballando máis preto del.

LOC: Esa horta de vostedes é pró consumo da casa, ou?

É.

LOC: E na terra, que se cultiva?

Pois depende da época, claro. No inverno sementámo-lo trigo, pola Pascua xa recollemos algunhas froitiñas... e logo do vrau, pra cando chegue meu soliño, é a vendima, claro.

LOC: Élle ben de traballo, así a todo. Canto lle dan ó seu Señor?

De normal, un terzo do que colleitamos. Do resto sacamos pra nos manter durante o ano, pra irmos ó muíño e mais polos recados e así.

LOC: Polo xeral dálles pra vivir, quedan contentos co foro?

Bueno, iso depende. Depende de como veña o ano. De se chove máis ou de se chove menos... por como afecte o tempo á colleita, vaia. Pero, en fin, por moi malas que veñan, de normal seica hai sitios onde lles aperta ben a necesidade... mesmo a fame. Nós, pola graza de Deus e mais do noso Señor, non imos mal.

LOC: Se cadra con isto métoa nun compromiso, pero... como é o seu Señor Andrade? É unha xente boa?

E... meu Señor é meu Señor... eu pouco podo dicir...

LOC: Tampouco o coñeces en persoa, ou?

Eu, a verdade é que non. Meu pai dixo que coñecera, que vira pola vila dunha vez, o Señor de antes, Don Fernán, “o Mozo”, que lle chamaban; pero eu o meu Señor Don Diego nunca o vin. Eu pódolle dicir que non se fala mal del. Disque é home temeroso de Deus e ben esforzado.

LOC: Se cadra... en Ferrol non pensan o mesmo. Alí protestan contra os abusos dos Andrade diante da súa Maxestade e todo... non queren renderlles contas... Falan dunha actitude opresora.

Bueno, pois que protesten. Eu pouco lle entendo diso. A ver, dende logo, eles, os señores, son eles. E nós, somos nós. Eu teño a miña vida e mailo meu home e mailo meu casal. E mentres me deixen tranquila, traballando, vivindo... eu pouco máis lle teño que dicir... pouco máis podo facer...

LOC: Algo tentaron facer os Irmandiños, ou?

Ai, aqueles, ben a armaran, si señor. Aquí arderon varios castelos, non só en Pontedeume, quero dicir, tamén caeron o de Moeche e mailo de Naraío, por exemplo. Eses dous están algo lonxe d'aquí mesmiño pero inda fican nas terras do noso Señor Don Diego –nese momento, de Don Fernán–.

LOC: E cambiou algo?

Eu era nena pequena aínda. Meus pais contan que a xente tiña medo por como voltarían os señores logo do asunto. Pensaban que facerían pagar os labregos en bágoas e sangue o que desfixeran os Irmandiños. Os señores, así que todo rematou, quixeron reconstruí-los castelos, pero o noso Señor Don Fernán disque non se botou en vinganza de riba de nós. Cando menos, teño isto entendido...

LOC: Loitou moita xente... algunhas fontes falan de 80.000 persoas...

Moita xente, si, iso si que o sei. Pero quen mandaba... quen mandaba non eramos nós, así a todo.

LOC: Comandaban os fidalgos...

Si. E algunhas cousas fixéronas ben. E, outras... non tan ben. En calquera caso, xa foi. Xa non hai Irmandiños.

LOC: Volvendo ó tema das protestas de Ferrol diante do Rei... Algúns destes abusos dos que falan os viláns son cara as mulleres... no país hai exemplos dalgunhas que denunciaron agresións e que foron consideradas como demandantes...

E, así a todo, se lles fixeron mal, ben fan en denunciaren o home que llelo fixo, ou?

LOC: Abofé.

Pois iso. As mulleres coma min estamos pra servir, igual cós homes de noso. Pero mire ben o que lle digo: se hai algúns que lles fan mal, terano que pagar, digo eu. Non somos burras pra nos zouparen, nin pra nos faceren connosco o que lle antolle a un home.

LOC: Vostede coñece algún caso de agresión sexual?

Eu sei dalgunha mociña casada nova que foi tomada por un mal home que non era o seu, que Meu Deus me perdoe. E iso non pode ser de xeito ningún. A muller só ha xacer con seu home tal e como marca o noso Señor. E iso ten que ser así, e téñeno que respectar elas, seus homes, e mailo resto de homes.

LOC: Bueno, tes unha idea moi clara ó respecto, dende logo.

É que non hai outra.

LOC: E que pasa coas mulleres que xacen con homes fóra do matrimonio?

Ai, iso élle pecado, que Deus mo perdoe.

LOC: Pero... habelas, hainas... algunhas din que o pracer non pode ser pecado.

Hainas, abofé que as hai. Cousa delas, dende logo. Xacer co home ha ser labor pra isto que levo eu dentro, no meu ventre: prá chegada dos fillos e mais das fillas. Eu dígolle as cousas como son; e iso dígolle que é pecado.

LOC: E o pracer?

Iso é o de menos. Tamén lle digo, que o home, por ser home casado, non deixa de ser home.

LOC: Tamén se pasa ben logo de pasar pola Igrexa?

Eu non estou na casa de toda a xente, pero, non vexo por que non.

LOC: E falando doutros tipos de pracer... Acotío a xente da miña época pensa que na Idade Media estabades todo o día traballando e chorando. Isto é así?

Vaia ho! E iso non ha ser vida nin ha ser nada! Pero esa xente de vostede que pensa?

LOC: E pensa que con tanta Igrexa á que ir rezar e con tanta terra que labrar... pouco tempo había quedar.

Ai, mima! E logo as romarías? E as festas do San Martiño, e do San Miguel? E mailo Entroido? E maila Pascua? E o San Xoán?

LOC: Ai, teñen onde escoller, así a todo...

Temos, ho! As épocas do ano márcanas o tempo das colleitas e mailas festas. Así como llo digo. E inda se pasa ben cos cantos e coa xente e cos veciños d aldea e da parroquia! Se cadra, quen xa non o pasa tan ben serán vostedes...

LOC: Dende logo, nos meus días tamén hai xente triste.

Xente triste e alegre, como é o mundo. O seu e mailo noso.

LOC: María Rodríguez, mil grazas polo seu testemuño.

Grazas a vostede! Que vaia ben se Deus quere!

IV. TEXTOS DOS INDICATIVOS

O podcast no que as señoras medievais falan con voz propia

Narrado por Iria Ramos, Xoel Poy e Paula Cantelar

Coa colaboración especial de

- Antía Montes
- Lorena Castro
- Lara Salgado
- Carlota Álvarez
- Laura Rodríguez

no papel de

- Maior de Ulloa
- Urraca de Moscoso
- Teresa de Zúñiga
- Inés García de Lousada
- María Rodríguez

Escrito, dirixido, producido e montado por Iria Ramos.

ADESORA: As Mulleres Alén das Alcobas

O podcast no que as señoras medievais che falan con voz propia

ADESORA

- EPISODIO 1
- EPISODIO 2
- EPISODIO 3
- EPISODIO 4
- EPISODIO 5

- **Maior de Ulloa: Non ao Compromiso**
- **Urraca de Moscoso: Facenda e Liñaxe**
- **Teresa de Zúñiga: Rexencia da Mala Muller**
- **Inés García de Lousada: Pecado de Resistencia**
- **María Rodríguez: Vida e Lecer dende o Casal**

CADERNO DE BITÁCORA

- **Entrada primeira**
- **Entrada segunda**
- **Entrada terceira**
- **Entrada cuarta**
- **Entrada quinta**

ACCESO CONCEDIDO

- Na procura de Maior de Ulloa:
- Na procura de Urraca de Moscoso:
- Na procura de Teresa de Zúñiga:
- Na procura de Inés García de Lousada:
- Na procura de María Rodríguez:

Espectro localizado. Ateraxe nos Torrentes de Mácara.

Espectro localizado. Ateraxe na Praza de Cervantes de Santiago.

Espectro localizado. Ateraxe na distribuidora vitivinícola do Ribeiro.

Espectro localizado. Ateraxe nas festas patronais da Pobra de Trives.

Espectro localizado. Ateraxe nas Fragas do Eume.

FENDA DIMENSIONAL PECHADA

FENDA DIMENSIONAL PECHADA